OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ

XESÚS FERRO COUSELO

VIDA E OBRA

CADEMIA
EGA
RUÑA
025
eca

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1996

EXP

REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
37025
Biblioteca

R 7631

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

12 6609

OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT INNOVAT
Biblioteca

XESÚS FERRO COUSELO

VIDA E OBRA

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1996

ISBN: 84-87987-05-2
Depósito Legal: C - 651 - 1996
Gráficas do Castro/Moret
O Castro. Sada. A Coruña. 1996

Edición subvencionada polo Excmo. Concello de Valga.

Cuberta:
Debuxo de Ferro Couselo por X. Illa.

FERRO COUSELO
(1906 - 1975)

LIMIAR

A peripecia vital de Ferro

Non é fácil facer un resumo da vida de D. Xesús Ferro Couselo, dado que, se non longa, foi dunha grande intensidade e fecundidade nas actividades variadas que exerceu.

Naceu Ferro na parroquia de Sta. Comba de Cordeiro, Concello de Valga, provincia de Pontevedra, o 30 de xullo de 1906, na casa patrucial do Novaíño, coñecida tamén como a «data tres coroas», alusiva ós cregos que nun intre dado saíron dela, dos cales foi figura senlleira o seu tío, o historiador e Beneficiado da Catedral de Santiago, D. José Couselo Bouzas.

Esta casa fora fundada na segunda metade do século XVII polo Alférez da Compañía de Cordeiro, Francisco Buzeta de Lemus, fillo do tenente-xuíz da mesma xurisdicción, Pedro Buzeta de Lemus, antepasado dos Couselo Bouzas.

Foron os seus pais D. Gumersindo Ferro Barreiro, Depositario do Concello de Valga, xuíz de paz e perito agrícola, que andou de emigrante uns cinco anos en Bos Aires, persoa con fama de íntegra, austera e recta, con preocupacións sociais vencelladas á formación dos sindicatos agrarios católicos e que morre no ano 1947, e D.ª María Couselo Bouzas, morta no ano 1940.

D. Xesús é o primoxénito de seis irmáns e dende moi neno inapetente e facareño. A mordedela dun can quebrantoulle a saúde e por iso recibía coidados agarimosos da súa nai, coa que estaba estreitamente identificado.

A súa infancia e primeiras letras desenvólvense no ámbito familiar e no parroquial. Asistiu ás escolas do Forno, do D.ª Carlota e á do Coxo, en Canle, nas que se practicaba a dura disciplina da época.

No ano 1918, ós 12 anos, pasou a estudiar ó Seminario de Santiago, onde fai toda a carreira eclesiástica, doutorándose, sen ordenarse, en Sagrada Teoloxía na súa Universidade Pontificia no curso 1929-30.

No ano 1926 comeza a simultanear estes estudios cos da Facultade de Filosofía e Letras, Sección Historia, como alumno do ensino non oficial, da Universidade Literaria. Ós 25 anos obtén o Grao coa cualificación de Sobresaliente e expídeselle o título o 21 de decembro de 1931.

Simultaneamente, aguilloado polo seu tío, entra no ano 1929 no

Seminario de Estudios Galegos no que presenta, ó que cremos, o seu primeiro traballo de investigación «A batalla do cabo Sicié».

Rematados os estudios e non inclinado á chamada relixiosa inculcada pola súa nai, comeza a dedicarse á docencia, tarefa que despregará ata pouco antes do seu pasamento.

A súa primeira actividade neste eido ten lugar na cidade de Vigo, onde exerce como profesor colexiado do «Colexio Apóstol Santiago» da Compañía de Jesús, dende outubro de 1931 ata febreiro de 1932, no que, disolta a Compañía, pasa ó «Colexio Labor» dende febreiro de 1932 ata novembro de 1934. Ó mesmo tempo exerce no «Colegio San José de Cluny» no curso 1932-1933.

Desde outubro de 1933 ó mesmo mes do ano seguinte, foi Axudante interino, gratuíto, do Instituto Nacional de Vigo.

As amizades de Santiago nos seus tempos de estudiante e o seu convencemento íntimo levárono a participar en moitos actos e a ingresar nas Mocidades e no Partido Galeguista na Asemblea do 7 de nadal do ano 1931, celebrada no Hotel Madrid da cidade do Teucro. O carné do Partido conservaráo ata que en Madrid ten que entregalo como aval para salvar a un amigo. En Vigo estaba en contacto cos grupos galeguistas e cristiáns progresistas cos que manterá vínculos permanentes, sendo o promotor dalgúns mitins de Castelao e Núñez Búa no seu Cordeiro natal, como lembra o seu irmán Manuel, participando nos Utreias e nas Mocidades Galeguistas, onde aparece como Vicepresidente 2.° dunha mesa na III Asemblea celebrada en Ourense no abril do 36 e tamén como coautor dun relatorio ó par de Xaime Illa Couto e Ramón Piñeiro.

Os cristiáns progresistas están representados pola Asociación Nacional Católica de Propagandistas de Vigo, na que figuraban, tamén, Manuel Cabada Vázquez, poeta e logo Director do Instituto de Medina de Ríoseco, Nicasio Guisasola Domínguez, Deputado a Cortes, Arturo Cal Camiña, Doutor en Teoloxía por Comillas, Javier Navarrete de Donesteve, Doutor en Dereito e pronto malogrado, e Tomás Santoro Iglesias, tamén avogado.

No ano 1933 concorre ás oposicións de Filosofía de Instituto en Madrid, nas que, superado o exercicio eliminatorio e outros dous, aparece despois como eliminado, ó parecer por vinganza política dado os seus antecedentes católicos.

Logo da etapa de Vigo pasa a «en lo cultural, durmiente ciudad de Tuy» (segundo di nas súas Memorias) e é nomeado por O.M. do 15-X-1934 Profesor encargado de curso, interino, de lingua latina do Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Tui, título que se lle renova o 18 do mes de outubro de 1935.

Nesta cidade empeza a desenvolver unha intensa actividade cultural que será a pauta de toda a súa vida. Funda e dirixe a Revis-

ta TVDA, dos estudiantes do Instituto. Nela manifféstase o seu pronto interese pola cultura galega e pola sementeira de inquedanzas esculcadoras da nosa terra na xuventude á que ensinaba.

Paralelamente a esta actividade política, de investigación e docencia, é activo membro do «Colegio de Doctores e Licenciados» de Santiago entre 1932 e 1936 e seguirá mantendo relación en Madrid e en Ourense buscando sempre a mellora da actividade docente e de formación dos profesionais, dos planos de estudio e contidos temáticos.

En xuño do ano 1936 pasa a Madrid para voltar a opositar a catedrático de Filosofía de Instituto, ó igual que o fará a súa compañeira Pilar Delgado Piñar, profesora de Historia, tamén, no Instituto de Tui, por medio da cal coñecerá á súa irmá, M.ª Teresa coa que casará ó remata-la guerra.

Na capital de España sorpréndeo a Guerra Civil e vese obrigado a permanecer nela durante toda a contenda en condicións moi precarias.

Aloxouse, primeiro, na pensión de D.ª Trini, na rúa do Espello, á que ían tódolos estudiantes de Tui nas súas estadías en Madrid. O fillo da mentada dona, oficial da Secretaría da Real Academia de Farmacia, Antonio Rivera Monserrat, proporciónalle un carné da CNT, co que podería circular xa con menos perigo e que lle servirá de trampolín na súa fulgurante carreira política, axudado indirectamente pola persecución de que era obxecto por galeguista no propio Tui, novas que chegaron a Madrid moi cedo.

Cando o Goberno da República, para a súa maior seguridade fixa os seus reais en Barcelona, instala varias delegacións ministeriais con amplísimas facultades de goberno, mesmo a de facer nomeamentos, Ferro é enviado como Secretario Técnico no nome da CNT con verdadeiras funcións de Subdelegado ó Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes. El axuízado así: «Mi nombramiento aunque no muy grato para mí, y, realmente peligroso, se lo debía al Sindicato y a la Federación Local, que pretendían tener así un fiel vigilante y custodio de las esencias confederadas, en tan debatido Ministerio».

Con todo, non se libra das persecucións doutras faccións políticas.

Pronto ha de pasar a outra pensión na rúa do Limón, da que tamén ten que saír ó atopar un día na porta unha nota anónima na que lle dicían que non durmise alí aquela noite, pois ían a por el. Seguindo o consello, pasa ó Hotel Laris, na rúa de Serrano, onde de novo ten que escapar polos tellados, avisado por dous camareiros de que o andaban a buscar. Finalmente, un amigo procúralle unha vivenda en Dr. Esquerdo ata o fin da Guerra.

As súas actividades en Madrid son moi variadas e van dende a loita permanente pola súa vida ata a axuda a moitos perseguidos, de tódalas ideoloxías e clases sociais, proporcionándolles alimentos, me-

dicinas, postos de traballo e canto podía estar na súa man. Algúns deles non souberon agradecerlle os seus esforzos e o perigo en que puña a súa propia vida.

De todo iso poderían falar, por exemplo, os «Gaiteiros de Montes», ós que lle facilitou o paso a Francia en misión cultural co obxecto de que puidesen pasar á súa terra, como así sucedeu e do que Ferro tivo coñecemento por unha contrasinal na radio; ou o enxeñeiro D. Daniel de la Sota, ó que pillou a guerra en Madrid a onde fora para solventar uns asuntos da Misión de Lourizán, e a quen lle proporcionaba un cigarro nas visitas que lle facía ó Ministerio. Tamén puido salvar a un capitán de enxeñeiros, fillo dun xeneral amigo e compañeiro de D. Daniel, sorprendido nun intento de evasión polas augas do Teixo e sometido a un esperanzador sumario no lugar do inevitable sumarísimo; ou a M.ª Teresa Cotarelo, filla do profesor de Literatura da Universidade de Madrid, D. Armando Cotarelo Valledor, á que lle proporcionou un carné da CNT e un posto de traballo de mecanógrafa co fin de así poder salva-la extraordinaria biblioteca de seu pai, desterrado coa súa familia en Levante. A algún amigo enfermo conseguiulle o traslado a un Instituto de Valencia, onde había máis alimentos. Os exemplos consignados nas súas Memorias poderían seguir.

Tamén fixo o que estaba na súa man na defensa do patrimonio artístico, inda que naquel intre non eran asuntos da súa competencia. Xunto con Sánchez Cantón, Matilde López Serrano e o galerista Macarrón, puxeron demoras, consultas, atrancos e dilacións co fin de atrasa-la saída das pinturas do Museo do Prado para Rusia. O pretexto era que as embalaxes deberían de ser moi coidadas e non se podían facer ás présas. Tan ben o fixo Macarrón que deu tempo a que chegasen as tropas franquista para evita-la saída.

Desempeñou diversos cargos profesionais e políticos nesta época:

Ocupou cargo sindical no Comité Central do Sindicato Único Provincial da Ensinanza de Madrid, simultaneándoo co da docencia de filosofía en Instituto.

Foi nomeado Profesor do Centro de Preaprendizaxe e Especialidades polo Comité de Ensinanza Media do «Sindicato de Enseñanza» o 8.1.1937.

Formou parte da «Comisión Organizadora del Instituto para Obreros» de Madrid, do que foi secretario en 1938 e no que realizou un eficaz labor educativo como profesor.

O 6.1.1939 pasa a prestar servicio como profesor de Filosofía no Instituto Nacional de 2.ª Ensinanza «Pérez Galdós», de Madrid.

Foi Delegado da «Sección de 2.ª Ensinanza no Comité Central» e, por último, Delegado na «Federación Local», a proposta de D. Manuel Rodríguez Paredes, Licenciado en Filosofía e Letras, Arquiveiro do Concello de Chamartín de la Rosa.

Foi nomeado pola Federación Local Secretario da Delegación do Ministerio de Instrucción.

Esta etapa da súa vida foi moi dura, chea de perigos, mais de dedicación plena ó ben alleo, como o mesmo Ferro o reflecte nidiamente nunha tarxeta que envía os seus pais o 28 de marzo do ano 1939, ó remata-la guerra. Di así:

«Al fin se han acabado vuestras preocupaciones por mi suerte. Ya podremos vernos y comunicarnos frecuentemente.

No sé cuál será mi futuro, tal vez halagüeño. Mi pasado ha sido enteramente digno. Hoy lo he enterrado.

Sólo puedo deciros por lo de ahora, porque sería muy largo en mi relato, que nadie maldecirá mi nombre, sino al contrario. En los puestos donde por las circunstancias y con una mira superior logré situarme no procuré otra cosa que aliviar el dolor de los demás. He vivido mucho y sufrido también mucho, no por mí, aunque me ví expuesto a serios peligros, sino por tantos a quienes he procurado ayudar en su desgracia. Os lo digo para vuestra satisfacción».

Acabada a guerra civil non lle foi doada a vida na nova situación. En Tui fora obxecto de expediente de depuración baixo as acusacións de galeguista, separatista e faccioso, ó que responde despois do final da Guerra nunha estadía en Valga a finais de xullo de 1939. Fai unha rápida viaxe a Tui co fin de recolle-las súas pertenzas e en dúas ocasións néganlle o saúdo moitas xentes. Sae ben parado gracias as declaracións favorables de persoas coas que mantivera estreita relación persoal, como D. Daniel de la Sota.

De novo en Madrid, intenta opositar á cátedra de Filosofía de Instituto no ano 1940, mais non acada o certificado de depuración esixido ó estar aquí tamén sometido a expediente.

Acadouno ó fin e fixo oposición ó «Cuerpo Facultativo de Facultativos de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos»; rematounas o 2-VI-1941 e é destinado a Ourense ó «Archivo de la Delegación de Hacienda» acumulando as vacantes da Biblioteca e o Museo Arqueolóxico.

Encamiñada xa a súa vida, casa con M.ª Teresa o 3 de xullo do mesmo ano, formando un feliz fogar do que nacerán, andando o tempo, os seus fillos Xesús María e M.ª Teresa.

Cesa ó ano seguinte na Biblioteca ó chegar unha nova funcionaria e segue no Museo practicamente ata o ano 1944 en que un novo funcionario se fai cargo del. Será titular do Arquivo da Delegación da Facenda e do Histórico, creado no ano 1943, ata o ano 1957 (O.M. 7-V-1957), en que por reforma do cadro de persoal pasa ó Museo como titular, levando os Arquivos como acumulados ata o ano 1969 en que se fai cargo deles unha nova funcionaria.

O Museo, salvo algúns momentos en que o ocuparon algúns funcionarios, dirixiuno dende 1957 ata a súa morte.

O mesmo tempo, é nomeado Xefe da Biblioteca do «Instituto Nacional de Enseñanza Media» de Ourense, o 16-III-1942.

Paralelamente exercerá a docencia, sendo nomeado encargado de curso interino de cátedra de Latín por O. M. do 24-X-1942. No 15-VI-1959 é nomeado Profesor adxunto numerario de Filosofía de «Institutos Nacionales de Enseñanza Media» no mesmo Instituto, cargo que ocupará ata que o tivo que deixar ó se pór en vigor a Lei de Incompatibilidades, dous anos antes do seu pasamento.

Estas foron as ocupacións de Ferro como funcionario do Estado, pero inda tivo tempo e azos para dedicarse a outras múltiples e variadas actividades que imos a analizar brevemente máis adiante.

Cos membros da Xeración Nós: Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas e co seu epígono, Xaquín Lourenzo, mantivo unha estreita relación intelectual e de amizade, asemade con outros moitos, como Taboada Chivite, Rubén García, Laureano Prieto, etc.

No ano 1950 foi cofundador da Editorial Galaxia, constituída por un grupo de intelectuais militantes do galeguismo, e formará parte do seu Consello de administración ata o seu pasamento. Ó se constituír máis tarde a «Fundación Penzol» para pór ó servicio dos estudiosos a Biblioteca e as coleccións arquivísticas de que dispuña, foi tamén membro do seu Padroado, converténdose nun valioso colaborador nas dúas entidades para contribución e xusteza das súas opinións.

En Ourense realiza as actividades propias de funcionario e participa activamente na renovación cultural da Cidade cos membros de Nós e outros membros de asociacións culturais.

A OBRA

A figura e a obra de D. Xesús Ferro Couselo representan unha contribución impagable e inesquecible á cultura galega de tódolos tempos, inda que a súa obra en galego estivo condicionada polos seus antecedentes galeguistas e polo feito de ser un funcionario do Estado baixo sospeitas durante a época franquista que lle tocou vivir. Estes feitos poderían explica-lo porque da súa escasa producción en lingua galega en comparanza coa escrita en castelán.

A súa obra está fortemente arraigada na súa formación humanística e interdisciplinar que acadou no Seminario, na Universidade e nas profesións que exerceu.

Á súa chegada a Ourense exercitou unha intensa actividade no arquivo e como conservador do Museo, institucións que dirixiu de

xeito ininterrompido dende finais do ano 1941 ata 1969, na primeira, e dende 1957 ata o seu pasamento, na segunda.

Como arquiveiro creou o Arquivo Histórico Provincial no ano 1943, sacando das moreas de papeis ciscados polo chan ou polos andeis do Arquivo da «Delegación de Hacienda» a documentación procedente das antigas oficinas de Facenda dende o século XVIII (entre ela sobrancea o Catastro de Ensenada), a incorporada á Nación como consecuencia do proceso desamortizador de Institucións eclesiásticas do século pasado (arquivos dos mosteiros, conventos e ordes militares, con documentos dende o século X) e a que a mesma Facenda xerou nese contexto en todo o século XIX.

Toda esta documentación que tivo que ler papel por papel e pergamiño por pergamiño, organizouna e escribiuna en fichas sen a penas axudas. Deste xeito, como dixo Cuevillas no discurso de resposta ó ingreso de Ferro na Academia Galega: «...os vellos documentos ourensáns tiñan pasado a categoría de lembranzas subconscentes e só volveron ao plano da conciencia cando o seu novo rector os obrigou a saír das camadas fondas en que durmían, por virtude dunha actividade ininterrompida de varios anos, dunha tenacidade de home desta terra, e dunha abelencia, tino e disposición especial de predestinado».

Mais non se detivo na súa tarefa de salva-lo patrimonio documental, senón que prosegue enriquecendo o arquivo con incorporacións tan importantes coma o arquivo do Concello de Ourense, con documentos medievais dende o século XIII; a documentación da Audiencia Provincial do Xulgado de 1.ª Instancia; a documentación das Contadurías de Hipotecas, etc.

Preocupouse tamén por acadar documentación privada de familias de forte raigaña en Ourense, coma o arquivo do Marqués de Leis, documentos dos Méndez Montoto, Boán, etc.

Mais moi cedo o local do arquivo da Delegación da Facenda ateigouse e non podía albergar máis documentación. Ferro, entón, xestionou a compra polo Estado do vello pazo episcopal no ano 1951 para Arquivo e Museo. Acondiciónao e instala o Arquivo, que daquela se inaugura no ano 1964 como un edificio modélico.

Xa con máis capacidade, incorpora os Protocolos notariais da provincia e canta documentación de interese histórico podía atopar de calquera xeito.

Ó mesmo tempo, organizou toda a morea de documentación e describiu as diversas series en catálogos e inventarios que inda hoxe están a servir e a ser utilizados.

O labor de difusión da documentación do Arquivo concentrouno principalmente na publicación de fontes documentais, nun intre no que a publicación de fontes medievais en Galicia non era frecuente: «A vida e a fala do devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI», publicada no ano 1967, representou un fito

na historiografía galega, en especial para os medievalistas. Nela adiantouse ás correntes historiográficas de hoxe en día, tratando de face-la historia, non de grandes personaxes, senón do pobo, da vida cotiá. Esta obra contén nos seus dous volumes publicados 604 documentos procedentes dos Arquivos Histórico Provincial de Ourense, do Arquivo Diocesano e do Arquivo Histórico Nacional de Institucións eclesiásticas de terras de Ourense e do concello da cidade. A súa transcrición é deliberadamente non paleográfica. Dubidou moito nese punto, mais, co natural desgusto dos filólogos, triunfou o seu innato afán divulgador.

É moi de lamentar que esta obra, que tiña en mente que fose a base dunha historia de Ourense e de Galicia, non a puidese rematar por atrancos a que se viu sometido no acceso a certo arquivo e tamén polas súas xa escasas forzas. O terceiro volume debería tratar da documentación do Cabildo da Catedral, duns fragmentos das «Siete Partidas», da interpretación e comentario e dos diferentes índices.

Non esquecía tampouco outras fontes relativas a Galicia que se atopaban noutros arquivos españois e portugueses. Do seu traballo nos últimos é unha mostra a transcrición, no ano 1960, do Tumbo de Fiães, que se atopa no Arquivo Distrital de Braga. Comprende un conxunto de documentos dos séculos X ó XIV dese mosteiro situado na beira esquerda do río Miño, preto de Melgaço, fundado no século IX e restaurado no século XII polos monxes do Císter. É unha obra de singular importancia para Galicia, pois nos dá abundante información sobre a zona sur de Galicia e norte de Portugal, relacións co mosteiro de Celanova, etc.

Como divulgador nato, espallaba os seus coñecementos entre os investigadores, ós que xenerosamente lle abría novas fiestras e camiños nos seus traballos, gracias ó coñecemento que posuía das fontes documentais galegas e portuguesas. Moitas tesiñas foron dirixidas e ata redactadas por el.

O Museo de Ourense, que fora creado pola Comisión de Monumentos no ano 1845 e que reuniu cadros e outros obxectos artísticos e arqueolóxicos procedentes dos conventos desamortizados, viviu unha accidentada vida pola falta dun local propio. Os traslados a que se viu sometido provocaron a perda e dispersión de moitas pezas, ata tal punto que a Comisión de Monumentos se ve obrigada a ofrecerllo ó Estado. O Ministerio de Educación faise cargo das pezas no ano 1938 e encoméndalle o Museo ó «Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos» ó ano seguinte. Ferro, á súa chegada a fins do ano 1941, ocuparase del como acumulado e, tras certos intres en que o levaron outros funcionarios, tomaráo ó seu cargo como titular, definitivamente, no ano 1957 ata a súa morte.

Dende o primeiro intre decátase da urxente necesidade de acadar un local para aloxa-los obxectos dispersos. Lógrao como xa dixemos,

no ano 1951 e a súa tarefa principal será a habilitación do antigo pazo episcopal e tratar de enchelo de novas pezas, unha das súas grandes preocupacións, por medio de compras, achádegos e escavacións, incautacións, procedentes de roubos, etc. Ó fin, no ano 1968, tras oito anos de obras, o Museo abre as súas portas de xeito definitivo e co seu continuado esforzo convérteo nunha realidade aberta a todos, nun centro de educación xeral e nun fogar dos investigadores.

O Museo será para Ferro e para os ourensáns unha das súas grandes realizacións, ó revitalizalo e potencialo.

Proseguiu coa inventariación e catalogación dos obxectos e publicou a Guía do Museo pouco antes do seu pasamento.

O seu labor de espallamento da información do Museo era unha das súas preferencias, tanto a nenos das escolas e do Instituto, en visitas dirixidas por el, coma a investigadores e outras xentes. Proporcionou noticias, datos e orientacións ós que procuraban información para as súas pescudas. Orientou vocacións e aguilloou a cantos principiaban a traballar en calquera eido da cultur galega.

Utilizou con frecuencia a prensa para dar a coñecer achádegos, doazóns, compras de pezas ingresadas no Museo e para denuncia-lo que consideraba prexudicial para o mesmo. Neste eido podemos lembra-la defensa sen concesión que fixo ante as pretensións de derrubar unha das fachadas do Museo co gallo de amplia-la rúa e potenciar comercialmente aquela zona. Este triunfo, que lle ocasionou moitos desgustos, nunca llo pagaremos abondo os ourensáns.

Outra das pezas que defendeu con uñas e dentes foi a Tessera hospitalls, aparecida no ano 1970 no Castromao, ante a pretensión de levala para o Museo Arqueolóxico Nacional: «pasarán polo meu cadáver», dixo daquela, e aquí quedou.

Como investigador diversificouse en eidos moi diversos, tocou temas de historia xeral, dende a prehistoria ata a historia contemporánea, historia da arte e das ciencias instrumentais da historia, coma a filoloxía, toponimia e onomástica, a paleografía e a diplomática, a arqueoloxía, a etnografía, a antropoloxía, a xenealoxía e a heráldica, sen desdeñar outros eidos coma a apoloxética ou a teoloxía.

Tratounos na súa tese de doutoramento, en monografías, artigos en revistas científicas e mesmo en artigos-ensaio de xornal e en conferencias e charlas.

Como historiador segue a liña científica marcada por Villaamil e Castro, dotado de grandes dotes de ambientación, e por López Ferreiro, sobranceiro nas súas múltiples monografías polo seu rigor, o seu criterio e a súa preparación para a historia e nas ciencias auxiliares da mesma. Por iso buscou sempre o documentar rigorosamente os traballos, nos que non cabían nin a fantasía ou a retórica nin as historias románticas. Pretendeu descubri-lo verdadeiro senso do pro-

ceso sociocultural e histórico galego por medio da investigación pura, rigorosa e sistemática.

Nunha entrevista que lle fai Salvador Lorenzana no ano 1956 (Galicia Emigrante, n.º 24, outubro 1956) confésalle que a súa idea é chegar a forma co tempo eficientes equipos de investigadores, labor que consideraba indispensable, pois o fenómeno das personalidades illadas tende a desaparecer pola súa mesma limitación. O estudio histórico require anos de preparación e unha paciente e teimuda vida de consulta. Nalgúns casos, o labor dun home só é continuada por un número escaso de seguidores que puxeron o seu mellor afán en remonta-los traballos iniciados polo primeiro. Nembargantes, a realidade mostra na maioría dos casos que este labor illado se rompe coa morte da personalidade que a fixo posible. A investigación histórica será tanto máis fecunda canto maior sexa a amplitude da organización duns equipos que se sucedan complementándose.

Este soño non o chegou a acadar. O tempo que lle tocou vivir, de escaseces presupuestarias, non deron para máis. Faltou o elemento humano e o económico.

Así mesmo propugnaba que había que recolle-lo maior número de datos e de fontes históricas vivas (etnográficas, filolóxicas, folclóricas, etc.) ou escritas coa finalidade de conseguir unha historia composta conforme ás novas técnicas historiográficas que sería bo sacar á luz unha revista especialmente dedicada á publicación de fontes e monografías históricas, que servirían para a preparación da historia xeral.

Seguindo este pensamento investigou en moitos arquivos españois e portugueses, tanto nacionais coma locais. Nalgún intre, con Otero Pedrayo, con miras á publicación da Historia de Galicia, patrocinada por D. Manuel Puente, en Bos Aires.

Foi, precisamente, Secretario da Comisión dirixida por Otero Pedrayo para escribi-la Historia de Galicia, da que só sairía o primeiro tomo, porque Ferro se desmarcou da parte que se lle encomendara (a idade media) ante a pretensión proposta de non afondar no tratamento dos temas.

Moi cedo interesouse polos problemas dos petroglifos, no que o acompañaba o seu irmán D. Manuel, cóengo da Catedral de Santiago, Verbo deles presentou a súa tese de doutoramento no ano 1946 na Universidade de Madrid, acadando a cualificación de sobresaliente dun tribunal por D. Armando Cotarelo Valledor, como presidente, D. Carmelo Viñas Mey, D. Antonio García Bellido, D. Santiago Montero Díaz e D.ª Matilde López Serrano.

A tese «Petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia» representa unha aproximación ó problema dos gravados rupestres na que utilizou fontes documentais arquivísticas medievais e modernas (apeos, tumbos, foros e outra documentación monacal) o

que lle permitiu afronta-lo tema cunha metodoloxía novidosa, dando unha clara atribución dalgúns temas da arte rupestre ó medievo, mais ó facer unha xeneralización desta conclusión a tódalas gravuras deu pé a moita polémica entre os investigadores, pois para os expertos supuña unha revisión total dos conceptos entón vixentes sobor deste problema histórico recollido no «Corpus Petrogliphorum», de Sobrino Buhigas.

Con todo, mantéñense en pé dúas contribucións moi importantes: o valor de termo dos sinais e o feito de se manter coma tales ó longo do tempo —polo menos dende a Idade Media ata a Moderna— e a utilización sistemática da documentación arquivística como método de estudio do mundo antigo. Pola contra, a interpretación exclusiva das insculturas coma medievais non é admitida polos entendidos.

Nos Petroglifos xa mostra a súa preparación filolóxica, materia na que era un experto e pola que sempre mostrou predilección. En ámbolos dous artigos expuxo a súa opinión sobor o significado e a orixe de diferentes palabras, como «Vemposta», que fai vir de «man posta» que o señor puña no lombo dos homes a quen quería favorecer, ou «Arousa», «Torres do Oeste», «Salnés», etc.; os topónimos «Grou, Grove, Grova, Tombo e Teriñuelo», os primeiros alusivos non a xentilicios, senón a unha ave do norte de Portugal, ou a soutos e fragas, e os segundos a túmulos e mámoas.

Á «Compostala» e á «arca marmórica», dálle a significación non de campo da Estrela, senón a de cemiterio, seguindo a teoría exposta por Amor Ruibal no ano 1909 e refugando a de Portela Pazos, seguidor de Pierre David.

Tamén deu resposta á orixe doutros topónimos e hidrónimos galaicos e estudiou a relación da onomástica cos romances e libros de cabalerías. Mostra como a carón de nomes medievais van aparecer nomes de heroes das novelas de cabalerías, como Lanzarote, Tristán, Esplandián, Xenebra e outros.

Un dos traballos máis fermosos relacionado co galego é o artigo «Cómo e porqué os escribanos deixaron de empregar o galego», publicado nun libro de homenaxe a Otero Pedrayo.

É un artigo moi orixinal que trata de explica-las razóns polas que o galego que se usaba normalmente na escritura durante a Idade Media, se deixara de escribirse a partir do século XV.

As causas, segundo Ferro, foron varias: As guerras que sostiveron os reis de Castela cos señores galegos, polo que aqueles enviaron a Galicia xentes da súa confianza que viñan de fóra, falaban castelán e ocupaban cargos de alcaldes, xuíces, correxidores, cóengos, abades, bispos, etc. Tamén a presencia de señores de fóra coma os Zúñiga, Biedma, Sarmiento, Enríquez, Pimentel, etc. cos seus criados e recadadores que non falaban galego.

Outra causa foi que no ano 1480, á petición dos procuradores de

Toledo, se promulgou unha lei para que non se concedese título de escribán a ningún, se antes non pasaban exame e acadaba a licencia do R. Consello. Como dende entón os escribán se examinaban fóra de Galicia tiñan que aprende-las fórmulas en castelán.

Un tema da súa especial preferencia era a historia eclesiástica e monástica, o estudio do monacato, das igrexas, das ermidas e da diócese auriense.

«A eirexa suévica no século IV» suscita, a partir do Parrochiale Suevicum, do século VI, e seguindo a interpretación de Pierre David sobor da Igrexa de Galicia e Portugal, varias cuestións tocantes á organización parroquial e diocesana na época sueva, sobor da cristianización de Galicia e sobor das reminiscencias do paganismo, causa, segundo Ferro, de que prendese o priscilianismo tan profundamente aquí, e trata, principalmente, da orixe da diócese auriense, xurdida, a mediados do VI a expensas da de Astorga, como expón P. David, o que pode determina-la orixe da propia cidade.

En «Monjes y eremitas en las riberas del Miño y del Sil» preséntanos unha relación de mosteiros e igrexas situadas nas beiras dos cursos medio e inferior dos ríos Miño e Sil, coa data da fundación, a filiación monástica e a súa evolución (integración e dependencia doutros mosteiros).

Para el, a Ribeira Sacra abranguía unha extensión territorial moito máis ampla cá que sostiñan outros autores, pois, segundo el, ía dende Lugo a terras de Viana, no Bibey, ata Os Peares e dende a confluencia dos dous ríos, Miño e Sil, ata Tui.

Outros moitos artigos publicados en xornais e en revistas locais inciden neste tema con finalidade divulgadora, para concienciar ós lectores con vistas, moitas veces, á defensa do patrimonio artístico, fortemente ameazado naqueles anos.

Outro tema recorrente nel é o do urbanismo da cidade de Ourense, intimamente relacionado coa actividade realizada na defensa do patrimonio e da promoción turística. Sobracean «Valores y posibilidades turísticas... de Orense» e «Visión urbanística del Orense antiguo». Nestas obras fai un percorrido polas rúas e prazas, salientando os principais monumentos e paisaxes urbanas con comentarios suxestivos e evocadores. O segundo artigo supón unha contribución, inda non superada, ó coñecemento da cidade ourensá dende os tempos máis remotos ata hoxe e entronca coa proposta que no seu día fixo ó Ministerio de Cultura para declarar Conxunto Histórico Artístico o núcleo vello da cidade cunha zona de reserva total e outra intermedia, en contacto co Ourense novo, sometido a certas condicións de actuacións. Na elaboración do plano de delimitación contou coa valiosa axuda de J. C. Rivas Fernández. A finalidade era frea-los desaguisados que se estaban a facer e salvar moitas cousas.

Estivo tamén interesado no mundo da arte, á que lle dedicou moitos estudios sempre con contribucións inéditas.

Como historiador da arte, trata este aspecto como un feito histórico, polo que o seu estudio entra de cheo dentro do eido da historia xeral do home e da cultura. Por iso moitas veces non se detén no valor estético e morfolóxico da arte, inda que o coñece, o utiliza e o valora, senón que a miúdo o profundiza documentando as obras e inscribíndoas dentro dun contexto interdisciplinar.

A metodoloxía destes traballos sitúa ó seu autor entre os investigadores que manteñen unha concepción da historia da arte baseada nos testemuños documentais.

Comeza tratando os restos e monumentos do prerrománico (mosteiros de Oira e Requeixo e a capela de Sta. Catalina de Reza a Vella) e máis adiante as fiestras do Mosteiro de Bembivre, en Viana. Logo escribe monografías sobor o convento de Sto. Domingo de Ourense, no que amplía o traballo do P. Aureliano Pardo.

De estimable valor é «Las obras del convento e iglesia de Montederramo en los siglos XVI y XVII», no que estudia as obras e os arquitectos e mestres, dando a coñece-lo contrato da obra da igrexa co mestre de cantería Pedro de la Sierra, as tallas do capítulo e do coro, identificando ó autor, o escultor portugués Alonso Martínez de Motancha, mestre de Francisco de Moure.

Na obra «La Capilla y Santuario del Santísimo Cristo de la Catedral de Orense», modelo de monografía, estudia, coa colaboración de Joaquín Lorenzo Fernández, a Imaxe do Cristo, de mediados do século XIV, a lenda da súa orixe e a fundación do bispo D. Vasco Pérez Mariño, a devoción, a confraría, a capela, a administración de bens e alfaias e as imaxes e os cadros.

As incursións que fixo no mundo contemporáneo son moi cativas, mais García Lombardero as considera naquel intre, os anos corenta, como un oasis dentro da seca científica da nosa historiografía.

En «Constitucionales y realistas: Los comuneros de Valdeorras» estudia de xeito documento un momento histórico moi axeitado e confuso sobor da Revolución de 1820 en Ourense. Neste artigo uns expedientes de rehabilitación do título de avogado nos anos que seguiron á restauración do absolutismo, logo da intervención dos «Cen mil fillos de San Luís», son o pretexto para explica-los antecedentes do primeiro liberalismo e a actuación dos chamados comuneiros de Valdeorras e a represión empregada polos absolutistas contra os simpatizantes da causa liberal no Trienio.

Na primeira parte, máis innovadora, trata o problema social da Galicia da Idade Moderna, como antecedente do movemento liberal. Nela analiza o estado social de Galicia nos séculos XVII-XVIII que compara a unha revolución de fidalgos, pois o movemento liberal na nosa terra tiña o campo abonado en gran número de fidalgos, que

non vían ben as riquezas e privilexios dos mosteiros, xa que aqueles, para vivir e soste-lo honor das súas linaxes tiñan que facerse foratarios ou pedir vara de xustiza ós abades e, sen escrúpulos, procuran facerse coas terras. Tamén salienta o antagonismo entre mosteiros e clérigos, enfrontados pola percepción dos dezmos e polas disputas xurisdiccionais. Non esquece tampouco os abusos cometidos polos señores laicos, posto que considera o seu señorío máis gravoso para os campesiños có dos propios monxes.

Na segunda parte analiza os anos do «Trienio Liberal» no que se agudizan as tensións internas como consecuencia da actuación dos liberais españois no proceso revolucionario que se inicia coa invasión francesa. O descontento da Igrexa ó Réxime desemboca na formación de partidas de facciosos nas que participa de xeito activo o alto clero, que trata de coordina-los seus esforzos coa creación da Xunta Apostólica dirixida polo bispo de Mondoñedo.

Asemade, sinala a falta de colaboración do campesiñado no proceso de consolidación do primeiro liberalismo, inda que sen afondar niso algo que preocuparía á historiografía posterior.

Noutro traballo, «El canónigo compostelano Ribadeneira, Oidor y Regente de la Rota Romana. Su correspondencia con el obispo de Orense D. Dámaso Iglesia (1827-29)» estudia a orixe do coengo, da fidalguía de Chantada (Casa Grande de Loureiro), que chegou a bispo de Valladolid e morreu ós 86 anos, en 1856.

A correspondencia do Auditor Ribadeneria co bispo de Ourense, natural de Redondela, mostra a comunidade de ideais entre os dous e a devoción sen límites a Fernando VII. A correspondencia transcende o marco do familiar e moitas cartas son unha animadísima reportaxe da Roma papal dende 1827 a 1829. Nelas entrevese datos de interese histórico para penetrar nas entrañas da política vaticana daqueles días, que, ó amparo da Santa Alianza, foron excepcionalmente tranquilos, tralos azarosos e terribles da Revolución Francesa e as guerras napoleónicas e do trienio liberal en España.

Outros temas que lle interesan son os da nobreza e fidalguía e en relación con ela os asuntos de heráldica, xeneraloxía, do mesmo xeito cós lugares de residencia, fortalezas, torres e pazos.

O seu primeiro traballo coñecido é un pequeno estudio sobor dos papeis existentes na casa dos seus pais dun antepasado seu, D. Patricio Castiñeiras, nado na Casa do Novaíño, en Cordeiro, no ano 1725, militar de profesión, morto no mesmo lugar no ano 1785. Entre os seus papeis figuran cartas e memorias sobor da batalla naval de Siclé, no porto de Tolón, onde a armada inglesa bloqueaba a escuadra francoespañola con dezaseis navíos. Pero da a coñece-lo escrito do Capitán coa súa versión da batalla, que non coincide exactamente coas publicacións historiográficas. Non afonda máis porque o seu

propósito era só publicar unha nova fonte para o estudio daquel feito.

Este manuscrito de Ferro, inédito e incompleto, está datado en Santiago o 6 de febreiro do ano 1929 e foi enviado o Seminario de Estudios Galegos co gallo do seu ingreso nel.

A deliciosa obriña «La torre de Quitapesares y el Duque da Arjona» sírvelle de pretexto para falar da fidalguía dos Marceo, a través dun dos seus membros que foi paxe do Duque.

Tamén segue a traxectoria doutras linaxes coma os Guadalupe, dos que o mestre Juan foi físico dos Reis Católicos e outros membros médicos e boticarios na rúa Nova de Ourense e en Castro Caldelas nos séculos seguintes. Os Armada estúdiaos para comentar aspectos do pazo da familia levantado na rúa do Eirociño de Ourense e o seu escudo da fachada.

Dos Boán, «*Gente llana con ventura*», fai un estudio máis e fálanos dos enxendros documentais fabricados por D. Pedro Fernández de Boán y Landecho, autor da falsa Historia de D. Servando, un dos falsos cronicóns de Galicia, co gallo de ennobrece-las escuras orixes da familia, e do pazo levantado na Praza do Ferro e dos seus escudos.

Atraeuno, asemade, o mundo portugués da idade media, coma consecuencia das investigacións que fixo nos arquivos portugueses e da asistencia a diversos congresos na nación irmán.

Sobor do nacemento do reino de Portugal, en «A Rainha Dona Tereixa, fundadora e primeiro Rei de Portugal» lembra a figura de D.ª Tereixa, fundadora e primeira raíña de Portugal, feito que a historiografía oficial lle nega así como que o papel da infanta para a que lle foi creado o condado que ela converteu en reino e do que o seu fillo D. Alonso Enríquez conseguiu o poder traizoando á súa propia nai.

As relacións entre institucións españolas e portuguesas a través da propiedade e da xurisdicción de certos enclaves dunha e outra beira da raia trátaos en «O Couto de Ervededo. Encrave de Portugal em Galicia» e en «Monte Córdoba, Priorato de San Rosendo de Celanova en Portugal», no que pon o lugar de nacemento de San Rosendo.

No artigo «La cuestión de la limpieza de sangre» analiza un escrito do Papa León X (1513-1521), existente nun manuscrito da Biblioteca Nacional de Lisboa, no que expresa o pensamento do Pontífice no problema dos xudeus conversos e, no fondo, da Inquisición española, que repugnaba ó espírito profundamente humano deste Papa, a propósito da negativa do bispo de Leiría de darlle a posesión da igrexa de Ourem a un sacerdote letrado e virtuoso, proposto polo Duque de Bragança, mais cunha avoa convertida á fe católica había cen anos.

Mostrou, por último, moito gusto polo *artigo-ensaio*, forma sen-lleira no mester do xornalismo e que practicou nas colaboracións coas

revistas locais e xornais, programas de festas do Corpus e mesmo nas conversas radiofónicas.

A temática é case sempre histórica e artística ou turística. Especialmente recorrente son os dedicados a urbanismo, ás orixes ou as posibilidades turísticas de Ourense. Todos eles son breves e condensados ensaios, literariamente moi ben construídos, baseados en investigacións de primeira man, mais sen referencias eruditas de notas, e que marcan vieiros para esculcas máis profundas. Algúns inda hoxe non foron superados nin foron obxecto de reconsideracións.

Latexa en moitos a idea de divulgación e da defensa do patrimonio histórico, considerándoo non coma deleite duns poucos eruditos, senón como medio para conciencia-las administracións e a sociedade da necesidade da súa conservación como ben que debería ser.

Abundando nisto colaborou en series nas que curtos comentarios históricos acompañan a debuxos de Conde Corbal ou a fotografías ou debuxos de monumentos ou obras de arte nos que engade novos datos non coñecidos.

Mais a obra de Ferro non se reduciu ás actividades propias dun home mergullado no mundo dos arquivos e dos museos e mesmo da investigación, senón que realizou unha inxente actividade cultural fóra deses ámbitos, xa en relación cos círculos intelectuais formados por escritores, periodistas ou mesmo artistas (pintores, escultores, etcétera), coma resposta ás súas inquedanzas intelectuais.

Foi protector dos artistas, ós que proporcionou xenerosamente as instalacións da sala de exposicións do Museo. Pintores, escultores, debuxantes, etc., hoxe de prestixio internacional movéronse ó seu redor nas súas primeiras actuacións (Quesada, Virxilio, Conde Corbal, de Dios, Baltar e Buciños e tantos outros que farían moi longa a súa enumeración).

Estendeu tamén o seu interese ata a radio, organizando un programa que se chamou *hora radiofónica*, na que pretendía ofrecer ós oíntes información e datos de tipo histórico.

Como *conferenciante* tratou temas de arqueoloxía e da historia, sen menospreciar outros como a teoloxía e a apoloxía no Instituto de Tui, no Instituto de 2.ª Ensinanza de Ourense, no Colexio das Carmelitas, nas sociedades culturais e científicas, como o Tennis Club de Tui, o Liceo, o Orfeón, a Agrupación Cultural Auriense, o Colexio Médico, etc., en Ourense, tamén en outras cidades como Vigo.

Frecuentou os Congresos Internacionais portugueses con relatorios e comunicacións escritas en portugués (Congreso de Etnografía e Folclore. Braga. 1956. Congresso Histórico do Portugal Medievo. 1959, etc.).

Foi moi salientable o seu labor de divulgación cultural a través das excursións de grupos numerosos moi heteroxéneos que percorrían as provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra e mesmo capitais por-

tuguesas tódolos domingos dende o mes de marzo ata o de novembro, dirixidos por Ferro.

Esta concepción das excursións (hoxe chamariámoslle ecoturismo) ten os seus antecedentes nas que realizaban os compoñentes da Comisión Provincial de Monumentos nos anos finais do século pasado e primeiros do actual, de grupos máis reducidos e con fins científicos que se publicaban no Boletín da Comisión de Monumentos. Os membros da Xeración Nós seguiron os seus pasos en excursións arqueolóxicas, etnográficas, artísticas, etc., mais ás excursións promovidas por Ferro asistían xentes moi diversas, dende artistas ata historiadores e arqueólogos, pasando por profesionais diversos e xentes afeccionadas e con ansias de aprender.

A promoción das excursións facía, principalmente, polo medio das asociacións, tanto de Posío, nos anos 50 e 60, coma da Auriense, na etapa na que Ferro a presidiu.

Nesta actividade, herdeira das promovidas pola Institución Libre de Ensinanza, que na súa época revolucionara co seu sistema pedagóxico a educación científica e humanística, engadíndolle actividades deportivas, Ferro adiantouse ó desenvolvemento do turismo rural, que supón un paso adiante na difusión e aproveitamento económico dos bens culturais.

Sobresaíu tamén no labor de *recuperador e defensor da lingua galega* nun intre que non era doado.

Comezou a súa vida de escritor utilizando a lingua galega, como podemos ver nas súas publicacións anteriores á Guerra Civil. Despois deste período, atopou dificultades a atrancos para o seu uso e retraeuse un tanto ó non seren as circunstancias políticas e os seus antecedentes os máis axeitados. Co tempo, comeza unha serie de actividades de promoción a través de conferencias, artigos, actuacións na radio local, clases en galego, etc.

Decatábase de que os ataques contra a lingua galega eran, na realidade, contra a nosa identidade e a nosa personalidade diferenciada e era partidario de que se lle dese unha normativa, pois a súa evolución fora alterada e deformada polas modas casteláns, conservada pola poboación rural sen normas e as alteracións que isto lle producía había que depuralas, inda que sempre tendo en conta as fontes escritas medievais, que tamén tiñan que ser depuradas das reminiscencias dos latinismos e castelanismos inda pouco fixados. Non rexeitaba rescatar da lingua portuguesa unhas poucas palabras esquecidas por nós ou que tiveron pouca vida trala separación de Portugal.

No ano 1963, Ferro, con Manuel Gómez Román, subscribe a moción dirixida á Real Academia Galega por Francisco Fernández del Riego para celebrar cada 17 de maio, en lembranza da publicación dos Cantares Galegos de Rosalía, da que nese ano se celebra o cente-

nario, unha xornada de exaltación e recuperación da identidade de Galicia baixo o nome de Día das Letras Galegas.

Como cristián, quería que a Igrexa non quedase na marxe da cultura galega, ideais polos que viña loitando dende longo tempo.

No ano 1965, xunto con outros, conseguiu a autorización do bispo Dr. Temiño para celebra-la misa en Galego na Capela do Santo Cristo da Catedral, misa que inda hoxe se segue a celebrar e á que asistiu ata a súa morte.

Nese mesmo ano é un dos que subscribe un escrito dirixido ó Ministerio de Educación e Ciencia na procura de que a lingua galega poida ser ensinada nas escolas e institutos, promovendo a formación dunha comisión técnica e de estudio que o fixese viable, comisión que se concretou pouco despois nun Grupo de Traballo dentro da Secretaría General Técnica do Ministerio, no que Ferro tivo un valioso papel de orientación e información, segundo se desprende da correspondencia con Manuel Vidán, representante de Galicia, no ano 1969.

Paralelamente ás propostas, no curso 1967/68 imparte clases de galego no Instituto en horas non lectivas a un pequeno grupo de alumnos, coa axuda de Ogando Vázquez, e na Auriense, unha das primeiras actividades que organizou foron uns cursiños en galego dos que foi tamén profesor Blanco Amor.

Na Cámara de Comercio, xunto con Otero Pedrayo, imparte un curso aberto para xentes moi variadas, do que xurdirán tertulias e asociacións culturais.

No ano 1966 estará presente no Seminario Didáctico de Lingua Galega, convocado pola «Asociación Cultural de Vigo», que se celebrou na Fundación Penzol coa asistencia de Ben-cho-sey, Illa Couto, Ferrín, Franco Grande e doutros ensinantes.

Fixo a corrección de 1.490 topónimos da provincia de Ourense xunto con Taboada, Xaquín Lourenzo e Cid Rumbao por encargo da Comisión Provincial de Información, Turismo e Educación Popular no ano 1970.

Colaborou coa Comisión Interdiocesana para liturxia en lingua galega, da que era Presidente D. José Cerviño, Bispo Vicario Capitular de Santiago.

Interviu na radio no primeiro programa que se fixo en galego co xornalista Platero. Sen embargo, a contribución máis importante será a publicación da escolma de documentos en galego «A vida e a fala», da que xa falamos antes.

Foi, por outra banda, *promotor e colaborador de revistas culturais e científicas*, pois as consideraba un inapreciable medio de expresión e de divulgación cultural. A primeira actividade neste eido desenvolveuna en Tui, na etapa de profesor de Instituto. Alí creou e dirixiu a

revista TVDE, publicación mensual dos alumnos de bacharelato, que vai dende abril do ano 1935, no que saíu o número 1, ata o ano 1936. Nela colaboraron, entre outros, o profesor de Debuxo Prieto Coussent e os alumnos, os irmáns Alvarez Blázquez e Pedro Díaz. É unha das revistas pioneiras da nosa terra, seguindo a traxectoria do Boletín da Comisión de Monumentos e da Revista Nós, con artigos en galego. Hoxe constitúe unha verdadeira rareza bibliográfica.

En Madrid, durante a Guerra Civil, foi a alma do xornal da CNT «Orientaciones», no que comezou levando unha sección fixa, chamada «Inocencias», no ano 1937, para máis tarde redactalo case integramente.

Xa en Ourense, colabora no Boletín da Comisión de Monumentos ata a súa desaparición no ano 1960.

Paralelamente crea, cos seus colaboradores Cuevillas, Risco e Xaquín Lourenzo, o «Boletín do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense», que abrangue dende o ano 1943 ata o 1951 e do que saíron seis números nos que se recollen traballos de investigación histórico-arqueolóxica e que ó mesmo tempo era noticiario do Museo.

No ano 1951 dirixe a «Revista Posío, Arte y Letras», publicación mensual con 25 números que chegan ata o ano 1954. Substituíu outra revista chamada «Posío», revista literaria da que só saíran 4 números. Ferro fixo nela un labor de divulgación cultural e de exaltación dos valores monumentais e paisaxísticos de Galicia.

Xa no ano 1971 saca á luz un dos seus maiores empeños, o «Boletín Auriense. Arqueoloxía, Historia, Etnografía», subvencionada xenerosamente pola Fundación Pedro Barrié de la Maza e como publicación do Museo Arqueolóxico e do Arquivo Histórico. Foi director del ata o seu pasamento, continuando hoxe a súa andaina con 25 números. Abrangue tódolos eidos do saber e é o verdadeiro continuador do Boletín da Comisión de Monumentos.

Tamén colaborou en numerosas revistas: Logos, BCMO, Compostellanum, Boletín Mensual da Sociedade de Lingua Portuguesa, Grial, Fin de Semana e en xornais como La Región, La Noche, Faro de Vigo, Hoja del Lunes, Diario de Pontevedra, El Pueblo Gallego, Vida Gallega, etc.

Servíronlle de base a estas publicacións as asociacións políticas ou culturais ás que pertenceu ou que creou e dirixiu, como a CNT, en Madrid, ou a Asociación Nacional Católica de Propagandistas, en Vigo, ou o Grupo «Marcelo Macias» do Museo, no ano 1941, a Editorial Galaxia, dende 1950, ou a Asociación Cultural Auriense, da que foi presidente dende o ano 1967 ata 1973.

REMATE

A obra de Ferro é inmorredoira e marca un fito na historia de Galicia, mais a súa vida tivo o seu remate o día 23 do mes de abril do ano 1975, tras unha longa doenza do corazón, que non afectou á súa inxente actividade.

Sabía que tiña os días contados, como presaxia nunha carta en latín, dirixida ós seus amigos Paco del Riego, Ramón Piñeiro e Olga Gallego ó fin do ano 1974.

Foi unha das personalidades máis complexas do seu medio, atraída por diversas chamadas da historia e da cultura galega. A todas elas deu resposta rigorosa, penetrante e aguda.

Foi un pensador profundo e un rigoroso e sistemático investigador cunha formación teolóxica, humanística e interdisciplinar.

Gustaba de traballar só, en esculcas serias e profundas, mais, ante todo, de espallar xenerosamente os seus coñecementos con afáns de divulgación. Galicia era a profunda raíz que o alimentaba e que lle daba azos na súa vida.

De todo o dito dedúcese a altura intelectual de Ferro, mais é de xustiza salienta-la súa personalidade humana, de perfís nidios.

Foi conselleiro e asesor de amigos e de estraños sen distincións de clases ou de ideas, tanto nas investigacións científicas coma nos problemas persoais, con rectitude e sinceridade e sempre con profundo respecto, as máis das veces en detrimento do seu tempo e do seu lecer.

A súa honestidade e integridade eran proverbiais, coñecidas, respectadas e valoradas por todos. Era enérxico e inflexible no cumprimento de seu deber e ante toda inxustiza. Era sincero e honrado a carta cabal. Era un dos galegos bós e xenerosos.

Galicia e, especialmente Ourense, tiña unha impagable débeda con Ferro, tanto pola súa valía humana coma polo seu enorme labor cultural, e a Real Academia Galega reconoceuno ó dedicarlle este ano á súa figura.

CARGOS E HONRAS

Cruz da Orde Civil de Alfonso X el Sabio. 18-VII-1951.

Académico de número da Real Academia Galega. A súa recepción tivo lugar nun acto celebrado no mosteiro de Celanova o 16-IX-1951. O seu discurso versou sobor da personalidade e obra do historiador D. Mauro de Luzón Castellá Ferrer.

A resposta correu a cargo de D. Florentino López Cuevillas, que falou de Ferro como docto teólogo filósofo e historiador, dotado de

condicións moi pouco frecuentes para a investigación histórica. Sinala a necesidade de escribir unha nova historia de Galicia e a Ferro coma un dos principais colaboradores desa empresa.

Académico correspondente da R. Academia da Historia. 20-VI-1960.

Académico correspondente da R. Academia de Belas Artes de San Fernando. 1961.

Vocal correspondente da Comisión de Cultura do Centro Galego de Madrid na provincia de Ourense. V-1963.

Premio de Colexiado Distinguido do Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e en Ciencias do Distrito Universitario de Santiago. 1971.

Encomenda de Alfonso X el Sabio. 18-VII-1971. Foille imposta no nome do Rector da Universidade de Santiago por D. Ramón Otero Pedrayo no mes de xullo do ano seguinte no Instituto de 2.ª Ensinanza.

Fillo adoptivo de Ourense por resolución do Concello de Ourense do 6-IV-1979. A proposta foi feita o 25-IV-1975, sendo alcalde Riestra París.

O 17-V-1979 o Concello de Ourense adicoulle unha placa conmemorativa de bronce na fachada do Museo Arqueolóxico.

Bolseiro de honra do Colexio Menor da Xuventude 'Calvo Sotelo'.

Pertenceu a numerosas comisións, xurados, etc.

Foi secretario do Patronato 'Rosalía de Castro', presidido por Otero Pedrayo. Os estatutos foron aprobados polo Ministerio da Gobernación no ano 1948. No Hotel Compostela de Santiago tivo lugar o día 30 de decembro, a constitución da primeira Xunta de Goberno.

Vocal do Xurado para a concesión do Premio Nacional de Literatura 'Rosalía de Castro', convocado polo Ministerio de Información e Turismo e do que era presidente D. Ramón Otero Pedrayo. 1967.

Membro da Comisión de 'Ordenación y Defensa del Medio Ambiente y de los Valores Históricos y Culturales', do Consello Económico, Social e Sindical de Galicia. Santiago. 1974.

Encargado da Sección de Historia Antiga da Grande Enciclopedia Galega. 1972.

Vocal da Xefatura Provincial de Defensa Pasiva. 1948.

Delegado do Patrimonio Nacional.

Delegado de Belas Artes.

Vicepresidente da Comisión Provincial de Monumentos.

Delegado Provincial do Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e Ciencias do Distrito de Santiago. 1944.

Presidente do Sindicato de Ensino.

Vocal correspondente pola provincia de Ourense do Centro Galego de Madrid. 1963.

Relator dos servicios de cultura de Arquivos, Bibliotecas e Museos, no Consello Económico Sindical de Galicia. Febreiro de 1973.

Colexiado nos Colexios Oficiais de Doutores e Licenciados:

— Dende 1931 - 1936 en Santiago.
— Dende 1936 - 1942 en Madrid.
— Dende 1942 - 1970 en Santiago.

Secretario do Colexio Oficial de Doutores e Licenciados da provincia de Pontevedra de 1932 ata 1936.

Deputado pola sección de Letras do Colexio de Santiago.

TEXTOS (*)

(*) Respetouse a grafía orixinal dos mesmos.

O XÉNESIS E AS PRIMEIRAS DISPERSIÓNS DOS POBOS

3.—A dispersión de Sinâr. (1)

É o Xénesis en primeiro lugar unha histórea do pobo e prô pobo. Iste non ademitiría outra que a sua desbotase, pois non de outra maneira fan as sociedades que viven fortesmente afincadas âs suas tradicións. Nos primeiros capíduos do Xénesis, que é onde mais craro se atopa o antropomorfismo do que de abondo levan falado os críticos racionalistas arrecéndese mais que en ningures a narrativa popular. O pobo, pois —que cando de il se fala non se entende dos sábeos— maxínase a Deus coma un ser superior que de un xeito milagreiro, anque humán, leva o cabo aquiles feitos que sobrepuxan a capacidade dos homes, e ansi fai aparescer a Deus coma un home con pasións tamén humáns. Moisés, anque inspirado, recollía do pobo e pro pobo, e o seu xeito tiña que acomodarse.

No relato da dispersión babélica vese moi en craro iste dobre infruxo do pobo no historeador. O infantilismo do relato ansí parez indicalo, o que tído en conta poderá expricarnos frases que no seu propio senso teñen algunha dificultade.

Mais eu penso que o relato da dispersión é do mais incompreto, xa sexa porque o autor, pra non opôrse âs moitas lêndas que inda entón en col do caso debían correr antre o pobo, tivo por mais comenente faguer tan sô a indicación que ô seu ouxeto era precisa; ou tamén porque, pra ocultal-o que pra sua xente oprimida pol-a de Cam era oprobioso, deixóu de consiñar aquelo que o orgulo da raza repunaba. Calquer supôr non embaza emporeso o noso ouxeto.

A exégesis mais común e tradicional entende iste pasaxe no senso de que os homes —todol-os noémidas— antes de dispersarse quixeron faguer unha cidade c-unha torre cuio cumio chegase hastra o ceo, e que Deus que dend-e o Ceo vía con malos ollos os pensamentos d-aquiles homes descendéu co seu poder a descordal-os confundindo as língoas, de xeito que no intre deixóu un home de entender o outro.

Provén ista interpretación, se é que tal pode chamarse, da falla de

---

(1) Véxase o n.º 12, correspondente o Nadal do 1931. Antre outros erros anotaránse n-il os siguentes: páx. 1.ª, liña 11: «no comerzo» en ves de «nos comenzos»; páx. 2.ª liña 12 do no.º 2: «outros» en ves de «antr-os»; páx. 3.ª liña 5.ª: «camitas» en ves de «cainitas».

espritu crítico e mais d-unha vella conceición milagreira do orixe das língoas, anque houbo P. P. como S. Gregorio de Nisa e mail-o sirio S. Efrén que viron mais do que as verbas parescen siñificar, pois di o pirmeiro que querendo Deus que os homes tivesen diversas língoas deixóu â natureza pra que de seu levase pouco a pouco a diversidade dos (2) sons, e o segundo dalle o pirmeiro papel na dispersión ô camita Nemrod (3).

Outros houbo que trataron de exprical-o fin da torre dicindo que era un reto a Deus pra evitar un novo deluvio, coma si non estivese ainda vivo o recordo da alianza antre Deus e Noé (cap. IX-v.º 11) que impricaba a negación de outro deluvio, fora de que de ise xeito non podería expricarse o «*antequam dividamur in universas terras*» («antes que sexamos dispersados por todal-as terras») no senso de «*ne forte*» («non sexa que...»), conforme ao hebreu, ou de «*antequam*» («antes de...»), siñificando tempo, conforme â Vulgata, pois nos dous casos enlíase a ideia da torre ca dispersión e non ca do deluvio.

E os que de ningún de istes xeitos entenderon o fin da torre pensaron achal-a razón de todo no desexo que aquiles homes tiveron de faguer célebre o seu nome pois dí o Texto: «E fagamos célebre o noso nome...». Mais ise fin mais ben que reprobabre parez en troques moi diño de loanza, pois sería un perenne testimonio da unión das primeiras familias postdeluvianas. Pro Deus, como vemos, condena aquela obra dos homes, dándolles un tal castigo, como foi o dividil-os por todal-as terras. Hipótesis ista que non parez pol-o mesmo probabre, e que se funda n-unha interpretación errónea d-un idiotismo hebreu, pois faguer un célebre o seu nome era o mesmo que brilar pol-as bélicas fazañas. Suporía, ademais, unha gran armuñía antre todal-as familias do vale de Sinâr, que o Sagro Texto está moi lonxe de ademitir.

¿Qué é pois o que exprica o fin da cidade e da torre? —Pois, ao meu ver, e creendo intrepetal-a Esquirtura, o que aos homes leva cáseque sempre a faguel-as torres: a defensa contr-os nemigos. No capíduo X-v.º 8.º e sig.s, nos que se fala de Nemrod, adivíñase o intre a que chegaran as duas familias que se estabelesceran en Sinâr. Un camita, Nemrod, obtivo o predomiño («*ipse coepit esse potens in terra*»), e, axudado, como é de supor, pol-os seus, fíxose un opresor dos semitas. Un de istes, Assur, saieuse da terra pra fundar a Nínive,

---

(2) «Sed volens Deus homines diversis uti linguis naturam dimissit ut pergeret proprio arbitrio apud singulos sonum articulare ad explanationem hominum». San Gregorio de Nisa—Contra Eunomium.

(3) «Praecipuus tamen mutandae sedis illis auctor et impulor Nemrod extitit, qui etiam Babelem tandem invasit atque in ea primus regnavit, neque enim conmunem hominum patriam obtinuisset, nisi caeteros inde deturbasset». S. Efrén—In Genesim.

e de il rescibeu nome Asiria (cap. X-v.º 11). Os demais semitas continuaron vivindo oprimidos en Sinâr ou fóronse separando cara o Elam ou a Arabia rexión entón de fertis vales hoxe desertos.

Como n-isto, a falla de testimonios, tantas cousas se poden supór levados soios por indicios, incrinaríame a supór eu tamén que a cidade e torre de Babel foi empezada pol-os semitas, temerosos do que ía a pasar, e logo tomárona os camitas guiados por Nemrod. Avense isto coa autoridade de S. Efrén que dí que Nemrod «finalmente invadeu a Babel». Mais, fose empezada por uns ou por outros, non emporeso deixa de sel-a torre da loita e da opresión.

Agora ben, o recordo de aquela loita aligóuse mais tarde â torre que aquela opresión representaba e a ela atribuéuselle como causa externa que foi, a dispersión de Sinâr. E coma en todal-as aicións humáns de trascendencia faise intervir a Deus cuia Providencia pra maor comprensión dos homes aparesce obrando more humano, como n-iste caso, no que ve as malas aicións dos homes e *descende* pra botar por terra os seus desiños, de eiquí que pareza deducirse unha intervención diviña inmediata, sin mediación das causas segundas.

O mesmo texto indícanos ista loita pois tratan os homes de fortificarse ou sexa faguer unha torre pra non verse precisados a dispersarse por todal-as terras, e como toda fortificación é de uns homes contra outros e a necesidade da dispersión soio os homes podían impoñel-a, de eiquí que haxa que supór loita antre iles.

Certo é que se fala de confusión de língoas, o que a primeira vista presenta algunha dificultade. Mais, fora de que ben pode entenderse en todo isto o antecedente pol-o consiguente ou a causa pol-o efeito, hai que ter en conta que o que mais facía vel-a difrencia dos pobos e hastra caraíterizaba a cada un d-iles era nos tempos de Moisés, coma nos nosos, a língoa, e por iso il exprica a división dos homes como división en língoas, pol-o que a carreiro de aquilo co que remata o capíduo X. «De istes foron dividdal-as xentes na terra dempois do deluvio», comenza o capíduo seguinte —que nos nove primeiros versículos debera estar axuntado ao anterior— «pois era entón a terra d-un mesmo lábio e d-unhas mesmas palabras».

O recordo de Nemrod, cuio nome de por sí indica os feitos —(Nemrod = o que se rebela)—, quedóu nas duas familias, camitica e semitica. N-ista pra eisecración, se ben mais tarde oscureceuse a sua memoria, namentras foi pra segunda o héroe da raza que chegóu a divinizal-o cos nomes de Belo, Baal ou Bi-lu. E o mesmo nome de Birsi—Nimrod (Torre de Nemrod) que inda agora leva o lugar onde se supón o emprazamento da torre de Babel é unha proba, caso que non sexa como quen dí de hoxe, do que Nemrod, o «valente cazador diante do Siñor», repersentóu na dispersión de Sinâr.

Todas istas cousas deberon acaescer alá pol-os comenzos do segundo século dispois do deluvio, cando inda vivían todol-os patriar-

cas que de il na arca se libraran. No capíduo X-v.º 25 do mesmo Xénesis dásenos, ao parescer, a data: «E Heber tivo dous fillos: e o nome de un Galeg, porque no seu tempo foi dividida a terra». Logo cando nasceu Galeg a dispersión comenzara xa, e Galeg nasceu o redor do 101 dispois do deluvio.

En fin, sexa de isto o que queira, o certo é que a historea da dispersión babélica mais ben que «fragmento poético de estilo oriental» —como dixo Herder— pode que sexa un fragmento de perdida históreа que a furna insondabre do tempo pra sempre tal vez veu a encerrar.

LOGOS. Boletín Católico mensual, 20 agosto 1932

MISCELANEA

¿Unha sustitución de nomes?

O remate do capíduo IV do Xénesis nárrase a embriagués que a Noé causóulle o viño e o que a vista do estado do pai fixeron os fillos ca consiguente maldición do culpabre Cam e a leizón dos outros dous fillos. Mais —o que é extrano— a maldición non cai sobor do culpabre, senón sobor d-un dos seus fillos, Canaán.

Tal ves algunha razón pra nós descoñecida dise motivo pra isa o parescer anomalía, anque ben poidera ser que a grosa, ca millor fé, viñese a corrompel-o texto. E, afellas, iste ansí parez indical-o, pois dí o versículo 25: «Dixo Noé: Maldito Canaán, escravo dos escravos será pr-os seus irmans» e, a carreiro, díse de que irmans será il escravo: «Bendito o Siñor, Deus de Sem, sexa Canaán seu escravo» (versículo 26) «Ensanche Deus a Xafet e demore nas tendas de Sem e sexa Canaán escravo de íl» (vers. 27). Agora ben, non era Canaán, senón Cam, o irmán de istes dous, logo ha de supôrse unha sustitución, que non error. Por outra parte, era Cam e non Canaán quen se fixera reo da maldición, e se dixésemos que quería Noé maldecir o pai curpabre nôs seus fillos, non se ve a razón pra que sexa un e non todos os que sufran a pena merescida pol-o pai.

A semellanza antre os nomes Cam e Canaán e o prexuicio fundado no suposto cumprimento da profecía por meio da familia semítica de Israel que fixera servo a Canaán, ben poideron inducir a unha sustitución.

VEMPOSTA

Coido eu que o alcume «Vemposta» ou «Bemposta» ven da Edade Meia, tempos do escravizante feudalismo, nôs que coma nos tempos romans os que víran chegal-o ceo das suas ánseas cas benfadadas liberdades tiñan que acollerse á forte man do Siñor pra que iste lles valese cando a sua mirrada liberdade estivese en perigro que non deixaba de estal-o nunca.

Istes homes que pol-a sua fertuna milloraron de sorte chamábanse de «mam-posta» (de «manu posita»), pois, pra siñifical-a dependencia na que aínda quedaban, o Siñor poñíalles a mán no lombo, unha cousa semellante â que os nosos caciques adoitan faguer cos probes paisanos, que con tal aición téñense por moi honrados.

Nô século XVII áchase de cote nos estormentos e esquirturas iste alcume na forma «Vemposta» ou «Vamposta» e inda oxe o leva un eido que eu coñezo, que foi d-un home chamado «Vemposta».

A forma «Vemposta» debe vir por falsa etimoloxía de «man-posta», pois o pobo, que non se lembraba do que a verba siñificara, dóulle unha forma de senso mais pracenteiro.

LOGOS. Boletín Católico mensual. Pontevedra, 21 setembro 1932

RÚAS VELLAS DE TUI

Percorrín as rúas vellas de Tui e vin-as tristeiras, que xa alí non se ouzan os fortes berros de escudeiros e peós que correndo ían ãs almeas i-ôs adarves da cerca que as garimaba. Vin-as coma mulleriñas da aldeia envergoñadas didiante de orgulosas donas da vila, poil-as rúas novas fanlles bulra noxenta. I entón dixen:

—Lousas pol-as pasadas dos séculos desgastadas; parromeiras outas e variles que asemelladel-as torres que ao derrubarse fixeron arrepiar ás mesmas pedras do chan; lumiares con gornimentos e proveiros de antergos e teimados señoríos; arcos de viravolta e patins de beiramar:

—Eu sei que vos ouvíchedel-os berros de pedenza de San Telmo, que con vosco falou de cousas vellas o bieito Sandoval, e coido que inda hoxe nas serans mornas, cando está o ar quedo, esterrécenvos os feros bruídos do tambor de Pedro Madruga e os brados adoecidos dos Irmandiños...

Rúas vellas de Tui: Pra min tendes moitos sagredos; antre lusco e fusco ben quixera falar con vosco...

TVDE, ano II, abril 1936, n.º 9

GRANDEZA E FIN DA CASA E TORRE DE MARCEO

Fillosdalgo de catro soares de bandeiras, descendidos dos doce pares da Francia, do sangue real dos Correas de Portugal, dos infanzós da Somozas e da cabaleiría de Sober, os da Casa de Marceo puñan por armas a frol de lis, as seis cintas de fibelas dos Correas, os dados da Somoza e os trece roeles de Sober.

Gran trunfo había alí de xente, moito viño e vianda, cabalos mulos e acímelas, cás, galgos e podengos. Eseudeiros e pions fan grandes tiros de pólvora.

En toda Galicia non hai fortaleza mais grande nin fermosa que a de Marceo. Cando arraya o sol, pasa a soma dela sobor de Nogueira, ó cabo do Miño, que é unha gran légoa.

O seo dono, Lopo Afonso de Marceo, señor de vasalos, ten doce de a cabalo, pon armas e bandeiras, esporas douradas, colar de ouro e vestidos de terzopelo, guarnescidos de brocado. Meiriño de tres meirindades, Monforte, Roucos e Sárrea, tivo lanzas de El Rey don Xohán e non quixo expedirse del Rey, por mais que o Duque sentáballe as lanzas dobradas.

Lopo Afonso e seu irmán Alvaro, meiriño en Chantada, pai de outro Alvaro Alonso, crego de Folgoso, foron homes rexos, de corpos moi fermosos, grandes cabalgantes, grandes xustadores e grandes matadores de mouros.

Un fillo púxoo de paxe do duque de Arxona; a outro, de nome Pero, na lénda de Salamanca, para ser crego, e casou a unha filla con Alonso López de Sober, pai de Diego de Lemos.

Un día que da torre de Quitapesaes partía o duque pra montería dixolle Leonor Garza ao paxe: «Sobriño, non vades co señor, que fartos van con il, e xogaremos nuevos».

E, indo perguntou o Duque ónde quedaba o paxe. Deu volta —pensou que outra cousa era— e a dous negros mandou que o deitasen da torre embaixo.

Lanzou logo a pesquisa e achou que o paxe non houbera culpa. E tivo que ir a Marceo, cabo de Lopo Afonso, e pedirlle perdón pol-o amor de Deus, que il fora mal informado.

O outro irmán, Pero, dixo entón que denantes que crego quería ser cabaleiro. Leixou a lénda, tomou armas e cabalo e El Rey asentoulle cinco lanzas. E foi tamén gran xustador e cabalgante e chegou a ser moi privado «en la corte». Mais un día por enveza con pezoña matárono en Ourense.

Tres fillos lle quedaban de Elvira Gómez da Somoza, mociña fidalga, que por forza lle tomara ó pai dela: Lopo de Domiz, Afonso López de Lamaeirexa e Pero López de Lourente, despois lexitimados por Roma.

E inda non parou eiquí a desgracia do señor de Marceo. Acolléron-

selle á torre dous abades, que o Duque coidaba lle dormían cas damas. Pideullos, e ó non querer darllos, púxolle os tiros á torre e derrocou dous terzos dela.

Ó seu pasamento, o fidalgo de Marceo mandou a facenda ós mosteiros e á Casa de Sober, e os netos ansí quedaron perdidos. Mais nunca pagaron, cando na terra correron e deitaron trebutos.

(Enxergouno X. Ferro, conforme a unha Información de fidalguía dos fillos de Pero López de Marceo, feita na Probra do Brollón, o ano de 1480).

«La Torre de Antepasares y el Duque de Arjona». *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense*, T. VI, 1950-51, p. 102
Posio, Arte y Letras. Orense, 1952, núms. 13-24

O MAR CHAMADO DA AROUSA

As aras de Augusto dos xeógrafos romans poden atoparse millor que en ningures no noso mar da Arousa.

Pra proba abonda o mesmo nome, como nos dixera xa ó sábeo bieito P. Martín Sarmiento.

O mesmo que, asegún Menéndez y Pidal, pol-o infruxo da pronunciación árabe, do román *Cesárea Augusta* veu o moderno *Zaragoza*, cicais pol-a tendencia sibilante que de antergo se amostra nas xentes das nosas ribeiras, tamén eiquí chegouse ao *Arauza* dos vellos estormentos da Idade Meia.

Mais o nome de *Arauza* —de donde Arousa— somentes se lle dou a meirande das ínsuas do noso mar, pol-o que é de sospeitar que foi alí onde se ergueron as tan famosas aras. Vilagarcía, coñecida hoxe co sobernome de Arousa, no século X era índa a Santa Baya de Arealonga, pol-o grande areeiro que de aquela había de por frente a unhas aldeíñas de mariñeiros e labregos.

Despóis da conquista de Augusto, o mar da Arousa foi cheo un mar román. Na Insua adícanlle ao Emperador as aras, e cásique de por frente, na outra banda, deberon erguerlle un tempro ou unhas aras ao Gran Xúpiter, ao *Iovi Magno*, de donde *Xobre e Maño*.

E no brazo que o mar da Arousa alonga deica a vella cidade de Iria, pol-a vereda, que na terra dos Cáporos abreu o Ulla, como camiño de prata —ansí o chamou Rosalía—, unhas torres, despois «chave do Reino de Galicia», lémbranos tamén ao primeiro Emperador, que soio cando eiquí chegou poido decir que xa domeñara a *Hispania*. As *Torres de Oeste* son as que Pomponio Mela pon preto das mestas do Sar (*Sars iuxta turrim Agusti, título memorabilem*). A

falsa etimoloxía popular do *Augusti* fixo *Oeste*, do mesmo xeito que, tamén por falsa etimoloxía, os eruditos relatinizárono en *Honesto*.

As xouviñas prateadas e as sardiñas rianxeiras, que non teñen par no mundo enteiro, chegaban as farturentas mesas dos vellos petrucios e maxistrados románs, dend-o mar que pol-a sal e o peixe salgado chamouse entón *Mare Saliniense*, de donde o noso *Salnés*.

Rianxo, suplemento de Sonata Gallega Rianxo
Fiestas de la Virgen de Guadalupe. Año 1952

O NOSO PASADO HISTORICO, VISTO POR FERRO COUSELO

Por SALVADOR LORENZANA

Perfil

Xesús Ferro Couselo é unha das figuras de máis relevo no campo da investigación científica, con que conta hoxe Galicia. Gran estudoso, excelente paleógrafo, traballador incansabre, ven realizando a prol do seu país unha xurdia labor que non trascende ó gran público.

Niste día estival, solprendémolo no local onde se garda o Arquivo histórico ourensán, que Ferro dirixe. Baixo diste severo marco, mergullado nun mundo de vellos documentos, o arquiveiro desenrola a súa tarefa. Pulsa as crónicas do pasado e os intrincados manuscritos históricos, de tan difícil leitura, con grande competencia e un moi fino instinto de escolma.

O ideal de Ferro Couselo é o de chegar a formar co tempo, uns eficientes equipos de investigadores. Iste labor por equipos considérao indispensabre. O fenómeno das persoalidades illadas tende a desaparecer, pol-a súa mesma limitación. O estudo histórico require anos de preparación, e unha pacente e tozuda vida de consulta. Nalgúns casos, a laboura dun home, só tense visto continuada por un escaso núcreo de seguidores, que puxeron o seu millor afán en remontar os traballos emprincipiados pol-o primeiro. A realidade, nembargante, veu demostrando que na maoría dos casos ista laboura isolada tense visto tronzada coa morte da persoalidade que a faguía posibre. Velahí por qué a investigación histórica será tanto máis fecunda canto maor seña a ampritude da orgaización duns equipos que se sucedan comprementándose.

Dentro das liñas da especialidade que enche a súa vocación, Ferro Couselo vai respostando ás preguntas do noso inquérito.

—*¿Cómo definirías a Galicia dende o plano histórico?*

—Como un reino románico (*reino* no senso que a verba tivo), namentras que Portugal e Castela defínense como reinos máis ben góticos. Castela das Hespañas fixo logo un imperio gótico, que ven a ser unha proieición da Edade Media dentro da Moderna. O seu verdadeiro símbolo é Don Quixote.

—*¿Qué definición darías, entón do románico?*

—Caraiterízase o románico pol-a fusión do cósmico co trascendente: Antre nós andan as ánimas en pena; síntese arredor de nós o «numinoso»; o home ten a anguria do pecado, e a cotío anda cos Nomísimos didiante dos ollos.

O gótico, en troques, sinte o trascendente coma o mundo do alén que temos que conquistar. I é que o gótico é fundamentalmente «empresa». Non é por un casual que, inda que inconscentemente, se empregue hoxe ista verba como unha definición política.

—*¿Qué época do pasado galego estimas máis representativa?*

—Como xa dixen, é sin duda a do románico, na que Galicia pol-o camiño de Santiago proietouse na Europa, i Europa, pol-a súa parte, na Galicia.

Compostela ten unha importancia primordial na historia de Galicia; coido que dende os orixes do Cristianismo, pois pra min non deixa de ser unha lénda ou un mito o suposto descobrimento do sepulcro do Apóstolo nos tempos de Alfonso II.

Si Galicia acadóu na época do gótico o máis outo desenrolo lírico do medioevo peninsuar, foi mesmamente porque era un pobo xa maduro, pois que a lírica é sempre froito serodio.

Galicia debeu ter tamén a súa épica, cabaleiresca e marítima, da que son eco Tristán, Lanzarote e Amadís. Sabemos dunha dona que xa nos derradeiros do século XIII se chamaba *Aureana*. Tiñan por tanto que ter pasado anos dabondo cantando a «materia de Bretaña».

—*¿Existen entre nós estudos serios de investigación?*

—Coido que sí, inda que temos tamén moita barafullada, e os falsos cronicós case enchen a historiografía dos séculos XVII e XVIII. Pra min, López Ferreiro e Villa-Amil e Castro son dous grandes investigadores de corte científico, formados nas millores téinicas que fora de España había no seu tempo.

En troques Murguía, esgrevio escritor e dun outísimo senso histórico, fai ainda historia romántica. E hoxe temos traballos monográficos valiosos: mais inda non se chegóu a grandes obras de conxunto, porque as monografías son poucas, e o acervo documental está inda virxe na súa meirande parte.

—*¿Hai nos arquivos de Galicia moito material sin traballar?*

—Nos Arquivos de Galicia, no Histórico Nacional e no de Simancas, atópanse milleiros e milleiros de documentos sobre Galicia que están sin traballar ainda. Istes istrumentos están en latín, os de de-

nantes do século XII hastra parte do XIII; logo en galego, deica fis do XV, en que se emprincipia a empregar o castelán.

—*¿Cándo se deixóu de empregar, pois, o galego nos documentos?*

—Vénselle atribuindo ós Reis Católicos o desemprego do galego nos istrumentos escritos; pro é un supor do que non hai constancia verdadeira. Son causas sociás as que determinan iste feito, que escomenza a se producir no primeiro tercio do século XV; e cicáis, ou sin cicáis, tamén a creación da Audencia de Galicia, cos seus oidores e oficiás vidos de terras de Castela. Emporiso houbo escribáns que, durante todo o primeiro tercio do século XVI, mantiveron nos seus protocolos o galego.

—*¿Qué alcance ten a gran historia de Galicia, patrocinada dende Buenos Aires?*

—A Historia de Galicia patrocinada dende Bos Aires, é pra min a máis outa empresa cultural que deica agora se tencionóu en Galicia. Collénos un pouco de solpresa, porque pra faguer unha gran historia compre ter unha manchea de pequenos traballos ou monografías, e, como sabemos, na Edade Media quedan por encher moitas lagoas. Por iso quixéramos aportar o que de meirande interés se poida atopar por ahí adiante, nos máis importantes arquivos.

—*¿Qué formula das pra unha labor investigadora en plan de equipo?*

—Sabido é que en toda España, pro máis ainda en Galicia, falta a laboura de equipo. Compriría, pra iso, crear institucións culturás con revistas de investigación, que chamen ós estudantes a se formar e a traballar nista común tarefa. Tan siquera unha revista que recollese o intento mañífico de Bernardo Barreiro e de López Ferreiro cas súas «Galicia Diplomática» e «Galicia Histórica» respeitivamente, adicada á pubricación das fontes históricas e de ben feitas monografías. Sería, afellas, o millor contributo ós estudos históricos e filolóxicos de Galicia.

—*¿Ten o noso país unha verdadeira historia de seu?*

—A historia é o *epos* da vida dun pobo no que ten de inmanente, e no que ten de proieición fora de sí mesmo. No primeiro senso, Galicia conta cunha historia de seu que, ca concencia de «ser», apreséntanos as formas de vida a traveso dos tempos. Na proieición exterior —ou sexa, na que se pode chamar «empresa»— o ser de Galicia maniféstase máis ben nun sentimento frente ó Mar Oceano, que na época prehistórica leva ós galegos a emprender periplos ós fisterres atlánticos; e nos tempos modernos ó Novo Mundo, e de por frente ós reinos góticos que nos arrodean, déixase levar, porque a empresa dos demáis era tamén a súa.

Cabo

Eiquí dan remate as respostas de Xesús Ferro Couselo. A carón da mesa de traballo do investigador, voltamos a evocar ise punto-clave de que «a investigación histórica será tanto máis fecunda canto meirande seña a ampritude da orgaización duns equipos que se sucedan comprementándose». Ista teoría adequire maor importancia si se pensa que nos arquivos galegos esisten milleiros e milleiros de documentos revisabres; e que unha vida normal adicada á investigación soio pode estudar unha pequena parte dises papés, que tan fundamentás resultan prá reconstrución do noso pasado.

Galicia Emigrante, año III, Octubre 1956, n.º 24

O DEUS BANDUA DA VEIGA

O culto do numen *Bandua,* se temos en conta o número de aras que inda se conservan, debéu ser un dos máis espallados na Gallaecia e na Lusitania.

É tido en xeral por un Marte galaico, un deus da guerra, máis que nada, pola notiza que nos seus *Adversarios* insere o falso Juliano, alcipreste de Santa Xusta de Toledo, dunha ara que se achaba en San Pedro de Rairiz da Veiga, adicada a *Bandua, deus das bandeiras. compañeiro de Marte* (1).

DEO VEXIL [LORUM]
MARTIS SOCIO
BANDVAE

(1) Hüner, CIL, 215; Masdeu, *Historia Crítica de España,* t. V, páxina 44; Gándara, *Nobiliario de Galicia,* lib. I, cap. II. —É sabido que os *Adverssarios* son obra do coñecido historiador falsario P. Román de la Higuera, que cicáis soupo da inscrizón de Rairiz de Veiga polo Señor de Trasmira, famoso historiador nos comenzos do século XVII, ou por calquera dos moitos ademiradores que tivo en Galicia.—Que os *vexilla* tiñan o seu numen vémolo na adicazón ó *Genio vexillariorum et imaginiferorum* achada perto de Heddesdorf (Hübner — *Exempla Scripturae Epigraficae Latinae,* n.º 636).—O VEXIL. dos *Adverssarios,* tendo en conta a ara devandita i outras, como a 2533 do CIL, podería trascribirse tamén VEXILLARIORVM.

Pra D'Arbois de Jubainville (2), a quen siguen Leite de Vasconcelos (3) i o P. Fita (4), a raiz band ten orixe céltico co sinificado de autoridade ou de mandado. Diste xeito teriamos que supor que *Bandua* sería o primeiro dos deuses do panteón galaico.

Coido, porén, que é máis doado percuralo seu orixe nun estrato dos indoeuropeus precéltigos. A raiz *band* atopámola no persa *band* e no gótico *bandwô*, co sinificado de sinal; no xentilicio *vandali*, e no baixo latín *bandum*, que sinificóu lábaro ou estandarte, ansí como en varias formas romances como *bando*, *banda*, *bandido* e *bandeira* (5).

Adoitase buscarlle unha orixe céltiga tanto á onomástica dos deuses como á das persoas que se nos amostra nas aras e lápidas latinas. Mais, derradeiramente, escoménzase a valorar debidamente a cultura dos pobos precéltigos, ós que, conforme ó periplo de Rufo Festo Avieno, podemos chamar oestrímnicos.

O Dr. Francisco José Velozo nun maxistral e lumioso estudo acaba de revelarnos a importancia da cultura oestrímnica, que é precisamente a que os románs chamaron ibérica (6). Por antre os mitos da Atlántida i os abondosos topónimos espallados polas beiras do Atlántico e do Mediterráneo, o ilustre historiador bracarense ábrenos unha fiestra pola que ollamos no mundo remoto dos pobos que inzaron as mámoas, e lévanos tamén a pensar en que o abondoso panteón galaico non é, como se coidaba, excrusivamente céltigo.

Non é somentes o deus *Aernus*, que, como advirtíu o P. Arlindo Ribeiro da Cunha, relazóase con Arno, nome do río que corre pola etrusca Florencia (7). E tamén o noso *Bandua*, cuio nome ten relazón co da necrópolis etrusca *Bandelaccia*, e especialmente ca *Fons Bandusiae*, de Horacio, á que sin dúbida, deulle un deus o caráiter sagro, polo que o poeta promételle a ofrenda de un cabuxo:

> O fons Bandusiae, splendidior vitro,
> Dulci digne mero non sine floribus,
> Cras donaberis haedo,
> Cui frons turgida cornibus (8)

---

(2) Cit. por Cuevillas e Serpa Pinto, in *Estudos sobre a Edade do Ferro...* pág. 14 (Arquivos Sem. E. G., VI).

(3) *Religiões da Lusitania*, II, páx. 317.

(4) *La Ciencia Cristiana*, 1878. Cit. Cuevillas-Serpa Pinto.

(5) A raíz *band* é común ós celtas i ós xermánicos. Do celta debeu vir *bando*, no senso de mandado, como o *banna*, moniciós, do latín da Eirexa.

(6) Francisco José Velozo, *Oestrymnis* (*Atlántida - Campo Eliseo*), Braga, 1956.

(7) P. Arlindo Ribeiro da Cunha, *Potamonimia*, in *Rev. de Portugal*, vol. V, páx. 275. Cit. Velozo, páx. 31.

(8) *Odas*, lib. IV, 9.—Non creemos que tódalas fontes sagradas estivesen

É de notar que as semellanzas do noso fondo étnico precéltigo co da Etruria e da Sabinia non se cinguen ós topónimos. Poderíamos atopalas no campo arqueolóxico e hastra no etnográfico. Como fai notar o Dr. Luis de Magalhães no prefacio ós *Estudos Históricos e Económicos* de Alberto Sampaio, *o mesmo carro rústico é semellante ao* plaustrum *sabino.* E tal ves a divinidade *Panda* ou *Pandea* dos sabinos, de que fala Varrón (9), sexa o mesmo *Bandua* oestrímnico.

Os santuarios ó deus *Bandua* foron inzados por todalas terras da Gallaecia e da Lusitania. Atopamos en Cáceres un *Bandia-apolosego,* que, como logo veremos, supón un lugar que se debéu chamar *Apolos;* en Castendo (Toledo) un *Bandio-ilienaico,* que acusa seguramente un topónimo *Iliena,* como hemos de supor tamén un *Tobre* ou *Trobe* no *Banduetobrico* de Codesás e unha *Arbaria* no *Bandiarbárico* de Capinha (10).

E inda hoxe se conservan na toponimia nomes máis ou menos relazoados ca *Bandua,* como *Bande* (11) e *Bando; Bandin,* que se atopa en diversas partes de Galicia; *Bandujo,* en Oviedo; *Bandelo,* en Lugo; cicáis *Bandeira* e *Bandera; Bandoxa,* en Oza (Coruña); *Bandexa,* en Orense e Lugo; a forma composta *Bandolázaro,* en Toledo, e, por que deica alí chegaron tamén os oestrimnios, *Bandama,* nome dunha montana volcánica na Gran Canaria (12). E creemos hastra posíbel que teña relazón con *Bandua* o termo *baduar,* co sinificado de barallar, faguer ruído, do mesmo xeito que *pánico* saíu de *Pan,* o deus que ca frauta puña un medo inexpricábel nos exércitos e nas greas de ga-

---

adicadas ás deidades das augas. As fontes perto dun lugar sagrada, como pasa inda hoxe nas ermidas cristians, rematan por ilgarse o culto do numen.

(9) Bethan, *Etruria Céltica,* t. II, páx. 52.—Cit. Murguía, *Historia de Galicia,* 2.ª ed., I, páx. 666.

(10) CIL, 740, 2515; *Add.* IX, 31; Arq. S.E.G. VI, 310; CIL, II, 454.—Según Tovar e Navascués (*Algunas consideraciones sobre los nombres de divinidades del oeste peninsular,* in *Boletim de Filología,* t. XI, Lisboa, 1950), as diversas formas en que se presenta o nome Bandua exprícanse por un cambio fonético da *u* en *i,* cando precede consoante e segue unha vogal.—Non deixa de ser tamén posíbel que os cambios devanditos sexan debidos a diferencias lingüísticas, que parecen notarse craramente entre o Norde i o Sul.—Costa (*Mit. y Lit. Celto-Hisp.,* páx. 331) i o P. Fita (*El Gerundense,* páx. 56) pola súa terminazón en *a* teñen a Bandua por unha divinidade femenina. Pró derradeiro, a Ceres galego-lusitana. Mais vemos polos adxetivos aglutinados que era un deus masculino. Deiquí que nas aras de Capinha e Castendo se empregue o tema en *o.*

(11) *Bande,* asegún o *Tumbo de Celanova,* ten a forma latina *Banate,* polo que non tería que ver ren con Bandua, pro é posíbel que se trate dunha latinización, como se fai hoxe cos nomes galegos respeito ó castelán.

(12) Hoxe parez probado o orixe bereber, e polo tanto oestrímnico, dos Canarios. Isto exprícanos porque tamén nas Canarias e no Norde de Africa, como na Gallaecia, Armórica, Inglaterra e Irlanda, se atopan insculturas rupestres en *roda,* que creemos foron espalladas polos oestrímnicos.

do (13). E, pois, posíbel que na etapa naturalista da relixión *Bandua* fose o deus do vento, dos bruídos, das treboadas e das tempestades, poila raiz indoeuropea *uendh*, ca que parez ter relazón a de *band*, ten o sinificado de dar voltas, tecer e facer vento (14).

Os adxetivos que nas aras se engaden ó nome da divinidade con toda evidenza teñen un caráiter asinaladamente tópico. Son advocazóns do deus referidas ó lugar do culto, o mesmo que pasa hoxe con moitos santuarios nos que os fieis sinten o sober-natural ou numioso en redor dunha imaxe que somentes alí ten unha virtude catártica ou taumatúrxica. Por iso, a pesares do que nos dí Estrabón, coido que istes deuses prerrománs tiveron representazóns, ó menos simbólicas.

Unha ara que tivémola sorte de atopar, percisamente no mesmo lugar da do alcipreste de Santa Xusta de Toledo, revélanos perfeitamente o valor tópico do adxetivo que se xungue ó nome do deus. O lugar chámase hoxe Rairiz da Veiga e a ara está adicada a BANDUA VEIGEBRAEGO.

A feliz circunstancia de que inda hoxe o lugar leva o nome de *Veiga* danos a entender craramente que os adxetivos aglutinados teñen un sinificado indudabelmente tópico. Niles dásenos o nome do lugar ou do santuario.

En canto ós sufixos *brae-co, bra-ego*, parecen ser equivalentes ó de *brigo*, que atopamos en *Tameobrigo*, que Leite de Vasconcelos interpreta no senso de *deus* ou *señor*, polo que teríamos eiquí un *Bandua, deus ou señor da Veiga*. Pro coidamos non menos probábel que *breco* sinifique o *do oppidum ou lugar*, pois a raíz *br* atopámola de cote referida ás outuras fortificadas, e o sufixo *-co* parez indicar pertenenza.

A ara referida áchase na eirexa parroquial de S. Pedro de Rairiz de Veiga, faguendo de pía de auga bendita. Como as letras están na cara que da a parede, ninguén se decatóu de que era unha ara, a pesares de que o seu feitío lévanos a vela semellanza con moimentos diste xénero.

Trátase dun cipo granítico de 1'05 de outo, 0'38 de grosor na parte central e de 0,45 na cabeza, cuias letras teñen 0'6 centímetros na 2.ª, 5.ª e 6.ª liñas, 0'5 na terceira e 0'7 na primeira e cuarta. A sua leitura danos o siguente:

---

(13) Unha relazón primixenia entre *Pan, Bandua* i o sabino *Pandea* parez un tanto probábel.

(14) Christian Courtois, *Les Vandales et l'Afrique*, 1955.

V.S.L.M.	VOTUM. SOLVIT. LIBENS. MERITO
BANDVE	BANDVE
VEIGEBR	VEIGEBR
EAEGO	EAEGO
M. SILONI	MARCVS. SILONI
VS. GAL. SI	VS. GALLAICVS. SI
LANVS	LANVS
SIC. COHI	SICNIFER. COHORTIS PRIMAE.
CALL. CR	CALLAICORVM. CIVIS ROMANVS

Que ven a decir:

> Gustoso cumpriu o seu vodo
> á Bandua da Veiga
> Marco Silonio Galaico Silano,
> abandeirado da primeira cohorte
> dos Galaicos, cidadán román.

Son de notar os nexos de AE en BANDVA, de IG en VEIGEBRAEGO, de NI en SILONIVS e os de A con L en CAL. e CALL. de GALLAICVS e GALLAICORVM, ansí como as formas curtas da O en SILONIVS e COHORTIS.

Tendo en conta que o adicante era signifer da primeira cohorte dos galaicos, unha das que formaban a *Legio VII Gemina*, pesia algunhas caraiterísticas arcaias, como a falla dos ápices na I e na H, a diverxencia nos paus da M i os puntos de forma redonda, creemos que non pode datarse máis alá do século II. Coñecemos outras inscrizóns con alusión a devandita cohorte, datadas no tempo de Marco Aurelio e L. Vero.

O feito de que un *signifer* ou abandeirado dunha cohorte de galegos lle adique unha ara ó deus *Bandua* confírmanos máis aínda na hipótesis de que sexa realmente un deus bélico e máis asinaladamente o deus *vexillorum* ou *vexillariorum*, ó que parez se refería o letreiro que trai o autor dos *Adversarios*, que, a pesares de ser tido, con razón, por falsario, niste caso pode ser merescente dunha migalla de creto, non desbotando, emporiso, a sospeita de que, levado da sinificazón que no baixo latín tivo a voz *bandum*, alterease a trascrizón da ara que inda hoxe se conserva en Rairiz de Veiga, co gallo de identificalo co Marte román. Pro non é improbábel que a equivalenza, por ser de feito real, se fixese xa na época román.

O *nomen* ou *gentilicium Silonius* parez ser indíxena. Nas formas *Silo* e *Silon* perdura inda na outa Idade Meia. E posíbel que teña algunha relazón co río Sil.

O orixe indíxena da persoa adicante é manifesto no prenome *Gallaicus*, de caráiter tribal. Pode referirse á tribu dos galaicos que cre-

mos debía acharse nas terras do Porto *Cale* (15) ou á *Gallaecia*, que denantes de ser adeministrativamente convertida nunha provincia tiña xa persoalidade étnica, como vemos polas cohortes que se formaron co nome de *Gallaicorum*.

O Cognomen *Silanus*, anque se atopa na mesma Roma e poidera vírlle ó *signifer Silonius* de quen apadriñase a súa cidadanía, non é menos posíbel que enmente o río Sil, cicáis por selo adicante nado nas ribeiras do río.

O máis curioso é o topónimo de *Veiga*, que vense tendo por ibérico, cicáis por atopalo en toda a toponimia peninsuar e por unha suposta relazón co *ibai* vasco, que sinifica río, de onde *ibaiko*, ribeira (16). Coidamos que procede do estrato precéltigo, que chamamos oestrímnico, que debéu espallarse por toda a Península. Pro o que é solprendente na ara da Veiga é achala diptogazón en *ei* moitos séculos denantes do aparecimento do romance, namentras que a forma en *ai* inda perdura en León no século XI e no mozárabe no XIII, o que nos fai ver que o devandito fenómeno é unha constante fonética na falas da *Gallaecia*.

En fin que a ara adicada polo *signifer M. Silonius* a *Bandua-Veigebreaego* confírmanos o sinificado bélico diste deus galaico, ansí como o caráiter de advocazón tópica dos adxetivos co sufixo en *eco*.

CÓMO E POR QUÉ OS ESCRIBANOS DEIXARON DE EMPREGAR O GALEGO

Prós que a cotío apousámolos ollos nos estormentos medievais en galego, que a milleiros se conservan aínda nos arquivos, non é ningún segredo que o noso idioma acadou o meirande desenrolo na Baixa Idade Meia.

Os nosos escribanos encheron cunha fala a veces requintada os formularios de Dereito. E hastra poderíamos traguer exempros nos que a Santa Tioloxía, con verbas outas e sinxelas, desce a encamiñar a «postrumeira voontade» de quen no intre derradeiro sospira a un tempo polo que deixa e polo que espera. «Criou Deus ao home a sua

---

(15) Un dos argumentos que se invocan pra situala tribu dos Galegos nos arredores de Entrimo é o topónimo Galez, pro, como vemos no *Tumbo de Celanova*, ven dun *Vila Galeci*, vila do galego, o que nos fai ver que o *galego* que díu nome a dita vila viñera de terras alleas.

(16) Meyer Lübcke, voz *vaig, veig;* R. Menéndez y Pidal, *Orígenes del Español*, 2.ª ed. t. I, Madrid, 1929, páx. 84 e sigs.

imagen e semellanza e aquél así criado e a muller feita da sua costela, pósoos eno paraíso de delectamento, a donde non avíamos de morrer nin aver mal nin traballo nin pesar, e toda esta benaventuranza perdemos todos los deles descendentes, de aquestes primeiros padres, por querer gustar aquela froita que lles foi defendida por aquel criador que os poso en aquel tan nobre lugar de do somos deseredados fasta la paisón de nro. Señor...». Alá polos primeiros anos do quiñentos, Gonzalvo das Seixas, coengo de Ourense, escomenza ansí o seu testamento, «feito con saúde e con todo o seu siso», o que «o Señor Deus tovo por ben de lle dar».

O galego entón é fala dos vasalos e dos señores, dos cregos e dos labregos, e óucese o mesmo nos concellos que nas eirexas, misturado co latín nas prédicas e cerimonias. «E esto así dito e outorgado erguese o dito chantre e tomou por las maos aos ditos Afonso Ougea e Tereixa Alvares e en suas maos feceron logo palavras de casamento ambos e dous, segundo que manda a nosa Santa Madre Iglesia, dizendo o dito Afonso Ougea que recebía a dita Tereixa Alvares por sua muller boaa e leal e a dita Tereixa Alvares dizendo que reçebía ao dito Afonso Augea por seu marido boo e leal...». Ansí se fixo un casamento, nos comenzos do catrocentos, según as Notas de Estebo Pérez, chanceller do Cabidoo da Catedral de Ourense.

Inda que o rei de Castela non se alcuña xa Emperador, como noutrora o imperante en León, ténse por tal de feito e de dereito e leva a honra mandar en reinos de costumes e falares diversos. No seu famoso discurso pola primacía de asento no Concilio de Basileia o daián de Santiago don Alonso de Cartagena, conselleiro do rei don Xohán II e logo bispo de Burgos, antre as probas da preeminencia do Rei de Castela sobor do da Ingalaterra, apón a de que aquil era rei de reinos con diversas língoas. Vemos por iso como endexamáis recusa que lle falen os vasalos cada un na sua fala.

Namentras gobernan os endiantados, a concencia de Reino de seu mantense viva. Pro a anarquía feudal —que en Galicia houbo feudalismo como en ningures— trouxo o debilitamento das vellas institucións xurídicas. De contado, cos Trastámaras, de fora veñen arreo bispos, alcaldes maores, correxidores, daiáns de Cabidoos e hastra cregos, coengos e abades. De por parte, chegan eiquí xentes de outros reinos, pra ser donos de terras e vasalos: os Estúñigas, en Monterrei; os Enríquez, en Monforte e Lemos; en Ribadavia, os Sarmientos e en Allariz, os de Benavente. E arrastan detrás si criados, recabdadores e escribanos. Non é de estranar, por ende, que endexamáis empreguen o galego nas suas «cartas» aos concellos i aos vasalos.

Xa dende os mediados do século XV, paseniñamente, vanse desfigurando as alcuñas i os nomes de lugares. A miúdo atopamos trocada a eufonía galaica ca supresión dos diptongos, e vemos ansí *Pereira*

convertido en *Perera; Sequeira*, en *Sequera; Codeiro*, en *Codero* i en *San Juan de la Cueva* o tan coñecido *San Xohán da Cova.*

O fracaso da Guerra Irmandiña, a gran epopeia bélica do pobo galego, había de traguer consigo unha maor intervenzón do poder real, pra arrematar cos abusos dos señores feudales e cos niños de ladroeiros e asasinos que se acobillaran nos castelos. Pra isto os Reises Católicos houberon de criar a *Real Audiencia*, que, xunto cas Cortes do Reino —chamadas despois *Xunta*— habían de lle dar ao Reino unha nova configurazón política dentro da gran monarquía.

Mais, en troques, dende a Corte a cotío chegan eiquí, pró goberno, «criados» dos reises e dos grandes señores, os que somentes empregan a sua fala, e, aos demáis, queiras que non, cómprelles adeprendela e tamén usala.

Dende os comenzos da Renascencia lévase falado de abondo dunha suposta premática dos Reises contra o emprego oficial do galego. Afellas que non se atopa por ningures. E, como proba en contrario, temos o feito de que, inda que poucos, hai escribanos que perante todo o primeiro terzo do quiñentos non deixan de exaralos seus estormentos na fala do pobo.

Pró caso coidamos decisiva a lei dada en 1480, a petición dos procuradores das Cortes de Toledo, pola que se manda que de entón en diante non se dea tídoo de escribano sin ensame e sin licencia do Real Consello. Destoncias os escribanos de Galicia tiveron que deixar os seus formularios pra adeprender os alleos. De agora en diante xa non escomenzarán os protocolos co «Eno nome de Deus. Seipan quantos esta carta viren...». E velahí cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego.

Ourense, 1958

Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo. Edit. Galaxia, Vigo, 1958

A EIREXA SUEVICA NO SECULO VI

A *Bracara Augusta*, o mesmo que *Iria, Lucus, Asturica, Emerita* e *Legione*, xurde dun castro ou campamento romano. Coidamos, porém, que, denantes de que os romanos estabelescesen as suas cohortes co gallo de fundar ainsí unha cidade que servise de centro de romanizazón no territorio dos Brácaros, eisistía xa unha pobla onde hoxe ten o seu asento Braga. Un moimento, certamentes non menos discutido que famoso, revélanos, ao meu ver, o nome do poboado que precedeu à *Brácara* romana. Refírome á *Fonte do Idolo.*

Despois do achádego que fixemos en terras da Limia dunha ara adicada ao deus *Bandua-veige-brea-ecus*, percisamente nun lugar que inda hoxe se coñece por *Veiga*, podemos afirmar, con toda seguranza, como se xa ten dito, que os adxetivos co sufixo en *eco* ou *ego*, engadidos ao nome dun deus, teñen siñificado tópico (1). Niles dásenos o nome do lugar ou o do santuario.

Asegún isto, debeu lévalo nome de *Navia* a vila ou cidade onde se acha o *ediculum* que o *arcobrigensis Celicus Frontinus* adicou ao deus *Tongo*. «O monumento no seu estado actual —como dí Mons. J. Augusto Ferreira (2)— data da época romana; porém as suas origens ascendem a tempos anteriores».

Diste xeito, pesia ao río Neiva, que decorre non lonxe de Bracara, coido que é mais doado situalos *Nebios* —asegún Tolomeu, tribu dos brácaros galaicos— en redor da Cidade de *Navia*, ou sexa na terra de Braga.

Ben sabemos que a voz *Navia*, polo feito de atoparse referida a algúns ríos e acharse a raíz *nav* reefrida tamén a embarcazons é tida por nome dunha divinidade acuática, e tamén «por un deus de natureza ctónica», «cuio poder residía nas profundezas da terra» (3).

Mais derradeiramente xa se non ademite o suposto semántico de *navia* = *auga* ou *río*. Un estudo comparativo dos temas ca raíz *nav*, según fan notar Jud (4) e J. Hubschmid (5), lévanos a concrusión de que os temas derivados da dita raíz refírense as valgadas mais ben que aos ríos.

Nav é o cóncavo; por iso se apricou á *nave* o mesmo que *barc* —cicais doutro estrato linguístico— que deu tamén *barco* e *barcia*, e siñificou o mesmo que *Navia* e *Nava*.

Concretamente, a *Navia* sería unha «terra cha entre montanas» e

---

(1) J. FERRO COUSELO, *O Deus Bandua da Veiga*, in *Homaxe a Florentino L. A. Cuevillas*, Ed. Galaxia, Vigo, 1957.

(2) *Estudos Histórico-Litúrgicos*, Coimbra, 1924, páx. 12, nota 1.

(3) FERNANDO RUSSELL CORTEZ, *A fonte do Ídolo*, in *Bracara Augusta*, vol. V, Outubro, 1953, páx. 103.—Non é, porén estrano que se lle dese eiquí tamén culto á deusa Navia, como vemos pola ara atopada perto da Fonte do Ídolo.

Según BOSCH GIMPERA (*Infiltrações germânicas entre os celtas peninsulares*, in *Rev. de Guimarães*, vol. IX, Jullo-Deçembro, 1950) o topónimo *Tongobriga* i-os antropónimos *Tongius* e *Tongetanus*, que nos revelan certas lápidas, acusan unha infiltrazón nas costas de Portugal dos xermánicos *Tungri*, que viñeron empurrados polos celtas do grupo belga. Niste caso temos que ademitir que o deus *Tongo* era o deus dos *Tungros*, uns deus xermánico.

(4) *Dalla Storia della parole lombardo-latine*.—Cit. MONTEAGUDO, *Cultos alpinos en el NW. hispánico del Bronce IV*, in *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVI, 1953.

(5) *Rev. Intern. d'Onomastique*, n.º 1, 1952.—Cit. por MONTEAGUDO en id.

ainsí lle deberon de chamar os citadinos do Castro Máximo e da Falperra ao Val en que agora se asenta Braga.

Parez indudabel que *Navia* foi tamén nome dunha divindade, que niste caso, mais ben que acuática (aos ríos o nome venlles da sua conca ou valgada ou dunha poboazón perto da que decorrían), podemos supôr fundadamente que fose mais ben agraria: o númen dos vales ou sexa dos prados, das ortas e das searas.

Como a antiga *Lutetia*, que tomou logo o nome da tribu dos *Parisios* —o símil é do P. Arlindo (6)—, a *Navia* dos Brácaros convirteuse en *Bracara*, co sobernome de *Augusta*, que, potente e ricaz, ao decir de Ausonio, chegou a ser primeiro cabeza dun *conventus*, logo da provincia da *Gallaecia* e, derradeiramente, trala desfeita do Imperio romano, a capital do reino luso-galaico dos suevos. A humilde *Navia* estaba chamada á moi outos destinos.

A pesares de canto, por môr das primacías, se ten dito, se non pode negar, pois cantan eiquí os feitos, que as metropolitanas ecresiásticas xurdiron da división das provincias. Podemos pôr o seu orixe no século IV, cando escomenzou a orgairzarse territorialmente e xerarquía.

Os primordios da *Eirexa* na Hispania, e mais ainda na *Gallaecia*, áchanse envoltos nunha densa brétema de fábulas e lêndas. Mais o que parez indudabel, como se tira do análisis dos estormentos que se refiren á organizazón ecresiástica da Gallaecia perante o reino suévico, é que a cristiaización foi moito mais rápida e intensa na capital da provincia, polo que é de supôr que debeu de escomenzar por alí a pregazón apostólica.

Prô estudo da orgaizazón da Eirexa na provincia galiciense da época suévica, que é a onde mais lonxe podemos chegar polo de agora, temos somentes duas fontes: A *Divisio Theodomiri* ou *Parochiale Suevicum*, que é unha división das dioceses do reino Suévico en parroquias, atibuída a un concilio celebrado en Lugo sob o rei Theodomiro, i-as actas dos dous concilios tidos en Braga no tempo de San Martiño de Dume.

Como fai notar Pierre David nos seus *Etudes Historiques sur la Galice et le Portugal du VI au XII siècle* (7), «do reino suévico na segunda mitade do século VI fícanos unha peza única, sin equivalente en ningunha outra provincia ecresiástica do mundo latino»: A *Divisio Theodomiri* ou *Parochiale Suevicum*, que, dada a coñecer por Loaisa,

---

(6) P. ARLINDO RIBEIRO DA CUNHA, *Restos de Igrejas Visigóticas*, Braga, 1954. Sep. da *Rev. Theologica*, vol. I, fasc. I, páx. 95.

(7) Coimbra, 1947, páx. 1.

en 1593 (8), e rexeitada logo por Flórez, adequire de novo preno valor despois da asisada crítica feita polo mesmo Pierre David, que demonstrou cumpridamente que os dados que oferece o documento somentes se poden expricar, ollándoos mesmamente dend-a época suévica.

Nos derradeiros do século XI ou nós comenzos do XII, en que Barrau-Dihigo pretende que se exarou iste estormento, co gallo de basear as reivindicazons territoriaes de Lugo, Santiago e Mondoñedo non era posibel presentar —porque era moi outra a orgaizazón daquela eisistente—, un coadro semellante de organizazón parroquial referida ao século VI, —tempos pra destoncias xa moi antergos—, nin menos sospeitar, como salienta o mesmo Pierre David, a verdadeira natureza da eirexa britoniense, ca sua xurdizón puramente persoal, que se estendía ás comunidades dos celtas bretons, espallados polo norde da Galicia e polas Asturias, co centro no gran Mosteiro de Máximo. Por outra parte, a realidade duns toponomásticos tan bárbaros, de evidente orixe céltigo e oestrímnico, é-nos confirmada polo abondoso numerario numismático suévico e visigodo que nos da numerosas cecas en lugares que na *Divisio Theodomiri* figuran como parroquias. E podemos engadir, tamén: que sô ademitindo as *parochias* que nos da o *Parochiale* se pode expricar a eisistencia na outa Idade Media de languentes comunidades monásticas en lugares, como *Palla Aurea* (Oira), *Lougovares* (Lougares), *Cesantes, Pincia, Carioca* (Quiroga), *Casaio, Cuntis, Panoias*, etc., que vese por iste feito tiveran un rol, que enton lles fixeran perder xa os tempos (9).

A *Divisio Theodomiri* é invocada por ves primeira, nós documentos que se conservan, na disputa ou *intentio* que, de mandado de Alfonso VI, dirimiu, en 1068, o *alvazir* Sisenando de Coimbra, antre o

---

(8) *Collectio Conciliorum Hispaniae*, pág. 128.

(9) O mosteiro de Oira, según o Tombo de Celanova, foi fundado nôs derradeiros do século X ou nôs comenzos do XI polo monxe Cresconio, co amparo do abade de abade de Celanova Manilano, que lle deu monxes e reliquias. Coídamos, porén, que Cresconio non fixo mais que restaurar un vello mosteiro conforme a régoa de San Bieito. Doutro xeito Leovigildo, Ildara e Gontili non terían, como dí o documento, porque compensalas malfeitorías que co seu mal goberno fixeran no mosteiro (J. FERRO COUSELO, *Los monasterios de Oira y Requeixo y la capilla de Santa Catalina de Reza a Vella*, in Rev. *Posío-Artes y Letras*, Orense, 1951).

En Panoias, no século XI, eisistía un eremitorio (*hermitagium*) que o rei D. Afonso Enriques donóu, en 1145, ao presbítero Nuno Gonçalves (*Liber Fidei, doc. 520*).

No Livro das Datas de Fiães atópanse nomes de alguns priores e coengos de San Xohán de *Lougovares* no século XIII (docs. 152, 256, 268).

Consta tamén que en Cesantes houbo un mosteiro que, non sabemos cándo, pasóu a depender dos bieitos de San Pedro de Tenorio.

bispo bracarense Pedro i-o de Ourense Ederonio, pola pose do val de Varonceli.

Por certo que nas duas versions que figuran no *Liber Fidei*, nunha (doc. 21), por outra parte a mais correuta, dásenos como data do Concilio Lucense a de 572 e na segunda (doc. 577), a de 569. No primeiro caso teríamos que a famosa *Divisio* fixérase no mesmo ano do segundo concilio bracarense. Con razón é de supôr, polas profundas variantes que se atopan antre as duas versions, que os copistas tiveron presentes fontes distintas.

Dispois da sólida fundamentazón crítica feita polo P. Pierre David xa se non pode negar o valor histórico do *Parochiale suevicum*. Cicais o limiar ou prólogo de tipo narrativo fose engadido tardiamente pra xustificar vellos anceios da sede lucense, nados cando o metropolita de Braga, por môr da invasión musulmana, tivo que residir en Lugo. Mais, polo seu estilo, vese con toda craridade que a *notitia* que precede á lista das parroquias, debeu de ser feita a posteriori, co gallo de pôr a Lugo á par de Braga no dereito metropolitano. «Cando os bispos lêron ista carta —dinos o devandito prólogo— acordaron en sínodo que a sede lucense fose metropolitana como a de Braga» (*sicut et Bracara*).

Mais o caraiter vicioso do prólogo da *divisio*, ansi como do que leva a acta do segundo concilio bracarense —do mesmo feitío—, no que tamén se alude ás dúas metrópolis, ponse de manifesto en determinados feitos. Atopámonos de primeiras cunha *contradictio in subjecto:* A pesares de que no prólogo do dito concilio se dan por creadas as duas metrópolis, logo no canon IX fálase dun só metropolitano, ao que se manda que no tempo debido faga saber a data da Pascua aos comprovinciaes. Por outra parte solprende ver cómo endexamais Lugo reivindica ante a Sede Apostólica os antergos dereitos de metropolitana e presta obediencia a Braga, mesmo cando San Xeraldo no Concilio de Palencia (10) presenta as buldas polas que lle fora conferido o dereito do palio. Naquel intre tódolos bispos da anterga Gallaecia préstanlle obedencia, agás o de Mondoñedo, polas ciumes que tiña con Braga pola pose da vella sé de Dume. E vemos asemade como, cando o bispo bracarense, desfeita a sua eirexa pola nivasión agarena, reside e goberna en Lugo, somentes é tido por metropolitano de Braga. Diste xeito o calendario necrolóxico de San Millán da Cogolla da a morte do gran Oduario, non como bispo de Lugo, inda que o fora de feito e de dereito, senon como metropolitano bracarense: *XI Kal. novenbris... Et obitus Odoarii bracarensis episcopi era DCCCXXIV* (11).

---

(10) Arquivo Distrital de Braga, *Rerum Memorabilium*, I, 62, v.

(11) *España Sagrada*, t. XI, páx. 104.

Creemos, polo tanto, que somentes Braga, como cabeza de provincia tivo os dereitos de metropolitana, sin que os compartillase con ningunha outra sede da *Gallaetia.*

Certamentes, como afirma o Dr. Sérgio da Silva Pinto, «ao entrarem os bárbaros na Península o bispo de nome Balconio, que entón existía en Braga, capital romana da Galecia, era xa metropolita de toda a Provincia» —do Douro ao Cantábrico (12).

A *Divisio Theodomiri,* como se ve polo seu ensame intrínseco, sustancialmente auténtica, é indudavelmente da época suévica, mais é duvidoso que fose acordada, como se pretende no prólogo, nun sínodo celebrado de orde do rei Teodomiro na cidade de Lugo, que, como se ve pelo mesmo *Parochiale,* era unha das dióceses menos desenvolvidas de toda a Galaecia. Hemos de ter en conta que, perante a invasión, Braga debeu perdelos seus cartorios e, logo restituída, tivo que valerse dos alleos. Lugo, entroques, debeu de sela diócese galega que mais documentos conservou dos tempos anteriores á vinda dos árabes, cicais antre iles os da mesma diócese de Braga. Diste xeito explícanse os arranxos feitos no *dossier* de Odoario i-o prólogo da *Divisio Theodomiri,* co gallo de sobrepôr Lugo á mesma Braga.

A *Divisio Theodomiri* creemos probabel que fose acordada no concilio II de Braga. Por algo na versión da *intentio* antre os bispos Pedro e Ederonio, que se acha no documento número 21 do *Liber Fidei,* que temos por menos deturpada e mais xenuina, dásenos, como data da *Divisio,* a era DCX, que é o ano 572 de Cristo, no que tivo lugar o devandito Concilio bracarense.

Non empece que suscriban oito bispos no primeiro concilio e doce no segundo, o que, pra Pierre David, confirma a veracidade do devandito prólogo, polo feito de que nil se ordea a creación de novas dióceses, cuios bispos figuran logo no segundo concilio, pois cabe ademetir calquer outra posibilidade, como a de sedes vacantes, ou mais ben unha omisión feita de propósito pra simular a veracidade da suposta carta de Teodomiro na *notitia* que precede á *Divisio.*

Da *Divisio Theodomiri* sacamos en concrusión, como fixo notar o mesmo Pierre David, que as dióceses millor orgaizadas e mais desenvolvidas eran as de entre Douro e Miño: *Brácara, Portucale* e *Tude.*

Braga, o mesmo que Tui, aparte das parroquias, ten ao seu arre-

---

(12) *O bispo de Braga Balconio e a primeira conversão dos Suevos,* Braga, 1929.—A pretensión da primacía das Hespañas, que mais tarde había de manifestar Braga (tal ves xa nôs tempos de Alfonso VI, o que espricaría a xenreira do imperante en Toledo contra o metropolita de Braga), baseábase canónicamente —e o mesmo fixeron Toledo, como capital subrogada da Cartaginiense, Sevilla e Tarragona, inda que un pouco mais serodiamente— en que as primicias da fe entraran pola *Gallaecia.* Santiago, inda que non de grado, veulle a dar argumentos á Braga.

dor varias eirexas (*ecclesias que in vicino sunt*). Ao parescer, nas beiras da mesma metrópoli áchase a parroquia de *Centumcellas*, que o mesmo poidera ser unha vella pousada imperial romana que un mosteiro formado por numerosas *cellas ou eremitorios* (13). Os límites da diócese —proba da aición misionaria dos clérigos bracarenses e cicais de que saíron de Braga, como capital da provincia, os primeiros pregadores do cristianismo— esténdese até os *Equesios*, que se achaban entre as terras do Bibey i-a Limia. Entroques, canto mais lonxe de Braga, a orgaizazón parroquial mais probe se amostra, como vemos na *Egitania* (Idanha) e inda na mesma Iria.

Os límites das dióceses mantivéronse en xeral perante a outa Idade Media. Ourense, Astorga e Mondoñedo —a antiga Britonia— son sin dúbida as que mais cambios esperimentan.

Según o *Parochiale*, a diócese auriense extendíase polos ríos Sil e Bibey, abarcando nos seus límites territorios, coma os Téporos, Gueurros, Pincia, Casaio e Senabria, que xa no século X vemos na pose de Astorga.

Que estos territorios foran apropiados por Astorga parez confirmárnolo a bulda de Pascoal II (documentos 6 e 588 do *Liber Fidei*), de vinte e tres de marzo do ano 1102, na que o Papa manda que Astorga lle restituia a Braga Ledra, Aliste e Braganza, e lémbralle que debe pensar en faguer o mesmo cas parroquias da diócese auriense, que se decía foran invadidas no tempo da desolación polos prestes da eirexa asturicense (*Id ipsum de parrochianis terminis auriensis ecclesie precipimus quos desolationis tempore astoricensis ecclesie sacerdotes invasisse dicuntur*).

O mais certo será quizaives que estos territorios deberon de pasar

---

(13) Polo d-oxe, non é posibel localizar iste lugar. Sería quizaives Tibães? Debía de achar-seperto de Braga, pois ven a seguido da Sé na lista das parroquias, e oxe sabemos como Tibães foi xa un importante mosteiro na época xermánica. O nome de Tibães xurdiría no repoboamento, trala desfeita da invasión agarena.

O *Centumcellas* pode ser unha verba hiperbólica. Na toponimia atopamos paralelos, coma *Centumfontes*, que deu *Centifonts*, que lle foi dado ao lugar onde nasce o río Selva, en Pallars (RAMÓN DE ABADAL, *Pallars i Ribagorza en los siglos IX y X*, in Rev. *Pirineos*, Zaragoza, 1957, páx. 40).

Temos tamén un *Centumcellas*, oxe *Centcelles*, en Tarragona, onde se acha «o conxunto paleocristiano mais importante de España» (PEDRO BATLLE HUGUET, in *Ars Hispaniae*, t. LII, páx. 187).

Na conca do Zézere, perto de Belmonte, fica unha vella torre, chamada de *Centumcellae*, que se cree foi unha *mansio* ou pousada na vía militar de Mérida-Viseu-Braga (Dr. RICARDO BELO, *Nótulas sobre cinco marcos miliarios da vía romana Mérida-Viseu-Braga, encontrados nas proximidades da Torre de Centum Cellae, de Belmonte*, in *Rev. de Guimarães*, vol. LXX, Janeiro-Junho, 1960). Non coído, emporiso, probabel que o *Centumcellas* do *Parochiale* poida referirse ao de Belmonte, pois cai moi lonxe de Braga e fora da diócese metropolitana.

a Astorga no reinado de Alfonso III pra compensala perda que esperimentou cando se crearon as dióceses de León e Zamora (14).

Ourense, como vemos na tantas veces referida *intentio* do ano 1068 antre os bispos Pedro e Ederonio, esténdese logo por territorios que foran de Braga nas *parochias* de *Equesis* e Braganza.

Respeito á referida diócese o Parochiale prantéanos un probrema do meirande intrés, como que pode levar a determinar os orixes da mesma cidade de Ourense. Trátase da *parochia* que se denomina *Palla Aurea*, que se ven identificando ca Limia, sin dúbida pra encher a lagoa do Parochiale, no que se descubre a falla daquela comarca dentro das parroquias da diócese auriense.

Palla é un nome prerromán e coidamos tamén precéltigo, que eiquí ten o siñificado de *cova* e *mina*. Palla Aurea siñificaría, pois, *mina* ou *cova de ouro* (15). E é de ver como o topónimo, no seu segundo elemento, perdura inda en *Oira*, unha aldeíña, a carón de Ourense, na banda dereita do Miño, na que, como noutras parroquias da época suévica, no século X se atopa un mosteiro entón co tídoo de San Silvestre (16).

De que Ourense adequire importancia na época suévica, aparte dunha constante tradizon, témolo testemuño da vella sé de Santa María *Madre*, que conserva aínda na sua fachada dous corpos de columnas de mármore, que, cando menos, poderemos datar no século VI ou VII. Pola sua parte a tradizión, a competencia con Porto, Dume e Braga, pretende que eiquí tivo lugar a conversión do rei Carriarico, co milagre de sandarlle o fillo pola virtude das reliquias de San Martiño traguidas de Tours, i-o do paxe do rei a quen se lle mirrou a man ao coller irreverente as uvas da viña que, asegún nos conta Gregorio de Tours, achábase ás portas da basílica do Santo (17). O certo é que eiquí tivo basílica propia o Turonense, e cicais en ningures foi

---

(14) Un documento de Astorga (*España Sagrada*, t. XVI, Apénd. X) dínos que en tempos de Ramiro II nun concilio devolvéronlle a Astorga as eirexas do territorio de Braganza, Aliste e Senabria, e noutro, as de Trives, Caldelas, Courel, Carioca e Jurres.

(15) *Palla* é usado inda oxe co sinificado de *cova*. Na terra de Lemos a *pala* é un tobo de coelhos (Infor. de D. Cesáreo Saco). Em Muiños atopamos *Pala do Lobo, Pala da Loba* e *Pela do Teixugo;* na terra da Gudiña, *Pala dos Ladrons*, na estrema do Cañizo i-a Mezquita (A. H. P. O., *Apeo de 1819*); outra *Pala dos Lobos*, no monte do Rañadoiro, antre Tamaguelos e Mourazos (A. H. P. O., *Santa Clara de Allariz*, sig. 3, *Apeo de Mourazos*). *Palas de Rei ou do Rei* debeu de telo mesmo siñificado. A verba, como vemos en Estrabon i en Plinio, dóuselle ás baluces de ouro. Certamente, nôs arredores de Oira vense inda oxe as pozancas dos antergos lavadoiros.

(16) Vid. nota 10.

(17) *De miraculis Sancti Martini Turonensis*, lib. I, cap. XI, in E. S., t. XV.

tan honrado como na diócese de Auria, onde inda hoxe a sé e mais vinte e tres parroquias téñeno por titular.

Dume, como é sabido, ven a ser unha eirexa mosterial, cuio abade, investido da dinidade de bispo, apascenta, nun pequeno couto, a carón de Braga, os monxes e vasalos (*familia servorum*), que traballan nas terras do convento (18).

O caso pra nos mais curioso é o da sede dos *Britons*, que dende o Eume até o Eo e inda polas Asturias forman diversas comunidades espalladas por antre as tribus de vellos nomes oestrímnicos (*Lapatianci, Arros, Cabarcos, Albiones*, etc.). Chegan empurrados polos anglo-saxons que no século V ao VI invaden as Illas Británicas. Eiquí, o mesmo que na Armórica, a onde foron no maior número, transfírense cos seus xefes e cas suas formas de vida. No relixioso están gobernados por un bispo, que parez ser ao tempo abade dun gran mosteiro, o *Monasterium Máximi*.

Da importancia das comunidades cristiáns britonienses é un xurdio testemuño a intervenzón do bispo Mailoc, cuio nome céltigo é manifesto, nos dous primeiros concilios bracarenses.

Está por estudar ainda, e cicais non sexa posible pasar de certas hipótesis, mais ou menos probremáticas, o papel dos bretons e especialmente do mosteiro de Máximo na evanxelización do norde da Galecia, que no Parochiale oferécenos somentes unha ou duas parroquias.

Sospeitamos asemade, inda que sexa unha hipótesis tamén aventurada, que á infruencia cultural dos emigrados bretons poidera ser debido o nacemento e difusión das lendas cabaleirescas do ciclo do Rei Artur, antre as que se conta a do Santo Grial, que se sitúa percisamente no norde da mesma Galicia, por onde se espallaron os emigrados bretons. Doutro xeito se non poderá expricar fácilmente a eixistencia de antropónimos, como o de *Genébreda*, que atopamos xa no século X en terras de Celanova, como se pode ver nun documento que se acha no Tombo ou Livro das Datas de Fiães (19).

No Parochiale dánsenos os nomes das parroquias que abranguía cada unha das dióceses. Mais o que ansí denomina o Parochiale son en realidade grandes comarcas ou alciprestádegos, en cuias eirexas, como vemos polos concilios, hai unha comunidade de clérigos dos diversos degraus, presididos polo alcipreste e polo arcediago. Moitas distas canónicas chegan a Outa Idade Média convertidas en mosteiros.

---

(18) Polos acotamentos que se fixeron da diócese de Dume (Vid. *Port. Mon. Hist.*, XVIII ou E. S., t. XVII) sabemos que a xurdizón do bispo-abade estendíase nun pequeno territorio, ás portas de Braga e en redor do convento.

(19) Fol. 60, n.º 189.—«Quod obtinuimus de sucessione genebreda ebbatisse» —dí o doc.—. Trátase dun troco antre o abade de Fiães Diego i-o de Celanova Mamilán. Pró compre faguer inda un estudo diplomático do documento.

Arredor distas eirexas colexiadas levántanse *cellas* e basílicas, que se estenden polas freguesías que se forman nos pagos lonxe das parroquias sob a cura dun presbítero.

A parroquia ven a ser como unha sede en pequeno. Como nas catedrales, a eirexa principal adoita têr ao seu arredor unha basílica e un baptisterio. Diste xeito se nos presentan Coimbra, Ourense e a primitiva Compostela, que nos seus orixes cristiáns (denantes debeu de chamarse *Lobio* ou *Lobia* —téñase presente o *San Fiz de Solovio*—, de onde poidera tamén vir a lenda da raíña *Loba*) tivo unha eirexa cunha canónica, ao par da basílica e un baptisterio (20).

Conforme ao mandato do Apóstolo San Paulos (*Qui altari deserviunt de altari vivunt*), os clérigos viven das obratas e ofrendas, das que, conforme ao canon VII do primeiro concilio bracarense, han de faguerse tres partes: unha pro bispo, outra pros cregos e a terceira pra fábrica da mesma eirexa. No canon XXI prescrébese-o que demonstra que escomenzaran xa os abusos —que as ofrendas non vaian a parar ao crego de semana, o que era motivo de rixas e discordias, polo que deben ir todas á arca común.

Nas eirexas parroquiaes cántanse, o mesmo que nas catedrales, as horas canónicas dos oficios de vespras e maitís, e serven no altar clérigos de tódolos degraus, que dispoñénse diste xeito pra ascender ás ordes maiores. No canon XX do primeiro concilio, pra chegar ao sacerdocio, requérese, polo menos, pasar un ano nós oficios de leitor ou de subdiácono, pra así imporse nas obrigas do ministerio.

Os leitores, orde conferida especialmente aos cantores, teñen a meirande importancia no culto distas eirexas. O canon X do devandito concilio prohíbilles que leven os vasos sagrados e o XI que deixen medralas guedellas conforme ao rito gentilicio», pois, como prescriben os *Capitula Martini* (21) «non convén que os clérigos deixen o cabelo longo e exerciten ansí o ministerio, mais, deben ir con a cabeça tosqueada, orellas descobertas e vestido talar a maneira de Aarón». Emporiso, se temos en conta os mesmos *Capitula Martini*, parez que, coma no Oriente, podían os casados ascender ás ordes maiores (22).

---

(20) Como demonstraremos noutro lugar, o culto do Apóstolo en Compostela é anterior a Alfonso II o Casto, a quen o *fabulador* Pelagio Ovetense lle atribuie a primeira basílica. O mito do descobrimento xurdeu, tal ves nôs derradeiros do século XI, dunha interpretazón do nome de Compostela (*Combustela*, de *combustum*), como derivado de *Campus Stellae*. Denantes deberan de xurdir xa outras lêndas, como a da raíña *Loba* e a da *Arca Marmmorica*, ésta como interpretazón dunha *Amaia Tamarica* ou algo semellante.

(21) Cap. 66.—Vid. PAULIÑOS PEDRET CASADO, *Contribuzón ao Estudo da Historia de Galiza Sobre os «Capitula Martini»*, in *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, t. III.

(22) Cap. 26, 28, 29, 30.

Do predicamento que os alciprestes e arcediagos acadaron nas parroquias suevas constituie un indicio o papel que se lles chegou a asinar na orgaizazón poserior. Os arcediagos converidos en dinidades das sedes caedralicias exercen xurdizón nós seus territorios.

E probabel que nalgúns casos os alciprestes chegasen a ser investidos da dinidade episcopal, a modo dos corepiscopos da eirexa de Oriente. Tal ves diste xeito poderíamos expricarnos certos bispados meteóricos, como *Celenis* e cicais *Magneto*, i-o papel de Idacio na eirexa de Chaves, que, se temos en conta a *intentio* de Pedro e Ederonio, podemos dar coma o mais probabel centro parroquial dos Equesios.

Ademais das eirexas catedrales, parroquiaes e eirexas propias (oratorios ou basílicas) eisisten as eirexas monásticas. O monaquismo debeu de xurdir bastante cedo na Gallaecia, como vemos pelo Itinerario de Egeria, nôs derradeiros do século IV fraira dun mosteiro de virxes, coma os que, según Idacio, destroiron os godos no saco de Braga, e inda mesmo pola *Regula Consensoria* dos monxes priscilianistas (23). No século VI, como nos dan a entender as Regras de San Froitoso e nos poñen de manifesto numerosos restos arqueolóxicos, a vida monástica está espallada por toda a Gallaecia. Sabemos de dous grandes mosteiros, o de Dume e en Britonia o de Máximo, cuios abades están investidos da dinidade e xurdizón episcopal.

A irradiazón relixiosa da vida monástica, por cuio conducto chegaron eiquí moito dos saberes de Bizancio, manifféstase tamén na liturxia. A regra ecresiástica que o Papa Vixílio, en 538, mandou ao bispo bracarense Profuturo, según o canon I do primeiro concilio de Braga, anda misturada con diversas e privadas costumes procedentes en gran parte dos mosteiros. Nistas «privadas costumes» cicais poida acharse a raiz da chamada liturxia bracarense.

O cristianismo está, como vemos, orgaízado na Gallaecia, a base das primeiras eirexas ou comunidades constituídas nos tempos da pregazón apostólica. Mais isto fai que persistan moitas creenzas e praiticas pagans, das que San Martiño nos presenta un coadro coruscante no seu tratado «De Correctione Rusticorum». Iste paganismo larvado foi sin dúbida causa de que o priscilinismo collese eiquí tanto enraizamento.

Despois diste breve percorrido encol da vida relixiosa no século VI na provincia galiciense, penso que nos é dado confirmar de cheo a concrusión que, dende o prano arqueolóxico, que lle fornece a numismática, estabelesce o Dr. Mateu Lopis: Que no reino luso-galaico dos suevos, apesares da apostasía de Remismundo e despois dos nubei-

---

(23) Vid. MARIO MARTINS, *Correntes de Filosofía Religiosa em Braga dos sécs. IV á VII*, Porto, 1950.

ros que se levantaron co priscilianismo, domina socialmente a fe católica (24)). Iste feito trascendental, como salienta o Dr. Francisco J. Velozo, é recoñecido, a pesares do seu romanismo, polo mesmo Idacio, que nos «refere a repressão da seita maniqueia, levada a cabo polos bispos da Galaecia e da Lusitania durante o goberno de Réquila» (25).

O COUTO DE ERVEDEDO, ENCRAVE DE PORTUGAL EM GALICIA

Nas guerras que dende os inicios do Reino de Portugal até a sua definitiva independencia teñen lugar na Raia con Galicia, xoga un papel preponderante un encrave coñecido co nome de Couto e Torre de Ervededo.

As mais vellas noticias que temos diste territorio áchanse num privilexio, dado en León a 2 de febreiro de 1173, polo rei Fernando II xunto ca sua muller, a raíña dona Urraca, a favor do mosteiro de Bieitos de San Paio de Ozo, na terra de Baroncelli, do couto de San Paio de Ozo co campo de Bousés i-os vilares de Videferre, Calvelos, Grandoín, Outeiro Seco, Villarello, Faions, a metade de Vilar de Perdices de frente a Galetea i-os de Fedamis, Outeiro do Infante, Bustelo, Vilela Seca, Campo da Grela, Vilar de Ervededo ca torre chamada de Ervededo, o reguengo de San Estebo cos seus seis casales e mais tres casares do reguengo na vila de Medeiros (1).

E sabido que a terra de Baroncelli dependera do arcebispado de Braga, como que nunha *intentio* entre o metropolitano Pedro y o bispo de Ourense Ederonio recoñécese o dereito de Braga, a pesares de que, por vida de Ederonio, quedaría na pose de Ourense (2). Cicáis viñeron deiquí os dereitos da Sé bracarense a este territorio de Ervededo.

En 1219 Alfonso IX dona a eirexa de Braga e o seu arcebispo don Estebo a vila de Ervededo con todas suas pertenzas e con todo o seu couto como a tiveran xa da sua aboa, libre de toda carga real, de

---

(24) *Nombres de lugar en el numerario suevo y visigodo,* in *Analecta Sacra Tarraconensia,* t. 15, páx. 15.

(25) *A Lusitania Suévico-Bizantina,* in *Bracara Augusta,* vol. III, Outubro, 1950, páx. 252.

(1) Colec. Cronol. Caixa 2.ª n.º 20. Copia en pergameo do ano 1490.

(2) Liber Fidei, doc. n.º

xeito que os seus moradores non fosen ao apelido nin ao castelanaxe nin pagasen pedido nin colleita ao rei ou ao seu rico home ou meiriño (3).

Se temos en conta a alusión que se fai no devandito documento a unha doazón feita anteriormente, temos que supôr que aquela aboa fora a raíña dona Urraca. Expricase ansí como, en 1132 o infante don Alfonso Enríquez fai acotamento da vila de Ervededo pro arcebispo don Paio (4). A iste foi sin dúbida a quen a raíña de Castela, da que fora mais devoto que da de Portugal lle dera iste territorio pra Sé bracarense.

Alfonso X, como rei de Castela e León, por carta dada en Vitoria a 3 de decembro de 1255, por honra do arcebispo don Xohan, faille doazón da metade da moeda dos coutos de Ervededo, Bustelo e Ougela, con todas as regalías que os bispos de León tiñan nos seus coutos (5).

Confirman todos istes privilexios, en 1286 Sancho IV; en 1308, Fernando IV; en 1343, Alfonso XI e en 1380 Xohan I (6).

Do interes que os arcebispos bracarenses tiñan pol-o seu couto de Ervededo danos fé cumprida o foral que, a 11 de xaneiro de 1232, en San Estebo de Chaves da o arcebispo don Silvestre a os moradores do couto, seus vasalos. De todo o pan, e liño terían que darlle a couarta, quinta ou sexta parte, conforme os terrenos; da seda a terza nas folliñas, sin que poidesen vendelas follas das moreiras fora da vila; dos porcos bravos (*porcis montesinis*) que collesen unha espadoa, agás se fose leitón; dos cervos, unha perna, e somentes poderían vendelos ao arcebispo. De colleita darían en cada ano, dende San Miguel ao Entroido unha galiña, unha tega de cebada, unha coarta de viño e tres pans de un almude de trigo, se fosen viudas que non traballasen terras darían somentes un soldo e unha galiña (7).

A pesares de que o couto de Ervededo radicaba en territorio do rei de León a xurdizón foi sempre exercida en nome do arcebispo de Braga que lla daba a un fidalgo en feudo ou en prazo.

No ano 1319, per mandado do arcebispo don Xohan Martínez fíxose entrega a Martín Anes de Sousa da Cámara do couto de Ervededo. En 1333 o mesmo Martín Anes de Briteiros Sousa, alferez del rei e mordomo da raíña dona Beatriz, levantou a homenanxen da torre e couto de Ervededo a Fernan Gonzalez Barrasa (8). Tres anos despois,

---

(3) Rerum Memorabilium, t. III, fol. 1.
(4) Rerum Memorabilium, t. III, fol. 23.
(5) Rerum Memorabilium, t. III, fol. 1 v.
(6) Rerum Memorabilium, t. III, fols. 2 v., 3 v., 4 v. e 5.
(7) Rerum Memorabilium, t. III, fol. 23.
(8) Gaveta dos Coutos, lib. II, n.º 23.

en 1336, el rei Alfonso IV da unha sentenza a favor do arcebispo don Gonzalo Pereira contra a viuva de Martin Anes, dona Branca Lourenza, dando por nulo o emprazamento que se lle fixera ao arcebispo don Xohan Martinez (9).

Alegaba a viuva de don Martín que ela io seu marido «outorgaram ao dito don Joanne, arcebispo de Braga, para a sa capella que fizera na dita igreia para sua sepultura o padroado da igreia de Santiago dalhallariz (perto de Chaves) da qual igreia elles deziam que eran padroeiros en solidum», por tal que o arcebispo, cabildo e dean lles emplazasen o seu couto de Ervedo e Bustelo «en dias de sas vidas danbos e duma pesoa». E pola sua parte o arcebispo «considerando que a terra de Ervededo que he da igreia de braga que era destroida e despoblada e malparada por razón de gentes de León que vieron e vinham por muitas vezes ao dito lugar a destruir a dita terra e matar os homes e a queimalos non avendo a igreia de Braga quem compridamente podese defender o dito logar e porque os ditos don Martin Anes de Sousa e dona Branca sa molher erao totalmente poderosos...», dábanlla aos ditos e a un fillo de ambos. «E porque no dito lugar soliao daver casa de fortaleza que hera hi mui necessaria por razao de maas gentes que hi avinhao fazer mal muito ameudo, o dito don Martín Annes e sa molher deviao de fazer uhma casa de fortaleza no dito logar ata cinquo anos...».

O procurador da Sé pedía, pola sua parte, que o contrato fose nulo por simoníaco. I El Rei, a 7 de agosto do dito ano de 1336 da sentencia a favor da Sé de Braga (10).

Nousantes, o preito proseguía, en nome do fillo de Martín Annes, como vemos polo protesto que en 1339 fixo don Gonzalo Pereira ante El Rei, de que «nao consentía que elle fose seu juiz na causa con Martin Annes de Sousa, sobre o coute de Ervededo». E polo de pronto a Sé non poido entrar na sua pose hasta o 6 de xuño de 1446, en que, estando o arcebispo don Gonzalo no lugar do Souto do couto de Cornellan de Riba de Lima, presentóuse ante il Martín Annes de Sousa pra alzar «o embargo que possera no castelo desmelma que está en no couto de Ervededo», mandando a Fernan Gonzalez Barroso, cabaleiro, que por íl tiña o castelo que lle fixese entrega ao arcebispo, a que nefecto tivo lugar o 22 de xunio (11).

A torre de Ervededo espertaba a cobiza de moitos cabaleiros. Así vemos como en 1428 o vicario xeral da eirexa de Braga, don Xohan Fernandez lanza a sua escomuñon sobor de Gonzalo Pereira pra que largue Ervededo, por «não ser verdadeiro possuidor, senon intrusu

(9) Id. n.º 24.

(10) Rerum Memorabilium, t. III, fols. 11 v.-14 v.

(11) Id. fol. 15.

violento» (12). Non debeu en por iso, de largarlle atorre aquel intruso, por canto vemos como en 14 de marzo de 1458, o arcebispo don Fernando «da entença... a nossa Cámara e couto de Ervededo a Gonzalo Pereira, cabaleiro, señor do couto de Lumiares e fillo de Xohan Roiz Pereira (13).

Por aquela sazón, o arcebispo don Fernando vese forzado a acudir o rei de Castela para que lhe defendesse aos moradores do couto de Ervededo das inxurias dos veciños da Poba de Monterrey. «Sepades —di un alvará de don Xohan II, dado en Valladoliz a 10 de maio de 1639 que don Fernando arzobispo de Braga, me envió fazer relación que como el coto dervededo que es en el reino de Galicia fué dotado a la dicha su iglesia por los dichos reis de gloriosa memoria mis progenitores... diz que vosotros o alguno vos avedes corrido e corredes e tratades mui mal a los vezinos deldicho coto, faziendoles muchas iniurias e deshonras e prizione: e que por ello los vecinos e moradores del dicho coto se van a morar e vivir a otras partes...». E pon de pena contra os transgresores dez mil maravedís a cada uno (14).

Neste mismo ano de 1432, a 28 de febreiro, o arcebispo recibe «menagem» do seu escudeiro Rui Vazquez de Saa, como alcaide da sua torre de Ervededo (15).

Dous anos despois, o 17 de maio de 1434, en presencia de don Alfonso fillo del Rei e conde de Barcellos, do cabaleiro Martín Afonso de Sousa e de Martín Gomez oubidor do señor conde eno «alcazar do castelo» da vila Chaves, Diogo de Medeiros, escudeiro, criado do dito conde, fai «preito e menagem» ao arcebispo don Fernando da torre de Ervededo (16).

Deica o 22 de setembro do ano 1483 non atopamos ningun outro «preito e menagem». No dito dia dentro da torre de Ervededo, didiante de Vasco Martinez de Sousa Chicharro do Concello del Rei e Alcaide Maior da cidade de Braganza, comisionado polo arcebispo de Braga, «Pero Pinto se asentou en giolho ante o dito Chicharro e con as suas maos anbas metidas entre as maos do dito Chicharro disse que elle fazia preito e menagem ao dito Chicharro por a dita torre de a aguoardar de noite e de día... E feita assi a dita menagem o dito Chichrro lhe entregou loguo as chaves da dita torre e o apossou e apoderou della a sahío loguo fora da dita torre e leixou dentro en ella ao dito Pero Pinto con todos seus homens...».

Inda que a torre cuoto de Ervededo era propia da Sé de Braga,

(12) Id. fol. 18.
(13) Id. fol. 18 v.
(14) Id. fol. 18.
(15) Id. fol. 19 v.
(16) Id. fol. 20.

El Rei de Portugal tiña como parte do seu reino. Ansí a morte do arcebispo don Joao Galvao mandóu El Rei a Vasco Martínez de Sousa Chicharro, alcaide mor de Braganza a tomar pose do couto e da torre de Ervededo. Chegou o alcaide «con muitos fidalgos e gente de pe e de cauallo» e requeriu ao escudeiro Pero Fernandez, que tiña a fortaleza por Pero Pinto para a sua entrega. A carta real, dada en Alcobaza a 13 de agosto, mandaballe a Pero Pinto, por cuanto compria ao servicio del Rei, «sen outra dívida nen tardanza», lle faga entrega da fortaleza ao Chicharro. Enton Pero Fernandez se apartou a ler a dita carta e aver concelho que maneira acerca della tería e veo a elle con resposta que elle nen o dito Pero Pinto, pero que elle a dita fortaleza, mas que por ella tinha dada sua menagem a see de Braga..., que quando quer que o Cabido e igreia de Braga lhe quissesen Alçar menagem que lhes o dito Pero pinto dada tinha leixará sua fortaleza despachada e assi se tornou a sua fortaleza a loguo hi de presente pareçeo o honrado Estevao Falcao coniguo em a see de braga ao qual luogo o dito fronteiro fez pregunta dizendo: Estevao Falcao vos trazeis algua provisao do cabido de braga acerca da entrega desta fortaleza que el rei meu señor escrevo ao dito cabido e elles me enviarao dizer que vos tinhao ca a isso enuiado. E o dito coniguo respondeo que ero o que o dito cabido queria. E logo Chicharro leu a carta que lle mandaba o Rei que decía: Chicharro amigo. Nos el Rei uos enuiamos muito sauda. A nosso Senhor prouue ora leuar da vida deste Mundo pera si o Arcebispo de braga dom Joao galuao e porque a nosso seruiço cumpre muito a fortaleza de Ervededo nos ser loguo entregue escreuemos a Pero Pinto que a tem que logo vola entregue e como uos teuerdes entom a entregai a diogo da fonsequa nosso escudeiro a que auemos por nosso seruiço que a tenha a este nella e vos dailhe alguns homens que com elle aiao de estar e requerersse ao Cabido que lhe mande dar seu ordenado e uos tomara o menagem da dita fortaleza o dito dioguo da fonsequa e isto cumpri loguo assi com toda a dilligencia porque cumpre a nosso seruiço, escrita em o mosteiro dalcobaça a treze dagosto. O secretario afon Garcez a fez mil e coatrocentos e outenta e cinco».

Inda que, como coidamos, no fondo había un valor conveñido, o cónego Falcón, voltando polos dereitos do seu Cabido, respondeu que en efeuto recibiran a carta «e que lhe repostaran ao Rei en como a fortaleza era isenta a eirexa de Braga». Logo foise dentro da torre e tomou en nome do seu Cabido pose da fortaleza dediante do tabeliòn e de Pero Fernandez fixo inventario das armas e das demais cousas e denda torre tioulle ao fronteiro moor unha cédula de protestación que decía: «Eu Esteuao conigo en a see de Braga suficiente procurador dela e suas dinidades a Cabido para o auto presente ao requerimento pello mui nobre senhor Vasco Martins de Sousa Chicharro alcaide moor de Brangança e fronteiro moor na comarca de tras os mon-

tes por el rei nosso senhor em suio nome me o dito requerimento faz diguo que considerando en como el Rey nosso senhor e mui catolico e mui fiel cristao e assi amador da justiça que consentir non pode que pessoa algua en seus reinos possua o alleo antes mui compridamente en seu reinos e senhorios os grandes e pequenos riquos e pobres com temor da suo justiça uiuen quietos e dormen seguros mais que longa memoria nos pode acordar nao se pode crer que a dita fortaleza manda requerer se nom pera della dispor como seguramente em quanto a igreia de Braga estuer a see vagante se possa guardar a dita igreia e Arcebispo vindouro...». Seguidamente pideu ao fronteiro que lle deixase tirar as armas e aquel respondeu que «a fortaleza nao se podia goardar sen armas e mantimento, mas que todo se posesse en inventario para quando se a fortaleza entregasse a dita igreia se entregar todo...». En presencia de Xoan de Mendoza alcaide moor e capitan da vila de Chaves; Xoan de Chaves, seu Almoxarife ena dita vila e Frederique Lopez de Albin e Gonzalo Guedes, fidalgos da casa de El Rei.

A intrusión dos reis de Portugal na xurdizon e señorio do couto e torre de Ervededo prosigue deica o século dezasete, en que, a consecuencia da guerra da independencia de Portugal a Sé de Braga perdeu para sempre o territorio que lle deron os reis de León en terras de Galicia. Ervededo tiña para a croa de Portugal un indabel valor como avanzada en territorio de cote enemigo.

BRACARA AUGUSTA, actas do Congreso de Historia de Portugal medievo, 1963, pp. 372-377.

OS TOPONIMOS GROU, GROVE E GROVA, TOMBO E TERIÑUELO

A raíz indoeuropea *gr-* ten o siñificado de fartura, grandor, espesidume, montón i-outros semelhantes.

Atopámola en voces de siñificazón puramente material, como *grao* (a semente grosa ou chea), *granxa* (sitio onde se xuntan os graos), *grave* e *grande*, que craramente indican o grandor ou prenitude, ansí coma noutras de simpres siñificazón moral, como *gracias, gratitude, grato*, etc., polas que se eispresa a fartura do espritu polo ben recebido.

Na Galicia e aínda en Portugal atópanse dabondo os topónimos *Grou, Grove* e moito mais aínda o de *Grova*. Quixeron alguns darlles un siñificado xentilicio, referido aos *grovios* ou *gravios* do *Conventus*

Bracarum, que se achaban na comarca inferior do Miño, nos arredores ou a beira do *Castellum Tyde* ou *Tude* (1).

Coídamos emporiso que polo feio de atoparse espallados por terras antre sí lonxanas non é eiquí posibel a referencia xentilicia. De por parte, a calquera lle pode ser doado achar, como se dixéramos *in situ*, o siñificado concreto distes tres nomes sin ter que pensar nôs *grovios* ou *gravios*, de que nos fala Plinio (2).

Grou é nome que inda hoxe leva unha ave do Norde de Portugal. Adoito danse topónimos reefridos á animales que vivos ou mortos foron atopados nun logar que de entón en diante gardou a memoria daquil achádego. *Niño da Aguia, Salto do Can, Pena do Lobo, Pena da Anduriña, Boimorto, Golpellás, Coelleira, Teixugueira, Boutureira, Coruxeira, Cigoñeira, Aña comesta, Lagoa da Vaca*, etc., etc., trannos lembranzas de certos bichos-aguias, raposas, cigoñas, bóitores, teixugos, etc., que un día —fará cicáis moitos séculos— acougaron naquil logar que inda oxe leva o nome diles.

O grou, coma o graxo, é ave de amplo prumaxe e pernas longas. Deiquí lle veu pois o nome, coma o de *graeci* lles foi dado aos helenos polos pobos de Italia, que os tiñan por soberbios e inchados.

O grou non acostuma aniñar na Galicia. Atópase por vegadas nôs pobos da Raia. Exprícase por ende que os topónimos de *Grou* e *Niño de Grou* veñan a caír perto da Fronteira, asinaladamente nas terras de Lobeira e da Xironda. Emporiso o paxaro no seu voo debeu de chegar á terras mais afastadas, pois perto de Cea, a uns 30 kms., por enriba de Ourense, atopamos refencias á un *Niño de Grou*, en documentos do mosteiro de Oseira.

Non menos corrente tivo que ser o topónimo de *Grove*, inda que non ande nôs *Nomenclátores*. Na mesma forma atópase no idioma inglés co sinificado de bosco, espesidume, e coído que no mesmo senso foi empregado na toponimia galaico-portuguesa. Abonda pró caso unha referencia que se acha no Livro das Datas de Fiaês, nun documento do ano 1225, pelo que Pedro Alvares e a sua muller Orraca Veegas donan ao mosteiro de Santa María de Fiaês a coarta parte «de Avelaeira cum sua rotea et medietatem grove cum suo sauto» (3). Grove e souto, como vemos, son eiquí a mesma cousa.

Mais corrente é aínda o nome de *Grova*. Ducange (4) dalle o siñificado de foxo ou gávea. Pro se ollamol-os cantos onde se achan as grovas, atopámon-os con que veñen a ser uns fondales ao xeito de unhas pequeniñas fragas.

---

(1) Vid. Antonio Garcia Bellido.—*La España del siglo primero de nuestra era, según P. Mela y C. Plinio*. Col. Austral, n.º 744, p. 247, nota 140.

(2) *Naturalis Historia*, lib. IV.

(3) N.º 101.

(4) *Glossarium Mediae et Infimae Latinitatis*.

Non teremos logo que pensar nôs *grovios* cando nos atopemos cos topónimos de *Grou, Grove* ou *Grova.*

TOMBO E TERIÑUELO

Nas terras de Salamanca as mámoas ou dólmens coñécense, antre outros, cos nomes de *teriñuelo, tiriñuelo, turuñuelo* e *turruñuelo.* O P. César Morán (5) coida que os devanditos nomes poideran vir de *terra* ou de *terriculum,* pantasma. Tal derivazón non sería posibel, inda que apelásemos a unha falsa etimoloxía popular.

Polos abondosos documentos de apeos, que van dende o século X ata o XVIII, vemos que as mámoas adoitan achares e nas estremas ou lindes dos territorios. Esto responde a unha antiquísima costume da que nos falan os gromáticos Sículo Flacco e Xulio Frontino e que vemos consagrada na lei *De Sepulcris* do Emperador Tiberio. Era un xeito de facer sagrada a terra, como dixo Plinio (6).

As mámoas sirviron, pois, de términos e, sin dúbida, eiquí é onde temos que buscar o verdadeiro orixe da verba *teriñuelo.* Do feito de que sirvisen de términos veu o que se lles dese o nome de *terminiolos,* de onde, por metátesis, a través dun *terimniolo,* saíu a forma *teriñuelo.* En *turruñuelo* é de supor, en troques, unha contaminazón ca verba *turre,* porque, asegún o mesmo P. Morán, aos dólmens naquilas terras chamáronlles tamén *torres.*

Na toponimia de Galicia, aparte da voz *mámoa* (de *mamola,* que en castelán deu *mambla* e *mamblilla*), á que alude á forma eisterior dos túmulos, atópase a de *tombo,* que deriva craramente de *tumulo,* montón. Nun apeo do couto de Covas, preto da vila de Cea, feito no ano 1737 polo mosteiro de Oseira, áchase o *Prado do Tombo,* que é de supôr aluda á un vello túmulo. Unha *tumulatura* —en romance *Tumbadura*—, que acusa, sin dúbida, un campo de mámoas, figura como límite antre o couto de Cabry i-a freiguesía de Cumbraos (*Colimbrianos*), na demarcazón que en 1243 fixo o mosteiro de Sobrado (7).

Tumbos chamáronse tamén os libros ou cartorios que conteñen escrituras de bens e privilexos, polo feito de formar un montón de escrituras, non porque estivesen tumbados, como inda se ven dicindo nôs nosos Manuales de Diplomática Paleográfica.

---

(5) *Reseña Histórico-Artística de la Provincia de Salamanca.* Universidad de Salamanca, 1946.

(6) Vid. JESUS FERRO COUSELO.—*Los Petroglifos de Término y las Insculturas Rupestres de Galicia.* Orense, 1952.

(7) «Archivo Regional de Galicia, Monasterio de Sobrado, *Tumbo del coto de Cabruy*». Doc. public. in *Petroglifos de Término...*, p. 212.

DISCURSO PRONUNCIADO POR D. JESUS FERRO COUSELO EN PADRON CO GALLO DA ENTREGA DO «PEDRON DE OURO» 1965 A D. ISIDRO PARGA PONDAL. (23 de Maio de 1965).

Miñas Donas, meus Señores, Padroeiros do Pedrón de Ouro, Amigos e veciños:

Eiquí na miña terra, a carón da casa onde finou a nosa santa Rosalía, venme a lembranza dos meus tempos de rapaz, en que, rubindo polos montes pra encher a ialma ca divina paisaxe da incomparabel ría do Ulla e do gran mar de Arousa, acompasaba o engado dos ollos co relembro daqueles cantares que a inmorrente cantora adicou á terra dos seus antergos, da que ela, como séculos denantes o conquense Baltasar Porreño, poido decir tamén que non hai «sol que millor paisax alume».

¡Sol de Italia, sol de amore»...
¿Ti paisax millor alumas?
¿Ti mais rosas, mais verdore,
millor ceu, mais soave core
ves do golfo antre as espumas?

Polas frolidas veigas de Cordeiro e Campaña i-os herbales de Laíño; pola ponte de San Lois, sobor das puras e brilantes augas; en derredor do «cimiterio encantador» da Adina, e a traveso das rúas disa «fada branca ao pe dun rio», Padrón, «ponliña verde», na calada noite, como «folliña seca», solermiña, vaga a soma da nosa Rosalía.

Coido que millor fora que os louvores dista terra fosen ditos por alguén da xínia de Rosalía, Rodrigues do Padrón ou Macías. Non hai en min mais tídoo que o de ser nado nistas ribeiras. Pro trátase de honrar co símbolo, que é razón da nosa estórea, a un esgrevio fillo da terra de Breogán, e tiña de sere un iriense dunha das duas bandas do mar quen erguese a sua voz pra decirlle ao meirande esculcador da telúrica de Galicia —a pequena Francia, que dixo o noso Johán Rodrígues— que os penedos onde predicou a Apóstolo, o penedo onde foi amarrada a barca, i-a barca de pedra que nos trouxo o corpo santo, queren, no día doxe, rendirlle a mais afervoada homaxe a sua laboura i-a sua sabencia.

Padrón, a vella Iria, xurdeu dun campamento romano. Porén, non foi de ahí de onde lle veu a sua sona. De cheo entra nos eidos da estórea e da lenda con a fe de Cristo.

Nos tempos dos suevos atopámonos con que eiquí ten a sua cabeza unha das mais eistensas dióceses da Gallecia. Os seus bispos séntanse nos concilios de Braga e Toledo.

Padrón, xa dendes a Outa Idade Media, preside como vila mariñeira, os portos do mar da Arousa.

Mais voltemos ao noso «padrón», o padrón de pedra e o padrón de ouro.

Cando por ves primeira ouvín falar do «Padroado do Pedrón de Ouro», matinei naquela cabaleiría do «Siervo Libre de Amor» do poeta Xohán Rodrigues do Padrón. O «pedrón do ouro» cicais sería aquel gran penedo do porto do Murgadán —o noso Padrón—, a onde, como outro Uliseo, chegou aquil Lamidoras, que fora o mais fidel ayo do grande e infortunado amador Andarlier.

Nefeuto, eiquí atopámonos con mais de un padrón famoso: o meirande, aquel no que ten os seus alicerces o convento do Carmo, e que foi cantado polo bon Cura de Fruime; a chamada «pedra da barca», onde din que foi amarrada a que trouxo o corpo do Apóstolo, i a pedra con feitío de ara, que se acha embaixo do altar moor da eirexa do Señor Santiago, padroeiro da nosa vila. Pedras dabondo pra tecer unha lenda dourada, ben axeitada pra engayolarnos nos misterios dos vellos tempos.

No escudo da vila pode verse o «pedrón» como amarradoiro da barca do Señor Santiago. O «pedrón» é, pois, o noso símbolo. Emporiso, cómpreme decir eiquí, inda que ¡afellás! pro caso ven a sere a mesma cousa, que aquela pedra de ara, quizaives adicada ao deus Xúpiter, chamouse mais ben «padrón». O padrón, antre nos, é sempre unha pedra que se pon como moimento. Foi deiquí de onde se tirou o nome que hoxe leva a vila. Somentes, por esta razón, a pedra do «pedrón» faise merescente de ter un padroado.

Mais é-nos xa doado que falemos de quen vai a sere honrado co símbolo do «pedrón», por lle ter adicado, feliz coincidencia, tódolos folgos da sua vida ás pedras no seu ser nativo.

Non hai en toda Galicia nin fora dela quen mais saiba das nosas pedras que o Dr. Isidro Parga Pondal. Somentes il pode darnos a mais cumprida noticia de cómo se formaron os ríos, os vales, i-as montañas da nosa terra. Mais de cen traballos leva xa pubricados encol da nosa xeoloxía. E agora, como frol e froito distas inquedanzas e labouras, escomenza a darnos os mapas xeolóxicos de toda Galicia.

Como en frase ben feliz dixo un padroeiro diste Padroado, que nos a acotío deleita cas suas parolas nos xornaes: A ninguén millor se lle podía conferir o pedrón de ouro que a aquil que millor coñece as nosas pedras.

E eu, en nome do «Padroado do Pedrón de Ouro», en nome de toda a terra de Iria i en nome da Galicia dos bos e xenerosos, que dixo un ilustre devanceiro do Dr. Parga, cuia memoria fai poucos días celebramos, dende eiquí fágolle presente a gratitude de todos nos, polo seu afán e laboura en prol do coñecemento da nosa Terra.

O MAGOSTO DO SEÑOR SAN MARTIÑO

Polos soutos i-os curutos dos montes, mozos e vellos andan ledos e algareiros, enredor das fogueiras.

Antre as moxenas, ruben e escentilean as labaradas de fogo.

Renxen e estoupan as castañas e ao ar vanse os aturuxos, os alalás i-as cantigas.

O Señor San Martiño
é un santo milagreiro,
tróuxonos as castañas,
pan e viño i-o pandeiro.

O Señor San Martiño, padrón sabido, estende oxe a sua capa rachada sobor do vello Ourense, que, agradescido, érguelle un afervoado e lanzal Magosto ao seu bó e leal padroeiro.

XEIRA A CASTRELO DE MIÑO, RIBADAVIA, FRANCELOS E MELON

ITINERARIO

Santa María de Castrelo de Miño.—Fermosa eirexa, que conserva uns ousos do mais puro estilo románico de derradeiros do século XII.

Erguese nun outeiro, sobor da veiga de Castrelo, hoxe asulagada por mor dunha central hidroeléctrica.

No século X houbo alí un mosteiro, no que coídase rematóu os seus días como freira a raíña dona Goto, viuva de Sancho Ordóñez, rei de Galicia.

Ribadavia.—Vila noutrora en toda Europa famosa polos viños da comarca do Ribeiro, aquel «bon viño» que nunha das suas Cantigas lembra o rei don Alfonso o Sábeo.

Unha lenda, moi querida dos ribadavienses, dínos que tivo eiquí a sua corte o rei de Galicia don García. O certo é que o burgo de Boubou foi poboado nos tempos do emperador Alfonso VII.

Do seu vello fastixio quedan os restos do seu imponente castelo, que levantaron nos derradeiros do século XIV os Sarmientos, logo condes de Ribadavia, e as eirexas de San Xohán, Santiago e a Oliveira, as tres románicas, i a de Santo Domingo, oxival, unha das meirandes e mais artísticas daquil estilo en toda Galicia.

As rúas e praciñas da vila conservan todo o vello engado dunha vila meieval, que a fixo merescente de ser decrarada «Conxunto Monumental».

San Xes de Francelos.—Francelos, a 2 kms, de Ribadavia, no chan que se chamóu de Valparaiso, foi na época visigótica un centro político e social de importancia, como que chegóu a acuñar moeda nos tempos de Suinthila e Chindaswinto. Alí houbo, xa no século X, un mosteiro, do que cicáis son restos os da aitual capeliña, que, asegún don Manoel Gómez Moreno, emparéntase co arte asturián.

Na fachada, cunha porta de lintel adoelado, xa moderno, baixo un arco de meio punto, un pouco peraltado, vense unhas esceas en relieve, que poden ser a da entrada do Señor en Xerusalén i a de Balaán detido polo anxo.

Nunha das bandas atópase unha fiestra de arco de meio punto, con celosía de pedra con furados, que asomellan como duas frores abertas, a na cima tres arquiños de ferradura e arrodeando, unha corda e un talo de ondas sobor do que pousan dous paxariños.

O Mosteiro de Santa María de Melón.—Fundado a mediados do século XII, axuntáronselle, pouco despois do seu nascemento, os mosteiros de Santa María de Barcia de Quines e da San Miguel de Caes, véndose logo dono de moitas terras no Ribeiro, Achas, Petán e Louriña, e nas ribeiras do mar de Vigo e Redondela. A vila de Vigo na sua meirande parte foi do dominio de Melón.

Do vello mosteiro románico queda somentes parte da eirexa, na que o mais notabel é a xirola, semellante á de Oseira e feita couforme á da eirexa matriz de Claraval. As abóvedas son oxivaes de diversos períodos dende o século XIII ao XVI.

PENEIRA DOS DIAS

DONA TEREIXA, FUNDADORA E RAIÑA DE PORTUGAL *

A criazón do Estado Portugelense, o mesmo que do de Galicia, co nome de condado, responde por un lado á conceición imperial de Alfonso VI, tan avencellado pola Casa de Borgoña á monarquía imperial do Capetos, e por outro á unha viva realidade histórica, que dende os

---

* Na revista «Bracara Augusta», coma os demáis traballos que foron lidos no «Congreso Histórico do Portugal Medievo», que tivo lugar en Braga do 6 ao 10 de novembro de 1959, inda que con grandes deficencias, foi pubricado este breve estudo encol dos orixes de Portugal (vol. XIV-XV, janeiro-dezembro de 1963).

Ben sei que a epopeia que se fixo arredor do rei Afonso Henríquez, impídelles a moitos sair dos carreiros da historia oficial e negan ou minimizan o papel da infanta pra a cal foi creado o condado que ela tornóu en reino.

suevos persistía nas terras de antre Douro e Miño. Portugal, inda que *ad mitum*, viña sendo gobernado por condes, e, como se ve polas crónicas e polos documentos privados insertos nos Tombos, en todo o territorio portugalense e bracarense hai unha forte concencia de *patria*. Ansí, cando o noso Xelmírez fuxíu cas reliquias das eirexas de Braga o pobo laiábase de que lle levaran «os santos padroeiros, defensores da Patria» [1], e de cote nas suscricións de documentos do século XII atopámonos con referencias á «patria portugalense»: *Regnante rege Alfonso portugalense patria, et rege Fernando legionense privinciale*, di, por exempro, antre outros, un documento do Livro das Datas do mosteiro de Fiaes [2].

Temos, pois, que en Portugal —concretamente nos territorios bracarense e portugalense— había xa un sentimento nacional cando o «imperante en Toledo» crióu nil un Reino-Condado. Moi poucos anos denantes, os portugalenses deran xa vivas mostras dos seus anceios de liberdade, revoltándose sob o mando do conde Nuno Menéndez, escontra do rei don García [3].

Inda que con tídoo de conde, don Enrique é un soberano *pleno iure*, como na Francia o conde de Borgoña ou o duque de Normandía e non coma os que había inda entón i os que foran denantes nas mesmas terras portugalenses. Xunto ca súa muller, «filla do groriosísimo emperador das Españas», tén *iure hereditario* o poder do *regnum*: *Regnantes* —como se dí no foral de Tavares— *in Portugal et in Strematura, Colimbria, Viseo et Seia* [4].

Parez afellas estrano cómo dona Tereixa, após a morte de don Enrique, non emprega nos estormentos o tídoo de *comitissa*. Prosigue a chamarse *infans*, como «filla do Emperador Alfonso». E que o poder, de dereito, cómprelle somentes ao seu fillo, xa que o condado fora criado polo Emperador a nome de don Enrique e a «título hereditario». O fundamento do exercicio do poder estaba por un lado na

---

O fillo entroques inda que logo conquireu a independencia do seu reino, chegóu a facerse co poder a custa da treición á súa propia nai, o mesmo que fixera o seu curmán ca súa nai dona Urraca. I é de notar que, se non fora pola circunstancia de que o condado de Galicia, creado tamén polo «imperante en Toledo», non houbera recaído na mesma persoa que herdóu os reinos de León, Galicia houbera, polo menos, encetado un camiño semellante ao do condado portugalense.

[1] *Historia Compostelana*, lib. I, cap. XV.

[2] *Doc.* núm. 18 do ano 1184.

[3] *Chronica Gotorum.*

[4] *Portugaliae Monumenta Historica. Leges*, 2.ª pars., páx. 359. O poder do *regnum* era distinto do poder do *imperium*.

Ambos termos son usados entón no senso en que aparecen nas Corónicas: o *regnum* é o poder supremo, o *imperium* é simpremente o poder de mando

minoridade de Alfonso Enríquez e por outro en que, inda que non de modo espreso, fóralle dado aquil territorio *sub specie dotis*. De eiquí o tidoarse somentes infante e filla do groriosísimo emperador. Emporiso, pared seguro, como dí a Corónica de Alfonso VII [5], que á morte de don Enrique, de contado escomenzaron os portugelenses a darlle o tídoo de Raíña. A mesma Compostelana chámalle *domina totius Portugaliae* —señora de todo Portugal—, cando, en 1116, na campaña do conde don Pedro, aio de Afonso Reimundez, sitia á súa irmá Urraca en Sobroso [6].

A partir de 1118, tódalas Chancillerías, o mesmo reales que ecresiásticas, parecen estar de acordo en darlle o tídoo de Raíña. No documento de préstamo que o arcebispo don Pedro fai no dito ano ao bispo de Salamanca don Xirome do territorio dende a eirexa de Aquedute até o Esla figuran antre os testigos a *Regina Tarasie* e Menendo Feisón, *notarius domine regina* [7]. Mais non hai dúbida de que o metropolitano don Pedro tiña o meirande interés en afastar do primado de Toledo á sede bracarense, polo que xa se gañara noutro tempo a xenreira do emperador toledán. As ciumes antre Braga fixeron máis que de abondo pra asegurar o novo reino, como tamén as pretensións de Compostela a ser metrópoli de Galicia.

Pra o caso tén máis valor un documento da Chancillería Real de León, que se ven datando no devandito ano. Trátase dunha carta de inmunidade dada pola raíña dona Urraca aos frades e ao prior do Convento e albergueiría de Santa María do Monte Sispiazo da Orde Militar de Santiago, na que suscriben dona Urraca co seu fillo, como reises de León e Toledo, e dona Tereixa, como raíña de Portugal: *Regnante regina domina Urracha cum filio meo in legione et Toledo et regina domina Therasia in Portugal.*

Se damos creto ao devandito documento, dona Tereixa naquela data era recoñecida por raíña de Portugal, mesmo pola Chancillería de Toledo.

Emporiso, dous anos despóis, dona Tereixa ve no meirande perigo o seu reino. No seu afán de restituír á «patria portugalense os territorios de alén Miño, que, conforme ao *Parochiale Suevicum*, lle pertencían á sé bracarense, invade a Limia e Toroño na Galicia. As tropas portuguesas, contraatacadas, recúan deica o Douro. O intre foi de veras apurado pra a raíña de Portugal. O arcebispo de Braga aquil Paio Menéndez —*quidam idiota*, ao decir da Compostelana—

---

[5] *España Sagrada*, t. 21, páx. 348.

[6] *Lib.* 1.º, cap. CXI.

[7] CONSUELO GUTIERREZ DEL ARROYO. *Privilegios Reales de la Orden de Santiago en la Edad Media*, núm. 6. Copia en papel, do século XVIII e traslado no *Tumbo Menor de León*, lib. II.

corre a pórse aos pés dos leoneses, co gallo de asegurar os privilexios da sé que il ocupaba. Dona Urraca, tidoándose *Regni Spanie Regine*, xuntamente co seu fillo Afonso Reimúndez, confírmalle o couto da Sé [8].

Se temos en conta a confirmación que en 1128 fai de novo o infante Afonso Enríquez, na que dí que a devandita carta de confirmación fora tamén corroborada por il, xuntamente con aquiles, en presencia do arcebispo de Compostela [9], os reises de León non tencioaban acabar co reino de Portugal, senón somentes restituír ao infante na súa herdanza, o que nos confirma tamén na ideia de que o partido do infante xurdira xa entón en Portugal, en contra da raíña dona Tereixa, pro que contaba ca axuda de León, que pretendía restituír a legalidade que quebrantara a mesma dona Tereixa.

Como é sabido, gracias a Xelmírez, daquela poido dona Tereixa salvar a súa coroa. Con razón Herculano [10] sitúa niste intre, perante o sitio de Lanhoso, aquela famosa e inexpricábel concordia antre dona Urraca e dona Tereixa, esquirta nun latín bárbaro, alleo ao estilo das chancillerías, que, en forma inacabada, se acha no *Liber Fidei* [11]. Nil dona Urraca comprométese, coma boa irmá, a amparar e defender a dona Tereixa, dándolle territorios e cidades en terras moi afastadas de Portugal.

Polo feito de atoparse no Cartorio da Sé e en outra parte ningunha podemos supor fundadamente que se trata dunha simpre minuta pra unha proposición de paz, exarada polo mesmo arcebispo don Paio, a quen, pola súa treición, había de pór logo en prisión a mesma raíña.

O partido do Infante, apoiado polos Menéndez e gran número de fidalgos, medraba de día en día. Os ánimos estaban alporizados polo valimento do galego Fernán Pérez. E o goberno da «fermosa raíña» —*Venusta Regina*—, coma se lle chama n *Vita Sancti Geraldi* [12] tivo remate definitivo no Campo de San Mamede.

O papel que a Eirexa de Braga tivo no conquerimento da «terra portugalense» por parte do Infante, a custa daquela infanta que dun condado fixera un reino, vese craramente na carta de couto que, a 26 de maio de 1128, lle fai o infante ao arcebispo don Paio: *Et quando habuero portugalensem terram adquisitam civitatem tuam et sedem tuam et ea que ad eam pertinent tibi tuisque successoribus et clericis*

---

[8] Arquivo distrital de Braga, *Livro das Cadeias*, núm. 92.

[9] Id. *Colec. Cronológica*, caixa 1.ª, núm. 9.

[10] *Doc.* núm. 592, fol. 153. Pubric. BRANDÃO, *Monarquia lusitana*, liv. 8 e HERCULANO, *Historia de Portugal*, t. I, páx. 499.

[11] *Port. Mon. Historica*, LXI, *Scriptores*, páx. 55, núm. 8.

[12] Doc. 415, fol. 117.

tuis pro anima patris mei et pro remedio anime mee et ut sis adiutor meus...

A reivindicación do poder por parte do infante don Afonso é somentes a tídoo de herdeiro do conde don Enrique. Polo de pronto, non podía tomar tan axiña o tídoo de Rei, aparte de que dende os muros de Guimarães fixéralle menaxen ao rei de León. Non toma, emporiso, o tídoo de conde, que lle non podería abrir camiño nas súas ambicións. Cómprelle intidoarse infante, fillo da raíña dona Tereixa e neto do groriosísimo emperador. Así coma así, non podía ir contra a lexitimidade que il mesmo invocaba. Tiña que agardar un intre máis doado. E cando chegóu, invoca o feito de ser fillo dunha raíña e neto dun emperador.

GRIAL, 46 outubro, novembro, decembro, 1974

A MIÑA CATIVA LEMBRANZA DE CASTELAO

Ahí vos vai iste traballiño, curto e ben cativeiro (pregáronme que non fose longo).

Vai a modo de notas, pois, pra meterse máis a fondo, compría un estudo de cara á obra do noso artista, tanto no terreo literario coma no das artes plásticas e do dibuxo, o que, por mor do tempo e das circunstancias, me non é hoxe doado. Somentes pra encher unha obriga que, coido coma ós demáis, tivo a ben me impor a nosa Academia, inda que pouco é que poderíamos apreixar en dúas follas.

E feito iste breve cumprimento, imos ó desenrolo do tema que tiven a ben de escoller, por serme cicáis o máis doado.

De Castelao sempre lembraréi aquelas tan animadas parolas que nos daba en col do arte escenográfico do teatro ruso, nas xuntanzas que tíñamos por aquel entón no Café Cristina da rúa do Arenal de Madrid (facía pouco que estivera en Rusia); aqueles «mitins» que engayolaban ós nosos paisanos e un feito que tivo lugar en Pontevedra, cando o 7 de decembro do 1931 no Gran Salón do Hotel «Madrid», perto da vella Estación do Ferrocarril, foron discutidos os Estatutos do Partido Galeguista, creado naquela data. A rente de Castelao, un dos concurrentes tivo un desmaio. Todo apurado, pidéu que se chamara a un médico e alguén que alí estaba, ó seu carón, preguntóulle: «E logo tí ¿qué es?». A resposta foi: «Pois xa me esquecera de que o fora e de que seique o son aínda».

Castelao, como todos sabemos, era licenciado en Meiciña, pro entón exercía como funcionario de Estadística, en Pontevedra, como

profesor de Dibuxo no Instituto de Enseñanza Media. No café «Moderno» ¡cántas vegadas tivemos a sorte de escoitar a súa parola, sempre encendida e engaiolante prós seus ouvintes!

Unha das súas derradeiras «cousas», que non vos son ningún conto, ocurréu en Buenos Aires, onde lle foran con certos falares encol de un seu vello amigo, que lle non sentaron alá moi ben. Estaba cáseque nas últimas do seu mal e, no leito da súa dolor, tivo unha lembranza pra Pontevedra dos seus amores. Ao Rodolfo Prada, que ficaba ó seu carón, díxolle daquela: «Quixera inda poder chegarme a Pontevedra pra ir a darlle unhas boas lapadas e logo unha moi forte aperta». ¡Ansí era de bón e xeneroso!

BRAG, Enero 1975, núm. 357

XESUS FERRO COUSELO

No mencer do día 23 de abril finóu na súa casa natal de Cordeiro-Valga esta prestixiosa figura da pescuda histórica de Galicia. Colaborador de «Grial» e Conselleiro da Editorial Galaxia dende a súa fundación, cantos convivimos con el nos eidos do traballo e da amistade sentímonos abaneados pola anguriosa nova do seu pasamento. Coa perda do home, galego deica os calcaños, perde a nosa cultura e perdemos todos nós a presencia activa dunha persoalidade intelixente e xenerosa que tantos servicios prestóu ao seu país.

Ferro Couselo nacera no ano 1906. Formouse na Universidade Pontificia e na Literaria de Santiago de Compostela. Despóis de se licenciar na Facultade de Filosofía e Letras andivo a preparar oposicións a cátedras de Instituto. Ao producírese a guerra española interrumpíronse éstas. Ingresóu máis tarde no Corpo de Arquivos, Bibliotecarios e Arqueólogos, pasando a residir en Ourense deica a hora da súa morte. Aquí creóu o Arquivo Histórico Provincial, facendo un abondosísimo acopio de documentación moi interesante que xacía esparexida e desconocida.

No 1962, Ferro foi promotor do actual Museu Arqueolóxico Provincial e o seu direitor deica o día mesmo do seu pasamento. Dirixíu a «Revista del Museo Arqueológico» e posteriormente o «Boletín Auriense». Colaboróu nunha chea de publicacións e fixo moitas pescudas nos arquivos de Lisboa, Braga, Oporto, no Histórico Nacional, nos de Simancas e Indias i en todos os de Galicia.

Antre as súas obras máis destacadas figuran os *Petroglifos de término*, que foi a súa tesis doutoral, e *A vida e a fala dos devancei-*

ros. Esta derradeira abranguería varios volumes, dos que se publicaron soio dous. No primeiro deles recóllense 129 documentos redactados en galego, dos séculos XIII ao XIV; e no segundo, 475 relativos ás terras de Ourense, que veñen ser unha verdadeira descrición da vida da cidade ourensá no século XV.

Uns meses antes de se finar, Xesús Ferro Couselo mandounos, co desexo de que se inxerisen nas páxinas de «Grial», as dúas cartas que agora reproducimos, en galego unha e a outra en latín. E xa que en vida non puido ollalas co seu texto impreso, publicámolas agora como homenxe á súa memoria.

CARTA DE X. FERRO COUSELO A PACO DEL RIEGO

Ourense, Nadal do 74

Querido Paco:

Ahí che vai esa cativa mostra do meu longo lecer e repouso que me trai o inverno. Coido que o rillarás todo moi doadamente. Advírtoche, se non, que quedan aínda algúns sabidos mestres en Santa Thioloxía e na Filosofía perenne, que che farán comprender, polo menos, o senso do que aquí esbardallo na língoa dos nosos vellos devanceiros de fai cáseque dous milenios.

Ca millor amistade, mándache este mangado de verbas, nun feixe ben levián, que pra tí enxergóu este xa *vello* amigo, que o é tamén polos longos anos decorridos dende que, na fermosa terra de Iria, veu a luz primeira, cáseque ao carón da casa onde viveu, padeceu e morreu a nosa Santa Rosalía, que había de me enseñare a coñecer e amar á Nai Galicia.

Unha forte aperta de

X. F. C.

Dominis mihi dilectisimis:
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco
PIÑEIRO LÓPEZ, Raimundo
GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga

propter quandam distincionem cuidam eorum, merito concessam

DE AMICITIA ALQUE HONORIBUS EPISTOLA

a FERRO COUSELO, Domino Jesu, exarata et conscripta, apud Auriensem oppidum, decimo kalendas decembris, anno a Dominica Nativitate fere duo et millessimo, adhuc vecissímo sexto nondum incoepto.

Carissimis:

Nihil aliud, tota mea iam longa vita, feci, quam adimplere munera mihi conlata.

Propter hoc, numquam ab honoribus abhorrui, qui ab aliis eorum civibus, sua industria et labore, acquisitis, solent dari.

Caetera antem nihil vere proficient ad vitam, longo otio et libenti animo, augendam.

Haec dico ut, qui, sicut a Marco Tulio in suo *De Amicitia* tractatu postulatur, voluntate plena et spontanea, mihi amicitiam praes tare velitis, ne prohibeamur plena et vera vita feliciter degenda ad omnium indefectibilem utilitatem.

¿Quid enim prastantius quam amicitia, in qua duo unum dici possunt ut munera, quae ab illis publice eis sunt conmissa, adim pleantur?

Memini enim eorum qui suam vitam et laborem proximis suis omnino praebent, beneficiis ab illis obtentis, republicae favere ad eius incessabilem posperitatem consequendam.

Quandoquidem, veteribus temporibus, honores obsoleti, ut Livius in suo *De Bello Punico*, ait. Fortasse autem, hodie valde prodige ac profuse dantur per favorem ab amico faciliter adempti. Vera autem amicitia non tenemur si reipublicae ea, quae ei aliter interesse credimus, vere non favere iudicentur.

Omnia quae de Amicitia et Honoribus credebam utilem et verum sic iam dictum est.

Eapropter tibi laqueum Ordinis Adephonsi, cognomine Sapientis, ad honorem et in amicitiae affectionis que praeclarissimun omnium horum amicorum rogo vobis velis enim in pectore inserere tibi possim.

Vos, enim, potestis dicere, mei veri amici, mihi praebuistis laborem ut hac distinctione honorari possim ob merita conquisita in librorum Bibliotheca exstructa a insigni viro PENZOL apellato, valde omnibus nostrorum carissimo.

Auriae datum, die mense, anno iam dictis, meas huic instrumento manus libenter apposui. Volumus postremi sciatis nullum honorem nobis cariorem quam qui ex iusta et recta amicitia procedit.

Omnes valeatis, vobis, toto corde, exoptat.

IESUS FERRO COUSELO

GRIAL, núm. 48, abril-xuño 1975

XESÚS FERRO COUSELO

Maceda

3/I/1975

Maceda ten un castelo ergueito sobor doutro de tempos moito máis lonxanos, que chegou nada menos que ós do Rei Santo. Viezmas, Nóvoas e outros fermosos linaxes achegan eiquí as pedras escuadradas pra erguer o pazo e maila torre. Os Irmandiños, nos derradeiros do século XV, tencian acabar cas casas fortes, acubillo de asasinos e ladroeiros. Os Nóvoas ven pois derrubarse o seu castelo.

No século XVI, faise da torre un pazo, corte de trobeiros coma nos tempos do Rei Sabio. Veñen logo tempos esquecidos das vellas glorias e a Casa Forte devece nas súas barbacanas e nos seus adargues. Un pazo da renascenza loce ansí, no longo val, cas súas solainas de fermosas columnatas e balaústres. É que inda veñen os seus condes ás cazatas; fóranse pra terras estranas e logo xa non voltarán máis, porque xa non hai porcos bravos nin cervos nin tan siquera coellos. Condes palatinos soamentes saben servir ós reises nos seus pazos.

Fóronsenos os condes, Maceda quedouse cos seus alfareiros de Niñodaguia e Tioira que levan o nome dista fermosa terra por toda a Galiza.

Hoxe volta a súa mocedade a soñar nos camiños da Galiza: Mocedade macedán, limiaos da Serra de San Mamede, límicos da montana, terra que en tempos foi unha gran lagoa, que dou arrieiros, na que barrosos habían de faguer as oliñas e os pucheiros que se espallan por toda Galiza levados polos arrieiros a lomo das súas bestas.

Vós sodes inda mozos, mocedade inqueda, os que ides tamén polas feiras da nosa Galiza cas escudelas pró bon viño que arrequenta o corpo. Sodes os que chegades derradeiramente a darnos mostras de que sentides en galego como os nosos devanceiros. Eu ben quixera vervos *endiantados* como foron algúns dos vosos condes que existiron na feudal Galiza. Endiantados tamén da xustiza, os homes da terra que fuxen dela na percura dun bocadiño de pan pra tapar a boca dos famentos. Cicais volverán algún día, os mozos de Maceda, ó val onde foron nados para deica chegarse ó San Mamede e pregar pra que non nos falte o pan nin a xustiza.

Afonso o Sabio, inda que non fose eiquí nado, adeprendeu eiquí a máis belinda fala pra falarlle á gloriosa Santa María nos seus inesquecibles milagres.

Dona Violante, raíña doente de amor polo seu home, vén dende Rozavales a traguernos a meirande ledicia no culto á Nai do Ceo

polos seus santuarios das montanas dos Pirineos, onde lle tocou a derradeira camiñata prá vida de sempre perdurabel.

A Rozavales foron logo rendas das terras de Maceda. Dona Violante non botou en esquecemento os favores daquelas terraíñas. Ermidaños chegan de lonxanas terras pra honrar os miragres da Virxe e xurde ansí a Eirexa dos Miragres que outea no extenso val.

Xuventude macedán que percorrades o camiño da terra cara ós tempos que foron no que se ouzaron os fermosos falares da máis fermosa das falas do latín.

Se ansí o faguedes, rebuldeiros, voltarán na Santa Compaña, ás ánemas dos devanceiros que se decataron de que a Terra é inmorrente na súa vida e na súa fala.

E ren máis.

BIBLIOGRAFIA

BIBLIOGRAFIA

OBRA EN GALEGO:

Ano 1932

«O Xénesis e as primeiras dispersións dos pobos. LOGOS. Boletín Católico mensual. 20 agosto 1932, p. 120-123.

«¿Unha sustitución de nomes? LOGOS. Boletín Católico mensual. Pontevedra. 21 setembro 1932, p. 140-141.

«Vemposta». LOGOS. Boletín Católico mensual. Pontevedra. 21 setembro 1932, p. 141.

Ano 1936

«Rúas vellas de Tui». TUDE. Año II, abril 1936, n.º 4.

Ano 1952

«Grandeza e fin da Casa e Torre de Marceo». POSIO, ARTE Y LETRAS. Orense, enero-diciembre 1952, n.º 13-24, p. 48-49.

«O mar chamado da Arousa». RIANXO. Suplemento de Sonata Gallega. Rianxo. Fiestas de la Virgen de Guadalupe. 1952.

Ano 1957

«O Deus Bandua da Veiga». HOMAXE A FLORENTINO L. A. CUEVILLAS. Vigo. Editorial Galaxia. 1957, p. 111-117.

Ano 1958

«Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego». HOMENAXE A RAMON OTERO PEDRAYO. Editorial Galaxia. Vigo. 1958, p. 251-253.

Ano 1962

«A eirexa suévica no século VI». BRACARA AUGUSTA. Braga. 1962, 15 p.

Ano 1963

«O Couto de Ervededo, Encrave de Portugal em Galicia». BRACARA AUGUSTA. Actas do Congreso Hitórico de Portugal Medievo. 1963, p. 372-377.

Ano 1965

«Os topónimos Grou, Grove e Grova, Tombo e Teriñuelo». *Actas do Congresso Internacional de Etnografía*, promovido pela Câmara Municipal de Santo Tirso, julho, 1963, vol. III, Lisboa, 1965, p. 1-4.

Discurso como Mantedor da entrega do «Pedrón de ouro» 1965 a D. Isidro Parga Pondal (inédito).

Ano 1967

«O Magosto do Señor San Martiño». PROGRAMA IV FESTA DO MAGOSTO. 11-XI-1967. Ourense.

Ano 1969

«Xeira a Vilar das Donas e Portomarín, 18 de Xullo, mes do noso Señor Sant-Iago, do ano 1969. Itinerario». AGRUPACION CULTURAL AURIENSE.

Ano 1974

«Dona Tereixa, fundadora e raíña de Portugal». GRIAL, N.º 46, octubro, novembro-decembro 1974, p. 468-471.

Ano 1975

«A miña cativa lembranza de Castelao». BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, t. XXXII, n.º 357, p. 39-40. La Coruña, 1975.

«Carta de X. Ferro Couselo a Paco del Riego». GRIAL, n.º 48, abril-xulio 1975, p. 243-4.

Discurso pronunciado por D. Jesús Ferro Couselo en Padrón co gallo da entrega do «Pedron de Ouro» 1965 a D. Isidro Parga Pondal (23 de maio do 1965). Inédito.

OBRA EN CASTELAN:

Ano 1935

«El formalismo en la escolástica». TUDE. Año I, n.º 1, abril. Tuy. 1935.

«¿A dónde va el mundo...? TUDE. Año I, n.º 2-3, mayo-junio. Tuy. 1935.

«La Peña Encantada». TUDE. Año I, n.º 2-3, mayo-junio. Tuy. 1935. (En colaboración con José Fernández Vázquez).

Ano 1936

«El tudense Francisco Sánchez, médico y filósofo». TUDE. Año II, n.º 4, abril. 1936.

Anos 1941 a 1944

«Museo Arqueológico de Orense. Su historia. Sus fondos y Biblioteca». MEMORIAS DE LOS MUSEOS ARQUEOLOGICOS PROVINCIALES. Vols. II, III, IV. Madrid. 1941-1943.

«Constitucionales y Realistas. Los Comuneros de Valdeorras». BOLETIN DE LA COMISION DE MONUMENTOS DE ORENSE. T. XIV. Orense. 1943-44.

«La Capilla y Santuario del Santísimo Cristo de la Catedral de Orense». BOLETIN DEL MUSEO ARQUEOLOGICO PROVINCIAL DE ORENSE. Orense. 1943, T. I, p.5-68. (En colaboración con D. Joaquín Lorenzo Fernández).

«En torno a las Bibliotecas y el saber». LA REGION, 1-V-1943. Orense.
«Lo qué significa la fiesta del libro». LA REGION, 1-V-1943. Orense.

Ano 1946

«Rodríguez Pazos, P. Manuel, O. F. M. El Episcopado Gallego». BOLETIN DE LA COMISION DE MONUMENTOS DE ORENSE. T. XV. 1946. Orense. 1946.

Ano 1947

«Comentario histórico, bibliográfico y arqueológico a la Exposición». LA REGION. 1-V-1947.
«Necesidad de un Palacio de Archivos, Bibliotecas y Museos». EL PUEBLO GALLEGO. Fiestas del Corpus. Orense. 1947, p. 12.

Ano 1948

«Cómo nació el Seminario de Orense». LA REGION, 19-III-1948.

Ano 1949

«El 'paso' del Cristo en la Semana Santa». LA REGION, 19-V-1949.

Anos 1950-1951

«La torre de Quitapesares y el Duque de Arjona». BOLETIN DEL MUSEO ARQUEOLOGICO PROVINCIAL DE ORENSE. T. VI, 1950-1951. Orense.
«Personalidad y obra del historiador D. Mauro Luzón de Castellá Ferrer». 1951. (Discurso de ingreso na Academia Galega).
«Nosa Señora da Barca. La Monarquía y el Santuario». Prólogo a *La Santísima Virgen de la Barca y su Santuario*, de Vicente González Lorenzo. Orense. Imp. Otero. 1951.
«Cosas y linajes del viejo Orense. Los Guadalupe». POSIO, ARTE Y LETRAS, n.º 1, enero 1951. Orense.
«Sobre el Orense primitivo». POSIO, ARTE Y LETRAS, n.º 2, febrero, 1941. Orense.
«Los Monasterios de Oira y Requeixo y la Capilla de Santa Catalina de Reza a Vella». POSIO, ARTE Y LETRAS, n.º 3-5, marzo-mayo, 1951. Orense.
«Por qué el P. Feijóo nació en Casdemiro». LAR. Buenos Aires, n.º 213, julio 1951.
«Pardos y Bazanes. 'Un irracional disenso'». POSIO, ARTE Y LETRAS, n.º 6-12, junio-diciembre, 1951. Orense.

Ano 1952

«Un milagro de S. Rosendo en el siglo XVII». POSIO, ARTE Y LETRAS, n.º 13-24, enero-diciembre 1952. Orense.
«Dos magistrales estudios de toponimia». (Joseph María Piel. Nomes de possessores latino-cristâos na toponimia asturo-galego-portuguesa. BIBLOS. Coimbra. 1948, vol. XXII e Os nomes dos Santos tradicionais hispánicos na toponimia peninsular. BIBLOS. Coimbra, 1950, vols. XXV-XXVI). POSIO, ARTE Y LETRAS, n.º 13-24, enero-diciembre 1952. Orense.
Los Petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia. Orense. 1952. 266 p. 3 h.

«Fiesta y sermón de los gallegos de Veracruz el 25 de julio de 1795». LAR. Buenos Aires, n.º 224-225, 25 julio 1952.

Anos 1953-1954

«El Orense romano». Programa de Fiestas de Orense. 1953.

«Alberto Vilanova Rodríguez. Vida y obra de Manuel Curros Enríquez». POSIO, ARTE Y LETRAS. 1953-4. Orense.

«Orense en las memorias célticas de Bullet». POSIO, ARTE Y LETRAS. 1953-4. Orense.

«Los romances y los libros de caballería en la onomástica personal gallega de los siglos XV y XVI». POSIO, ARTE Y LETRAS. 1953-4. Orense.

Ano 1955

«Visión urbanística del Orense antiguo. La ciudad en sus orígenes y en su desenvolvimiento hasta el siglo XIX». LA REGION. Edición extra 9-VI-1955. Orense. (Hay otra edición de Vigo, Artes Gráficas Galicia. 1988).

«La Trinidad y su atrio». EL PUEBLO GALLEGO. 5-VII-1955.

Anos 1957-1958

«Ribadavia en sus orígenes». VIDA GALLEGA, 2.ª época, n.º 728, XI-1957. Lugo.

«Orígenes de la ciudad y Diócesis de Orense». Conferencia en el Orfeón Unión Orensana, el 27-XI-1957. Resumen en La Región de 28-XI-1957.

«D. Mauro de Luzón Castellá Ferrer, Paladín del Apóstol Santiago». COMPOSTELLANUM. Vol. II, n.º 2. Santiago, 1957.

«El Convento de Santo Domingo de Orense». BOLETIN DE LA COMISION DE MONUMENTOS DE ORENSE. T. XIX. 1957-8. Orense.

«Del Porto Iriense a la Malatería. Notas sobre los orígenes de Puentecesures». LA NOCHE. Santiago, 6-IX-1958.

«Santa María Madre y el viejo Estudio de Gramática». EL PUEBLO GALLEGO. Extra, 1958.

«La Catedral de Orense en su arquitectura y en su historia». LA REGION, 29-VI-1958. Orense.

«Comedias y saraos en las fiestas de antaño en Orense». LA NOCHE, 21-VI-1958. Orense.

«Un día en Orense». VIDA GALLEGA, 2.ª época, n.º 735, VI-1958.

Ano 1959

«Dos bibliotecas y dos bibliotecarios en Orense». LA REGION, 23-IV-1959.

Ano 1960

«Galicia y Orense en la época de Velázquez». LA REGION. Orense, 22-IV-1960.

«Arte y Artistas en Orense en la primera mitad del seiscientos. Antonio de Puga, pintor orensano en la corte de Felipe IV». LA REGION. Extra Fiestas. Orense, 29-VI-1960.

«Orense, ruta turística». EL PUEBLO GALLEGO, 29-VI-1960.

«Orense, ciudad monumental y turística». LA REGION. Extra Fiestas, Orense, 29-VI-1960.

Ano 1961

«Las 'cosas' de Orense. Sus orígenes y monumentos». FIESTAS DE ORENSE, del 25 de junio al 2 de julio. 1961.

Ano 1962

«Estado del Monasterio de San Martín de Afora de la ciudad de Santiago, según una información procesal dada en 1262». COMPOSTELLANUM, vol. VII, n.º 2. Santiago, 1962.

«El Santo Cristo de Orense». FIN DE SEMANA. Orense, 20-IV-1962.

«Santa Comba de Bande». FIN DE SEMANA. Orense, 27-IV-62.

«Santa María la Real de Osera». FIN DE SEMANA. Orense, 11-V-1962.

«Desde Santa María Madre a la Catedral». FIN DE SEMANA. Orense, 22-VI-1962.

«Del viejo al nuevo Orense. La Plaza de San Martín y las Burgas». LA NOCHE, 24-VI-1962. Santiago.

«La Plaza de San Martín y las Burgas». FIN DE SEMANA. Orense, 13-VII-1962.

«Santa Cruz de Arrabaldo y su iglesia románica». FIN DE SEMANA. Orense, 3-VIII-1962.

«El Palacio de los Armada en la plazuela del Cid». FIN DE SEMANA. Orense, 24-VIII-1962.

«Los Remedios». FIN DE SEMANA. Orense, 7-IX-1962.

«Valores y posibilidades turísticas de la riqueza monumental y artística de Orense». FIN DE SEMANA. Orense, 14-IX-1962.

«La Trinidad y su atrio». FIN DE SEMANA. Orense, 19-X-1962.

«La Capilla de San Miguel de Celanova». FIN DE SEMANA. Orense, 19-X-1962.

«La gran piedra de armas del Pazo de Meréns (Cortegada)». FIN DE SEMANA, 9-XI-1962.

«El magosto y su significado». FIN DE SEMANA. Orense, 9-XI-1962. También FARO DE VIGO. Vigo, 13-XI-1964.

«La iglesia de Santo Domingo de Orense». FIN DE SEMANA. Orense, 17-XI-1962.

«En torno a una puerta románica de la antigua iglesia monasterial de Junquera de Espadañedo». FIN DE SEMANA. Orense, 24-XI-1962.

«La iglesia monasterial de San Payo de Abeleda». FIN DE SEMANA. Orense, 1-XII-1962.

«Una cantiga de Pero Meogo, poeta del siglo XIII». FIN DE SEMANA. Orense, 15-XII-1962.

«El ara a las Ninfas de las Burgas». FIN DE SEMANA. Orense, 22-XII-1962. También FARO DE VIGO. Vigo, 13-XI-1964.

Ano 1963

«Comedias, danzas y otros regocijos en las antiguas fiestas de Orense». LA NOCHE. Santiago, 28-VI-1963.

«Orense, punto de partida de importantes rutas turísticas». LA REGION. Extra Fiestas. Orense, 29-VI-1963

«Las rutas del Sil. La Ribera Sagrada». LA REGION. Extra Fiestas. Orense, 29-VI-1963.

«De las antiguas Caldas al nuevo Orense». Programa Fiestas de El Puente. 1963.

«Riqueza histórico-artística de Orense». I ASAMBLEA PROVINCIAL DE TURISMO DE ORENSE Y EL PUEBLO GALLEGO, 6-X-1963.

«Orense, ayer. Romanticismo». FARO DE VIGO. Edición extra. Vigo, 1-XII-1963.

Ano 1964

«La restauración de la iglesia de San Tomé de Piñeiro». DIARIO DE PONTEVEDRA. Pontevedra, 8-XI-1964.

«El magosto y su signiifcado». FARO DE VIGO. Vigo, 13-XI-1964.

«Los problemas en cuanto a los orígenes de Compostela». LA REGION. Orense, 31-XII-1964.

DEL ORENSE MONUMENTAL. (Sobre dibujos de Conde Corbal). Orense. Caja de Ahorros Provincial de Orense. 1964.

Ano 1965

«La cuestión de la limpieza de sangre en la muerte del Papa León X (1513-1521)». COMPOSTELLANUM. Vol. X, n.º 1. Santiago. 1965.

«Temas Jacobeos. La 'Pedra da Barca' y la 'Barca da Pedra'». DIARIO DE PONTEVEDRA. Pontevedra. 21-III-1965.

«Fonte do Carmen, en Padrón». DIARIO DE PONTEVEDRA. Pontevedra. 21-III-1965.

«Caminos de Peregrinación por tierras de Orense». FARO DE VIGO. 25-VII-1965.

«El 'Arca Marmórica' en la realidad y en la leyenda». EL CORREO GALLEGO. 1-VIII-1965.

Ano 1967

«Monjes y eremitas en las riberas del Miño y del Sil». BRACARA AUGUSTA. Actas do Congresso de Estudos da Comemoracâo do Centenario da morte de S. Fructuoso. T. I, vol. XXI. Braga. 1967.

Ano 1969

Numerosos comentarios a fotografías de monumentos, rincones y paisajes de la capital y provincia en los periódicos locales orensanos La Región y Hoja del Lunes.

Ano 1971

«La 'Tessera hospitalis' del Castromao». En colaboración con Joaquín Lorenzo. BOLETIN AURIENSE. Orense, T. I. 1971, p. 9-15.

«Las obras del convento e iglesia de Montederramo en los siglos XVI y XVII». BOLETIN AURIENSE. Orense, T. I. 1971, p. 145-186.

«Sicenata Pacata». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. I, p. 285-288.

CERAMICA GALLEGA. Catálogo I. Mostra de Cerámica Galega. Orense, julio, 1971. En colaboración con Anselmo López Morais.

Ano 1972

«Gente llana con ventura». Los Boanes. BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II. 1972, p. 7-73.

«Una lápida con el onomástico 'Orius'». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II. 1972, p. 336-7.

«Un cuadro del pintor orensano Antonio de Puga en el Museo de Orense». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II. 1972, p. 338-9.

«Un relieve popular de 'San Autelo'». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II. 1972, p. 340-1.

«Utiles paleolíticos de 'As Eiroás' (Orense)». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II, 1972, p. 321-2.

«Cerámica campaniforme de Maus de Salas». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II, 1972, p. 323-5.

«Un ara a 'Sanctae Deanae'». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II, 1972, p. 326-8.

«Estatuas sedentes y una columna miliaria de Xinzo de Limia». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II, 1972, p. 329-335.

«Ell vaso eneolítico de Xendive». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II, 1972, p. 342.

«El legado 'Parada Carballo'». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II, 1972, p. 343.

«El Grupo 'Marcelo Macías'». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. II, 1972, p. 344-5.

«El canónigo compostelano Ribadeneira, Oidor y Regente de la Rota Romana. Su correspondencia con el Obispo de Orense D. Dámaso Iglesias (1827-29)». COMPOSTELLANUM. Santiago. 1972. Vol. XVII, p. 117-162.

Ano 1973

«Monte Córdoba, priorato de San Rosendo de Celanova en Portugal». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. III, 1973, p. 7-13.

«Hidrónimos galaicos (Notas para un estudio sobre el significado de los nombres de algunos ríos de Galicia)». BOLETIN AURIENSE. Orense T. III, 1973, p. 123-130.

«D. Pedro Ventura de Puga. Un Plan de desarrollo para Galicia en 1832». BOLETIN AURIENSE. Orense, T. III. 1973, p. 154-169.

«Ventanal prerrománico del antiguo monasterio de Bembibre (Viana do Bolo)». BOLETIN AURIENSE. Orense, T. III, 1973, p. 176-8.

«Apostillas a un Catálogo de los pergaminos monacales de la Catedral de Orense». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. III, 1973, p. 184-6.

«La nueva Coelia: Celanova». LA REGION. Orense. Extra Fiestas de Celanova. 12-VIII-1973.

«La iglesia y monasterio de Montederramo en inminente ruina». TEMAS DE ARQUITECTURA. 1973.

Ano 1974

«La Monja de San Payo». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. IV, 1974, p. 67-81.

«La romanización en la parte bracarense del Sur de Galicia». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. IV, 1974, p. 255-259.

«El topónimo 'Bousés'». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. IV, 1974, p. 260-1.

«Guía abreviada del Museo Arqueológico y de Bellas Artes de Orense». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. IV, 1974, p. 199-237.

Ano 1975

«A miña cativa lembranza de Castelao». BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA. La Coruña. T. XXXII, n.º 357. 1975, p. 39-40. «El monasterio de San Salvador de Vilaza en tierras de Baronceli». BOLETIN AURIENSE. Orense. T. V. 1975, p. 37-41.

«El sitio de Badajoz. Diario del General Lèry». BOLETIN AURIENSE. T. V. 1975, p. 43-85.

«Carta a Francisco Fernández del Riego, Raimundo Piñeiro López, Olga Gallego Domínguez». GRIAL. Vigo, n.º 48, 1975, p. 244. (En latín).

Archivo Histórico Provincial de Orense. Catálogo de libros de la Sección de Clero. Madrid. Ministerio de Cultura. 1980. 268 p.

Jesús Ferro Couselo. *Tumbo de Fiães: Transcripción. Introducción, edición e índices. Aser Angel Fernández Rey.* Ourense. Museo Arqueológico Provincial. 1995.

INDICE

LIMIAR ... 5
A peripecia vital de Ferro ... 7
A OBRA ... 12
REMATE ... 26
CARGOS E HONRAS ... 26

TEXTOS

O XÉNESIS E AS PRIMEIRAS DISPERSIÓNS DOS POBOS ... 31
MISCELANEA ... 34
¿Unha sustitución de nomes? ... 34
VEMPOSTA ... 35
RÚAS VELLAS DE TUI ... 35
GRANDEZA E FIN DA CASA E TORRE DE MARCEO ... 36
O MAR CHAMADO DA AROUSA ... 37
O NOSO PASADO HISTORICO, VISTO POR FERRO COUSELO, por Salvador Lorenzana ... 38
Perfil ... 38
Cabo ... 41
O DEUS BANDUA DA VEIGA ... 41
CÓMO E POR QUÉ OS ESCRIBANOS DEIXARON DE EMPREGAR O GALEGO ... 46
A EIREXA SUEVICA NO SECULO VI ... 48
O COUTO DE ERVEDEDO, ENCRAVE DE PORTUGAL EM GALICIA. 59
OS TOPONIMOS GROU, GROVE E GROVA, TOMBO E TERIÑUELO. 64
Tombo e teriñuelo ... 66
DISCURSO PRONUNCIADO POR D. JESUS FERRO COUSELO EN PADRON CO GALLO DA ENTREGA DO «PEDRON DE OURO» 1965 A D. ISIDRO PARGA PONDAL. (23 de Maio de 1965) ... 67
O MAGOSTO DO SEÑOR SAN MARTIÑO ... 69
XEIRA A CASTRELO DE MIÑO, RIBADAVIA, FRANCELOS E MELON ... 69
Itinerario ... 69
PENEIRA DOS DIAS ... 70
Dona Tereixa, fundadora e Raíña de Portugal ... 70
A MIÑA CATIVA LEMBRANZA DE CASTELAO ... 74
XESUS FERRO COUSELO ... 75
CARTA DE X. FERRO COUSELO A PACO DEL RIEGO ... 76
XESÚS FERRO COUSELO ... 78
Maceda ... 78
BIBLIOGRAFIA ... 81
Obra en galego ... 83
Obra en castelán ... 84

Rematouse de imprentar
no obradoiro de
«Gráficas do Castro/Moret»
no mes de maio de 1996
vísperas do
DIA DAS LETRAS GALEGAS

R
B

Bibliot
EAL A
GAL
A CO
370

ga Gallego Domínguez

XESÚS FERRO COUSELO